

# Contos da arcea

Guy de Maupassant

Tradución de Rodrigo Vizcaíno



# Guy de Maupassant

## Contos da arcea

Versión galega de Rodrigo Vizcaíno

### A arcea

O vello barón dos Ravots fora, durante corenta anos, o rei dos cazadores da súa rexión. Pero, dende había cinco ou seis anos, unha parálise nas pernas craváao na súa cadeira de rodas polo que só podía disparar ás pombas dende a xanela do seu salón ou dende o alto da súa grande escalinata.

O resto do tempo, lía.

Era un home de trato amábel en quen aínda se conservaba moito do espírito ilustrado do século anterior. Encantábanlle os contos, sobre todo os pícaros, e tamén as historias verdadeiras ocorridas no seu entorno. En canto un amigo chegaba á súa casa, preguntáballe:

- E logo, que hai de novo?-

E sabía interrogar como se fose un xuíz de instrución.

Nos días de sol facía rodar ata a porta a gran cadeira de rodas, semellante a unha cama. Un criado detrás del sostíña os fusís, cargábaos e dáballos ao seu amo; outro empregado, escondido nun macizo, soltaba unha pomba cada certo tempo, a intervalos irregulares, para que o barón non estivese previsto e se mantivese atento.

E, da mañá á noite, disparaba ás rápidas aves, lamentándose cando se deixara sorprenden e escarallándose de risa cando o animal caía verticalmente ou daba algunha volta inesperada e divertida. Daquela, volvíase cara ao mozo que cargaba as armas e preguntáballe, sufocado de alegría:

- E este, Joseph! Viches como caeu?-

E Joseph respondía invariabelmente:

- Si, o señor barón non falla nin unha!-

En outono, na tempada de caza, invitaba, como nos vellos tempos, os seus amigos e amaba escoitar as detonacións. Contábaas, feliz cando se precipitaban. E, pola noite, esixía a cada un o fiel relato da súa xornada.

Entón permanecían tres horas á mesa falando das escopetadas.

Tratábanse de aventuras estrañas e inverosímiles nas que se compracía o carácter presuntuoso dos cazadores. Algunhas eran tan célebres que se repetían con regularidade. A historia do coello que o pequeno vizconde de Bourril deixara escapar no seu vestíbulo facíalles escarallar da risa todos os anos do mesmo xeito. Cada cinco minutos un novo orador afirmaba:

- Escoito: “birr! birr!” e unha magnífica compañía aparece a dez pasos. Afino a puntería: pin! pan! e vexo caer unha choiva, unha verdadeira choiva. Había sete deles!-

E todos, marabillados, pero reciprocamente crédulos, se extasiaban.

Existía na casa un vello costume chamado o “conto da arcea”.

Cando chegaba o momento de que esta raíña da caza pasase, todas as ceas repetían a mesma cerimonia.

Dado que o barón adoraba esta ave, cada noite servíase unha para cada convidado coa instrución de deixaren as cabezas sobre unha fonte.

Daquela o barón, oficiando coma un prelado, ordenaba que lle trouxesen un prato cun pouco de manteiga e untaba coidadosamente as preciosas cabezas sosténdoo polo extremo da delgada agulla que lles servía de peteiro. Un cirio aceso estaba pousado preto del mentres todos calaban coa ansiedade da espera.

Logo collía un dos cranios preparados deste xeito, fixébaos sobre un alfinete que cravaba sobre unha cortiza, mantendo todo en equilibrio por medio duns escarvantes cruzados coma un péndulo, e colocáboos delicadamente no colo dunha botella a modo de torniquete.

Todos os convidados contaban xuntos, con forte voz:

- Un, dous, tres!-

E o barón, cun golpe do dedo, facía xirar vivamente o xoguete.

Aquel comensal a quen sinalase o longo e afiado peteiro convertíase no dono de todas as cabezas, deleite exquisito que provocaba a denteira dos veciños.

O barón collía entón unha a unha as cabezas e asábaas sobre o cirio. A graxa crepitaba, a pel dourada botaba fume e o escollido polo azar adentaba o cranio ensebado sosténdoo polo peteiro mentres emitía exclamacións de pracer.

E con cada mostra de satisfacción, os convidados, levantando as súas copas, bebían á súa saúde.

Finalmente, cando rematara a última cabeza, e seguindo as ordes do barón, debía contar unha historia como indemnización para os que non tiveran tanta sorte.

Velaquí algúns deses relatos.

## **Ese porco de Morin**

*A M. Oudinot*

### I

- Alí o tes, amigo meu -dixen a Labarde-, pronunciaches de novo esas catro palabras: “ese porco de Morin”. Por que díaños nunca oín falar de Morin sen que se lle trate de “porco”?-

Labarbe, actualmente deputado, miroume con grandes ollos de asombro.

- Como? Non coñeces a historia de Morin, sendo de La Rochelle?-

Confesei que non coñecía a historia de Morin. Entón Labarbe refregouse as mans e comezou o seu relato.

- Coñeciches a Morin, non é? Lembras a súa gran mercería no peirao de La Rochelle?-

- Si, perfectamente.-

- Ben, pois saberás que en 1862 ou 63 Morin foi pasar quince días a París, por pracer, ou polos seus praceres, co pretexto de renovar as súas provisións. Sabes o que é, para un comerciante de provincia, quince días en París. Iso mételle a un o fogo no sangue. Todas as noites os espectáculos, os roces coas mulleres, unha continua excitación do espírito. Un tolea con iso. Só se ven bailarinas en mallas, actrices escotadas, pernas torneadas, ombreiros abundantes, todo case ao alcance da man, sen que un se atreva ou poida tocalo. Apenas se saborea, unha ou dúas veces, algún manxar menor. E un marcha de alí co corazón aínda trastornado, a alma excitada, cunha especie de necesidade de bicos que fai cóxegas nos beizos.

Morin estaba nese estado cando colleu o seu billete a La Rochelle, para o expreso das 20:40 horas. Paseábase, cheo de remorsos e confusión, pola gran sala de espera dos ferrocarrís de Orléans cando se detivo de golpe diante dunha moza que bicaba a unha anciá. Recollera o velo do seu sombreiro e Morin, encantado, murmuraba: “caramba, que bela é!”

Cando ela se despediu da vella, entrou na sala de espera e Morin seguiuna; pasou pola plataforma e Morin aínda a seguiu; finalmente subiu a un vagón baleiro, e Morin sempre a seguiu.

Había poucos viaxeiros no expreso. A locomotora pitou; o tren partiu. Estaban sós.

Morin devorábaa cos ollos. Ela parecía ter dezanove ou vinte anos; era loura, alta, de aspecto atrevido. Enrolaba en torno ás súas pernas unha manta de viaxe e tendíase sobre os asentos para durmir.

Morin preguntábase: “quen será?” E milleiros de suposicións, milleiros de proxectos

pasaban pola súa mente. Díciase: “cóntanse tantas aventuras dos ferrocarrís. Pode que esta sexa unha destinada a min. Quen sabe? Quizais a sorte me sorría pronto. Podería bastar con que fose audaz. Non era Danton quen dicía: ‘audacia, audacia e sempre audacia’? Se non era Danton, era Mirabeau. En fin, que importa. De todos os xeitos non teño esa audacia, velaí o *quid* da cuestión. Oh, de sabermos, de podermos ler nas almas! Aposto que pasamos todos os días, sen nos decatar, ao carón de ocasións magníficas. Pero bastaría un xesto para indicarme que ela non o quere doutro xeito...”

Entón supuxo combinacións que o conducirían ao triunfo. Imaxinou o comezo dunha relación cabaleiresca, pequenos servizos que lle serían correspondidos, unha conversa intensa, galante, rematando cunha declaración que terminaría por... por iso que pensas.

Pero o que lle faltaba sempre era o primeiro paso, o pretexto. E esperaba por unha circunstancia afortunada, o corazón devastado, a alma trastornada.

Non obstante, a noite esgotábase e a fermosa rapaza seguía durmindo mentres que Morin meditaba sobre o seu fracaso. Chegou o día, e rapidamente o sol lanzou a súa primeira raiola -unha longa raiola clara chegada dende o límite do horizonte- sobre o doce rostro da durmiñoa.

Ela espertou, sentou, mirou a campiña, mirou a Morin e sorriu. Sorriu coma muller ditosa, cun aire incitante e feliz. Morin estremeceuse. Sen dúbida, ese sorriso era para el, tratábase dunha invitación discreta, o sinal soñado que anhelaba. Quería dicir, o sorriso, “vostede é un torpe, é un bobo, é un necio por ficar alí, coma unha estaca cravada na cadeira dende onte pola noite.

Imos ver, míreme, non son encantadora? E vostede permanece como se nada toda unha noite, enfrente dunha bela dama sen se atrever a nada, grandísimo parvo.”

Seguía a sorrir mentres o miraba; mesmo comezaba a rir; e el perdía a cabeza, na procura dunha palabra casual, un cumprido, calquera cousa que dicir, o que fose. Pero non encontraba nada, nada. Entón, embargado pola audacia dos covardes, pensou: “peor para min, arrisco todo”; e bruscamente, de golpe, avanzou, as mans tendidas, os beizos anhelantes, e, colléndoa entre os brazos, bicouna.

Dun salto, a dama púxose de pé gritando “socorro!”, berrando de terror. Abriu a porta; axitou os seus brazos cara ao exterior, tola de medo, intentando saltar, mentres que Morin, desconcertado, convencido de que se ía tirar á vía, a sostiña pola súa saia tateando “señora... oh!, señora.”

O tren diminuíu a súa marcha, detívose. Dous empregados precipitáronse cara aos sinais desesperados da moza quen caeu nos seus brazos balbucindo “este home quixo... quixo... ten... ten...” E perdeu o coñecemento.

Estaban na estación de Mauzé. O oficial de garda detivo a Morin.

Cando a vítima da súa brutalidade recobrou a conciencia, fixo a súa declaración. A autoridade levantou acta. E o pobre comerciante non puido volver á súa casa ata a noite, co peso dunha persecución xudicial por ultraxe aos bos costumes nun lugar público.

## II

Daquela eu era redactor en xefe do *Fanal des Charentes* e vía a Morin, todas as noites, no Café do Comercio.

Ao día seguinte da súa aventura veu verme, sen saber o que facer. Non lle oculte a miña opinión: “non es máis ca un porco. Iso non se pode facer.”

Choraba; a súa muller golpeáralo e vía o seu comercio arruinado, o seu nome difamado, deshonorado, os seus amigos indignados, non o saudaban. Rematou por dar-me mágoa e chamei o meu colaborador Rivet, un home miúdo e burlón pero bo conselleiro, para pedirlle a súa opinión.

Recomendoume ver o procurador imperial, un amigo meu. Envíei a Morin á súa casa e marchei á residencia do maxistrado.

Informeime de que a dama ultraxada era unha moza, a señorita Henriette Bonnel, que acababa de obter en París o seu diploma de institutriz e quen, non tendo pai nin nai, pasaba as súas vacacións cos seus tíos, uns orgullosos burgueses de Mauzé.

O que agravaba a situación de Morin era que o tío puxera unha denuncia. O Ministerio Público consentía en deixar de lado o asunto se esa denuncia era retirada. Velaquí o que había que conseguir.

Volví a casa de Morin. Atopeino na súa cama, enfermo de inquietude e de tristeza. A súa muller, unha enorme moza barbuda e de gran osamenta, maltratábao sen descanso. Acompañoume á habitación berrándome á cara: “vén ver o porco de Morin? Aquí ten ao fulano.”

E plantouse diante da cama de asas. Expuxen a situación; suplicoume que fose ver á familia. A misión era delicada; non obstante, acepteina. O pobre home non paraba de repetir: “asegúroche que nunca a biquei, non, para nada. Xúrocho!” Respondín: “é igual, non es máis ca un porco.” E collín os mil francos que me deixou para empregalos como xulgase conveniente.

Pero como non me parecía correcto aventurarme só na casa da familia, roguei a Rivet que me acompañase. Aceptou coa condición de que volveríamos inmediatamente xa que, ao mediodía seguinte, tiña un asunto urxente en La Rochelle.

E, dúas horas máis tarde, chamabamos á porta dunha bonita casa de campo. Unha linda moza veu abrírnos. Seguramente sería ela. Dixen en voz baixa a Rivet: “por Deus, comezo a comprender a Morin.”

O tío, o señor Tonnelet, era precisamente un subscritor do *Fanal*, un fervente correlixionario político que nos recibiu cos brazos abertos, felicítounos, congratulounos, estreitounos as mans, entusiasmado por ter na súa casa os dous redactores do seu xornal. Rivet murmurábame ao oído: “coido que poderemos arranxar o asunto dese porco de Morin.”

A sobriña afastárase así que abordei o delicado asunto. Axitei a sombra do escándalo; fixen valer a depreciación inevitábel que sufriría a moza a causa da rexouba ocasionada por tal asunto; xa que ninguén crería que se tratou dun simple bico.

O bo home semellaba indeciso; non podía decidir nada sen a súa muller quen non volvería ata máis tarde. De pronto, lanzou un grito triunfante: “escoiten, teño unha idea excelente. Retereilles, quedarán comigo. Cearán e durmirán aquí ambos os dous; e cando a miña esposa volva, espero que nos poidamos entender.”

Rivet resistíase, pero o desexo de sacar do apuro ao porco de Morin convenceuno e aceptamos o convite.

O tío levantouse, radiante, chamou a súa sobriña e propúxonos un paseo pola propiedade dicindo: “ata a noite nada de asuntos serios.”

Rivet e Tonnelet comezaron a falar de política. En canto a min, atopeime de pronto algúns pasos por detrás, ao carón da moza. Era verdadeiramente encantadora, encantadora!

Con infinitas precaucións, comecei a falarlle da súa aventura para intentar gañarme un aliado.

Pero ela non parecía en absoluto avergonzada; escoitábame co aire dunha persoa que se divirte moito.

Dicíalle: “pense, pois, señorita, en todos os problemas que terá. Deberá comparecer perante o tribunal, enfrontar as miradas maliciosas, falar en fronte a todo o mundo, contar publicamente esa triste escena do vagón. Imos ver, entre nós, non tería feito mellor non dicindo nada, poñendo no seu sitio ese trasgo sen chamar os empregados, e cambiando simplemente de vagón?”

Comezou a rir. “É certo o que dí!, pero, que quere vostede? Tiven medo e, cando se ten medo, non se razoa. Tras comprender a situación, arrepentinme dos meus gritos, pero era demasiado tarde. Pense tamén que ese imbécil se abalanzou sobre min coma un rabioso, sen mediar palabra, cunha pinta de tolo. Non sabía sequera o que quería.”

Miroume de fronte, sen se turbar ou se intimidar. Pensaba “esta rapaza é unha atrevida. Entendo que ese porco de Morin se trabucase.”

Retomei a conversa entre bromas: “imos ver, señorita, admite que era escusábel xa que, en fin, non se pode estar en fronte dunha beleza coma vostede sen sentir a necesidade absolutamente lexítima de bicala.”

Ela riu máis forte, mostrando todos os dentes: “entre o desexo e a acción, señor, hai lugar para o respecto.”

A frase era estraña, pouco clara. Preguntei bruscamente: “pois ben, daquela se eu a bicas agora mesmo, o que faría?”

Detívose para me examinar de arriba a abaixo, despois dixo, tranquilamente: “oh, vostede, non é o mesmo.”

Abofé que sabía que non era o mesmo xa que me chamaban en toda a provincia “o guapo Labarbe”. Daquela tiña trinta anos; e non obstante preguntei: “e iso por que?”

Encolleuse de ombreiros, e respondeu: “está claro! Porque vostede non é tan estúpido coma el.” Despois engadiu mirándome de esguello: “nin tan feo.”

Antes de que puidese facer un movemento para evitarme xa lle plantara un bo bico na meixela. Ela apartouse dun salto, pero demasiado tarde. Despois dixo: “señor!, vexo que tamén é un descarado. Non repita máis ese xogo.”

Adoptei un aire humilde e dixen a media voz: “oh!, señorita, no que a min respecta, de ter algún desexo no corazón é o de enfrontar un tribunal pola mesma causa que Morin.”

Ela preguntou pola súa banda: “por que o di?” Mirei seriamente na profundidade dos seus ollos. “Porque vostede é unha das máis fermosas criaturas que existen; porque iso sería para min un premio, un título, unha gloria, o ter querido violentala. Porque se diría, tras vela: ‘vaia, Labarde buscou o que lle pasou, pero iso non lle quita a boa sorte’.”

Volveu rir de todo corazón.

“Está de chanza?” Aínda non rematara de pronunciar a palabra *chanza* e xa a tiña entre os meus brazos enchéndoa de bicos voraces onde fose que atopase un espazo: nos cabelos, na fronte, nos ollos, ás veces na boca, nas meixelas, en toda a cabeza, onde, malia os seus esforzos, se descubría intentando protexer outras zonas.

Finalmente se liberou, ruborizada e ofendida. “É un groseiro, señor, e faime arrepentirme de telo escoitado.”

Collinlle a man, un pouco confuso, balbucindo: “perdón, perdón, señorita. Cometín unha ofensa, unha brutalidade! Non mo tome a mal. Se vostede soubese...” Procuraba en van unha escusa.

Pasado un momento, afirmou: “non me interesa saber nada, señor.”

Pero atopara o pretexto e exclamei: “señorita, dende hai un ano que a amo!”

Sorprendeuse verdadeiramente e levantou os ollos. Continúei: “si, señorita, escóitame. Non coñezo a Morin e ríome del. Pouco me importa se vai a prisión e perante os tribunais. Vina por primeira vez aquí, o ano pasado, estaba alá, diante da cancela. Recibín unha sacudida ao albiscala e a súa imaxe xa non me deixou nunca. Créame ou non me crea, pouco me importa. É encantadora; o seu recordo dominábame; quixen vela de novo; aproveitei o pretexto do animal de Morin; e aquí me ten. As circunstancias leváronme a exceder os límites; perdóeme, suplicollo, perdóeme.”

Ela esculcaba a verdade na miña mirada, a piques de sorrir de novo; e murmurou: “algareiro.”

Entón alcei a man e, con ton sincero (incluso coido que era sincero): “xúrolle que non minto.”

Respondeu simplemente: “daquela, vamos.”

Estabamos sós, completamente sós, Rivet e o tío desapareceran nos sinuosos camiños; e fixénlle unha verdadeira declaración de amor, longa, doce, mentres lle oprimía e bicaba os dedos. Ela escoitaba as miñas palabras como unha cousa agradábel e novidosa, sen saber ben o que debía crer.

Rematei por sentirme turbado, por pensar o que lle dicía; estaba pálido, abafado, estremecido; e, docemente, arrodeei a cintura.

Faláballe en voz baixa a través dos pequenos rizos que lle cubrían a orella. Parecía morta, afundida nun soño.

Despois a súa man atopou a miña e estreitouna; oprimía lentamente a súa cintura nunha aperta trememente que ía en aumento; non se movía en absoluto; rocei a súa meixela coa miña boca; e de pronto os meus beizos, sen o procurar, atoparon os seus. Foi un longo, longo bico, e tería durado aínda máis, se non escoitase “mmh, mmh” uns pasos atrás de min.

Ela fuxiu a través dun macizo. Volvín o rostro e vin a Rivet, que se reunía comigo.

Plantouse no medio do camiño, sen rir: “moi ben! Así é como arranxas o asunto dese porco de Morin.”

Respondín con petulancia: “faise o que se pode, querido amigo. E o tío? O que obtiveches? Eu podo responder da sobriña.”

Rivet declarou: “tiven menos sorte co tío.”

Tomeino do brazo e entramos na casa.

### III

A cea terminou de facerme perder a cabeza. Sentara ao seu carón e as nosas mans encontrábanse sen cesar por debaixo do mantel; o meu pé estreitaba o seu; as nosas miradas uníanse, enredábanse.

A continuación paseamos baixo o claro da lúa mentres lle murmuraba á súa alma toda a tenrura que ascendía dende o meu corazón. Estreitábaa contra min, bicábaa en todo momento, humedecendo os meus beizos nos seus. Adiante de nós, o tío e Rivet discutían. As súas sombras seguíanos con gravidade sobre a area dos camiños.

Volvemos a casa. De inmediato, o empregado do telégrafo trouxo un telegrama da tía anunciando que non volvería ata a mañá seguinte, ás sete, no primeiro tren.

O tío dixo: “pois ben, Henriette, móstralles aos señores as súas habitacións.”

Démoslle a man ao bo home e subimos. Ela conduciunos primeiro á habitación de Rivet, quen me murmurou ao oído: “non cabía a posibilidade de que nos levase primeiro á túa habitación.”

Despois conducíume ao meu leito. En canto estivemos sós, tomeina de novo entre os meus brazos, tentando turbar o seu xuízo e vencer a súa resistencia. Pero cando ela se sentía desfalecer por completo, fuxiu.

Introducinme entre as miñas sabas, moi contrariado, moi axitado e moi avergonzado, sabendo á perfección que non durmiría moito, buscando que torpeza cometera, cando chamaron docemente á miña porta.

Preguntei: “quen está alí?”

Unha voz lixeira respondeu: “eu.”

Vestinme a toda présa; abríñ; entrou. “Esquecín -dixo- preguntarlle o que toma polas mañás: chocolate, té ou café?”

Tomáraa impetuosamente entre os meus brazos, devorándoa con agarimos, tateando: “tomo... tomo... tomo...” Pero ela escapuliuse da miña aperta, apagou a miña vela e desapareceu.

Fiquei só, furioso, na escuridade, buscando mistos que non daba atopado. Por fin os encontrei e saín ao corredor, toleando, co candeeiro na man.

O que ía facer? Xa non razoaba; quería atopala; desexábaa. Dei algúns pasos sen me parar a reflexionar. De pronto, pensei bruscamente: “e se entro na habitación do tío? Que diría, daquela?...” Permanecín inmóbil, a mente baleira, o corazón latexante. Pasados uns segundos, veume a resposta: “claro! Direi que buscaba a habitación de Rivet para falarlle dunha cousa urxente.”

E comecei a inspeccionar as portas esforzándome por descubrir a súa, a dela. Pero nada me podía guiar. Ao chou, xirei unha chave. Abríñ, entrei... Henriette, sentada no seu leito, espantada, mirábame.

Pechei suavemente o ferrollo e, aproximándome con pés de la, díxenlle: “esquecín, señorita, pedirlle algo para ler.” Ela debatíase, pero axiña abríñ o libro que buscaba. Non direi o título. Era verdadeiramente a máis fermosa das novelas e o máis divino dos poemas.

Unha vez pasada a primeira páxina, ela deixoume percorrela ao meu antollo; e folleei tantos capítulos que as nosas velas se consumiron por completo.

Tras agradecerlle pola velada, volvía ás agachadas á miña habitación cando unha man brutal me detivo; e unha voz, a de Rivet, murmuroume á orela: “aínda non remataches de arranxar o asunto do porco de Morin?”

Ás sete da mañá, ela mesma levoume unha cunca de chocolate. Nunca tomara algo

semellante. Un chocolate de morte, suave, aveludado, perfumado, embriagador. Non podía retirar a boca dos deliciosos bordes da cunca.

En canto a moza abandonou a habitación, Rivet entrou. Parecía un pouco nervioso, molesto coma un home que apenas puido durmir; díxome cun ton ríspeto: “se continuás, xa o sabes, rematarás por arruinar o asunto dese porco de Morin.”

Ás oito chegou a tía. A discusión foi curta. As boas persoas retirarían a denuncia e eu deixaría cincocentos francos aos pobres da rexión.

Quixeron reternos para pasar o día. Incluso organizaron unha excursión para ir visitar unhas ruínas. Henriette, dende detrás dos seus tíos, facíame sinais coa cabeza “si, quédese.” Aceptei, mais Rivet insistiu en marchar.

Afasteino da familia; supliqueille, rogueille; dicíalle: “querido Rivet, por favor, fágao por min.” Pero el parecía exasperado e repetíame á cara: “xa tiven abondo, óesme, do asunto dese porco de Morin.”

Vinme obrigado a marchar eu tamén. Foi un dos momentos máis duros da miña vida. Con gusto tería quedado arranxando ese asunto toda a miña existencia.

No vagón, tras os enérxicos e mudos apertóns de man de despedida, dixeron a Rivet: “es un idiota.” Respondeume: “querido, comezas a exasperarme en demasía.”

Chegando ás oficinas do *Fanal*, distinguín unha multitude que nos esperaba. Gritaron dende que nos viron: “e logo, arranxaron o asunto dese porco de Morin?”

Toda La Rochelle estaba expectante. Rivet, cuxo mal humor desaparecera no traxecto, facendo un grande esforzo para non rir, declarou: “si, está feito, grazas a Labarde.”

E dirixímonos á casa de Morin.

Estaba tendido sobre unha butaca, con sinapismos nas pernas e compresas de auga fría na cabeza, desfalecendo de angustia. Tusía sen cesar, cunha pequena tose agonizante, sen que ninguén soubese de onde lle viñera ese arrefriado. A súa muller mirábao con ollos de tigresa, lista para devoralo.

Dende que nos viu, foi presa dun tremor que lle sacudía os pulsos e os xeonllos. Dixeron: “está amañado, cabrón, pero non volva ás andadas.”

Levantouse, sufocado, colleume as mans, bicoumas como se fose un príncipe, chorou, case perde a conciencia, apertou a Rivet, incluso apertou á señora Morin quen o rexeitou dun empurrón tirándoo de novo na butaca.

Pero nunca se recuperou dese mal trago, a impresión fora demasiado brutal.

Dende aquela en toda a comarca foi coñecido como “ese porco de Morin”, e ese epíteto atravesábao coma unha estocada cada vez que o escoitaba.

Cando algún moicante berraba na rúa “porco!”, volvía a cabeza por instinto. Os seus amigos abafábano con chanzas horríbeis, preguntándolle, cada vez que comía xamón: “é do teu?”

Morreu dous anos máis tarde.

No que a min respecta, presenteime á deputación en 1875 e fun facer unha visita interesante ao novo notario de Tousserre, o señor Belloncle. Unha dama opulenta e fermosa recibíame.

“Non me recoñece?” dixó.

Balbucín: “pois... non, señora.”

“Henriette Bonnel.”

“Ah!” E sentínome palidecer.

Ela semellaba perfectamente cómoda, e sorría mentres me miraba.

En canto me deixou só co seu marido, el tomoume as mans, estreitándoas ata moermas: “dende hai moito tempo, querido señor, quería ir visitarlle. A miña esposa faloume tanto de vostede. Sei... si, sei en que dolorosa circunstancia a coñeceu, sei tamén como se comportou con perfección, cheo de delicadeza, de tacto, de benevolencia no asunto...” Vacilou, despois pronunciou en voz baixa, coma se articulase unha palabra groseira: “... no asunto dese porco de Morin.”-



# A tola

A Robert de Bonnières

- Saben? -dixo o señor Mathieu d'Endolin- as arceas lémbranme unha anécdota ben sinistra da guerra.

Coñecen a miña propiedade nas aforas de Corneil. Vivía alí cando chegaron os prusianos.

Daquela tiña unha especie de tola como veciña, quen perdera a cordura baixo os golpes da desgraza. Antigamente, á idade de vinte e cinco anos, perdera, nun só mes, o seu pai, o seu marido e o seu fillo recién nado.

Unha vez que a morte entra nunha casa, volve case sempre de inmediato, como se recoñecese a porta.

A pobre moza, fulminada pola mágoa, gardouse no leito delirando durante seis semanas. Despois, unha especie de lasitude serena sucedeu a esa crise violenta, e quedou inmóbil, comendo apenas, movendo só os ollos. Cada vez que a querían levantar da cama, berraba como se a estivesen matando. Deixárona sempre deitada, sacándoa da súas sabas unicamente para aseala e para dar a volta ao colchón.

Unha vella criada permanecía ao seu carón facéndolle beber de vez en cando e comer un pouco de carne fría. Que ocorría nesa alma desesperada? Nunca se soubo porque ela non volveu falar. Pensaba nos mortos? Soñaba esperta, tristemente, sen recordos precisos? Ou quizais o seu pensamento destruído ficaba inmóbil coma auga estancada?

Durante quince anos permaneceu así, pechada en si mesma e inerte.

A guerra chegou e, no primeiro día de decembro, os prusianos penetraron en Corneil.

Aínda o lembro como se fose onte. Ía un frío tan atroz que pelaba; eu estaba recostado nunha butaca, inmobilizado pola gota cando escoitei os golpes pesados e rítmicos dos seus pasos. Dende a miña xanela, vinos pasar.

Desfilaban interminabelmente, todos iguais, con ese movemento de monicreque que lles é tan propio. Entón os xefes distribuíron os seus homes entre os habitantes. Eu recibín dezasete. A veciña, a tola, tiña doce, entre eles un comandante, un verdadeiro bruto, violento, rudo.

Durante os primeiros días todo transcorreu con normalidade. Dixéranlle ao oficial en cuestión que a dama estaba enferma; el non se preocupou demasiado. Pero pronto esa muller á que nunca vía irritouno. Informouse sobre a enfermidade e respondéronlle que a súa anfitriña gardaba cama dende había quince anos como consecuencia dunha violenta pena. Evidentemente, non o creu imaxinando que a pobre insensata non abandonaba o leito por arrogancia, por non ver os prusianos, non falar con eles nin os atopar en absoluto.

Esixiu que a recibise; fixéronlle entrar na súa habitación. Pediu, cun ton brusco: “*prékolle, señora, que se lepante e paixe para que a pexamos.*”

Ela volveu cara a el os seus ollos vagos, os seus ollos baleiros, e non respondeu.

El proseguiu: “non *tolegagei* insolencias. Se *postete* non se *lepanta poluntaguiamente*, xa *atopaguei* o *metio* de facela *coopegag.*”

Ela non fixo ningún xesto, sempre inmóbil como se non o vise.

O oficial rabiaba, tomando o seu sereno silencio por un sinal de desprezo supremo. Engadiu: “se *postete* non *paixou* mañá...”

Logo saíu.

O día seguinte, a vella criada, perturbada, quixo vestila; pero a tola comezou a berrar debaténdose. O comandante subiu rapidamente; e a servinte, axeonllada, gritaba: “non quere, señor, non quere. Perdóea; é tan desgraciada.”

O soldado permanecía confundido, sen ousar, malia a súa cólera, facela sacar da cama polos seus homes. Pero de pronto comezou a rir e deu ordes en alemán.

Rapidamente, vimos saír un destacamento que termaba dun colchón como cando se leva un ferido. Nese leito que non fora desfeito en absoluto, a tola, sempre silenciosa, permanecía tranquila,

indiferente aos feitos sempre que a deixasen deitada. Detrás deles, un home levaba un paquete con roupa feminina.

E o oficial pronunciou refregándose as mans: “*peguemos, taquela, se postete non pote pestigse soa e dag un pequeno paseo.*”

Entón vimos o cortexo afastarse en dirección á fraga de Imauville.

Dúas horas despois, os soldados volveron sós.

Non se volveu ver á tola. Que fixeran con ela? Onde a levaran? Non se soubo xamais.

Mentres tanto, a neve caía día e noite, sepultando a planicie e os bosques baixo un velo de espuma xeada. Os lobos viñan ouvevar ata as nosas portas.

O pensamento desa muller extraviada acosábame; fixen moitas xestións ante as autoridades prusianas, procurando obter información. Estiven a piques de ser fusilado.

A primavera volveu. O exército de ocupación marchou. A casa da miña veciña permanecía pechada; a tupida herba medraba no xardín.

A vella criada morrera durante o inverno. Ninguén se interesaba máis por aquel episodio. Só eu pensaba niso sen cesar.

Que fixeran con aquela muller? Fuxira a través da fraga? Recolleríana en algures, e coidaríana nalgún hospital sen poder obter ningunha información dela? Nada podía aliviar as miñas dúbidas; pero, pouco a pouco, o tempo foi tranquilizando a inquietude do meu corazón.

No outono seguinte, as arceas pasaban en bandadas e, como a miña gota me dera un respiro, dirixinme cara á fraga. Xa matara catro ou cinco paxaros de peteiro longo, cando abatín un que desapareceu dentro dun foso cheo de pólas. Tiven que descender dentro para recoller a miña presa. Atopeina tombada preto dunha caveira. E, bruscamente, o recordo da tola golpeoume no peito coma unha puñada. Quizais moitos outros morrerían nesa fraga durante ese ano sinistro; pero non sei por que, estaba seguro, seguro, afirmollelo, de que atopara a cabeza desa miserábel maníaca.

E de pronto, comprendín, adiviñei todo. Eles abandonáranla sobre aquel colchón, na fraga fría e deserta; e, fiel á súa idea fixa, ela deixárase morrer baixo o espeso e lixeiro manto de neve e sen mover os brazos ou as pernas.

Despois os lobos devoráranla.

E os paxaros fixeran os seus niños coa la do seu leito rachado.

Aínda gardo esa triste osamenta. E prego a Deus para que os nosos fillos xamais vexan a guerra.

## Pierrot

*A Henri Roujon*

A señora Lefèvre era unha dama de campo, unha viúva, unha desas medio-campesiñas de lazos e sombreiros con volantes de mal gusto, desas persoas que sesean<sup>1</sup> pero que en público se dan aires de grandeza, escondendo unha alma de bruta presumida baixo unha aparencia cómica e recargada, disimulando as súas grandes mans vermellas baixo luvas de seda crúa.

Tiña por criada a unha forte e simple campesiña, chamada Rose.

As dúas vivían nunha pequena casa de postigos verdes, ao carón dunha estrada, en Normandía, no centro da rexión de Caux.

Como tiñan, en fronte da casa, un pequeno xardín, cultivaban algúns legumes.

Unha noite, roubáronlles unha ducia de cebolas.

Cando Rose se decatou do furto, correu a avisar á señora que baixaba cunha saia de la. Todo

---

<sup>1</sup> *N. do t.* No orixinal di *faire de cuir*, un fenómeno dialectal presente nalgúns zonas de Francia que consiste en realizar incorrectamente a *liaison*.

foi desolación e terror. Alguén lles roubara, roubaran á señora Lefèvre! Daquela roubábase na rexión e podía reincidir.

E as dúas mulleres, estupefactas, contemplaban as pegadas do camiñar, comentándoo, facendo suposicións:

- Mire, pasaron por alí. Apoiaron os seus pés no muro, saltaron sobre o parterre.-

E temían polo futuro. Como durmir tranquilas tras esa experiencia!

O rumor do roubo estendeuse. Chegaron os veciños, constataron os feitos, discutiron entre eles; mentres, as dúas mulleres explicaban a cada persoa que chegaba as súas observacións e ideas.

Un granxeiro veciño deulles un consello:

- Deberían ter un can.-

Levaba razón; debían ter un can, aínda que só fose para dar a alarma. Non un can moi grande, por Deus! O que farían cun can enorme? Arruinaríaa só coa comida. Mellor un can pequerrecho (ou *quin*, como se di en Normandía), un pequeno cadelo ben ranfleiro.

Cando todos marcharon, a señora Lefèvre remexeu durante moito tempo a idea do can. Puña, tras moito reflexionar, mil obxeccións, aterrecida pola imaxe dunha cunca chea de pitanza dado que ela era desa raza parsimoniosa de damas do campo que levan sempre no peto algúns céntimos para dar, ostensiblemente, a esmola aos pobres dos camiños e nas colectas dominicais.

Rose, quen amaba os animais, aportou as súas razóns e defendeunas con astucia. Finalmente decidiron ter un can, un cadelíño.

Comezaron a procura, pero só atopaban cans grandes, comellóns de sopa ata que facían estremecerse. O tendeiro de Rolleville tiña un can pequerrecho; pero pedía que lle pagasen dous francos, para cubrir os seus gastos pola crianza. A señora Lefèvre declarou que podería alimentar un *quin*, pero que non pagaría por el.

Entón o panadeiro, quen coñecía a situación, levoulles, unha mañá, no seu carro, un pequeno animalíño amarelo, case sen patas, cun corpo de crocodilo, unha cabeza de raposo e unha cola con forma de trompeta, un verdadeiro penacho, tan grande coma o resto do seu corpo. Un cliente buscaba desfacerse del. A señora Lefèvre encontrou moi fermoso o liorteiro inmundo, que non custaba nada. Rosa bicouno, despois preguntou como se chamaba. O panadeiro respondeu "Pierrot".

Foi instalado nunha vella caixa de xabón e ofrecéronlle, antes que nada, auga para que bebese. Bebeuna. A continuación ofrecéronlle un anaco de pan. Comeuno. A señora Lefèvre, inqueda, tivo unha idea:

- Cando se acostume completamente á casa, deixarémolo libre. Atopará de comer deambulando pola rexión.-

Deixárono libre, en efecto, o que non lle impediu seguir famento. Só ladraba para reclamar a súa pitanza; pero, nesas ocasións, ladraba implacábel.

Todos podían entrar no seu xardín. Pierrot deixábase agarimar por cada visitante, pero permanecía absolutamente mudo.

Non obstante, a señora Lefèvre acostumárase ao animal. Incluso chegou a amalo e a darlle coa man, de vez en cando, anacos de pan remollados na salsa do seu guisado.

Pero nunca se lle pasara pola cabeza a existencia dun imposto, e cando lle reclamaron oito francos -oito francos, señora!- por ese mequetrefe de *quin* que nin sequera ladraba, pouco lle faltou para se desmaiar da impresión.

Tomou a decisión inmediatamente de desfacerse de Pierrot. Ninguén o quería. Todos os habitantes en dez leguas á redonda rexeitábano. Daquela, tomouse a decisión, a falta doutro medio, de facerlle *piquer du mas*.

*Piquer du mas* significa "facerlles comer marga". Faise *piquer du mas* a todos os cans dos que alguén se quere desfacer.

No centro dunha ampla planicie, distinguíase unha especie de choza, ou máis ben un pequeno teito de palla pousado sobre o chan. Era a entrada do margal. Un gran e profundo pozo afundíase a vinte metros baixo terra desembocando nunha serie de longas galerías de minas.

Unha vez ao ano, descendían a esa canteira, na época en que se abonan as terras con marga.

O resto do ano, servía de cemiterio para cans condenados e, ás veces, cando se pasaba ao carón do buraco, ouveos suplicantes, ladridos furiosos ou desesperados, chamadas desesperantes subían ata un.

Os cans dos cazadores e dos pastores foxen aterrados dos arredores dese buraco queixoso e, cando un se inclina nel, xorde un abominábel cheiro a podremia.

Dramas horribéis ocorrían na escuridade.

Cando un animal agoniza tras dez ou doce días no fondo, alimentado polos restos inmundos dos seus antecesores, un novo animal, máis grande, certamente máis vigoroso, precipítase dentro. Alí están, sós, famentos, os ollos resplandecentes. Aséxanse, séguense, dubidan, ansiosos. Pero a fame acósaos: atácanse, loitan encarnizadamente un longo tempo; e o máis forte come ao máis feble, devórao vivo.

Cando estivo decidido que lle farían *piquer du mas* a Pierrot, informáronse sobre un executor. O camiñeiro que se encargaba da estrada pediu cincuenta céntimos polo encargo. Iso pareceulle demasiado esaxerado á señora Lefèvre. O lacaio do veciño contentábase con vinte e cinco céntimos; aínda era demasiado; e Rose opinara que sería mellor que o levasen elas mesmas, porque así non sería maltratado durante o camiño nin advertido da súa sorte, así que decidiron que irían as dúas ao anoitecer.

Esa noite, déronlle unha boa sopa cun dedo de manteiga. Enguliuna ata a última pinga e, como removía o rabo con alegría, Rose colleuno no seu mandil.

Marchaban a grandes pasos, coma raspiñeiras, a través da planicie. Pronto divisaron o margal e alcanzárono; a señora Lefèvre inclinouse para escoitar se algún animal xemía. Non, non había ningún. Pierrot estaría só. Entón Rose, que choraba, bicouno e lanzouno dentro do buraco; logo as dúas inclináronse, co oído atento.

Primeiro escoitaron un ruído xordo; despois, a queixa aguda, desgarradora, dun animal ferido, logo unha sucesión de pequenos gritos de dor, logo chamadas desesperadas, súplicas de can que imploraba, a cabeza elevada cara á abertura.

Ladraba, oh! Si que ladraba!

Fuxiron, vítimas do remordemento, do terror, dun medo tolo e inexplicábel; e correron para se poñeren a salvo. E, como Rose ía máis rápido, a señora Lefèvre berraba:

-Espéreme, Rose, espéreme!-

A súa noite foi acosada por pesadelos espantosos.

A señora Lefèvre soñou que sentaba á mesa para tomar sopa pero, cando destapaba a sopeira, Pierrot estaba dentro. Abalanzábase sobre ela e mordíalle o nariz.

Espertou e aínda creu escoitar ladridos. Prestou atención; trabucárase.

Adormeceu de novo e atopouse nunha gran ruta interminábel, que ela seguía. De pronto, no medio do camiño, viu unha cesta, unha gran cesta de granxeiro, abandonada; e esa cesta dáalle medo.

Non obstante, terminou por abrila, e Pierrot, acuruxado nela, mordíalle a man e xa non lla soltaba; e fuxía esvarando, levando así no extremo do brazo o can suspendido, o fociño aferrado.

Ao amencer, levantouse, case toleando, e correu ao margal.

Ladraba; aínda ladraba, ladrara toda a noite. A señora Lefèvre comezou a saloucar e chamábao con milleiros de alcumes cariñosos. O can respondía con todas as inflexións tenras da súa voz de can.

Entón ela quixo velo de novo, e prometeuse que o faría ditoso ata a súa morte.

Correu á casa do poceiro encargado da extracción da marga, e contoulle a súa situación. O home escoitaba sen dicir nada. Cando ela rematou, afirmou:

-*Quer'o seu quin?* Custaralle catro francos.-

A señora Lefèvre tivo un sobresalto; toda a súa dor desapareceu de golpe.

- Catro francos! Quere matarme dun desgusto! Catro francos!-

Respondeu:

- *Vosté* cre que vou levar as miñas cordas, as miñas manivelas, montar todo *i baisar* co meu *asudante* e *faserme* morder, aínda por riba, polo seu maldito *quin*, polo *praser* de devolverllo? Quen

Ile mandou tiralo?-

Ela marchou, indignada: “catro francos!”

En canto chegou a casa, chamou a Rose e comentoulle as pretensións do poceiro. Rose, xa resignada, repetía:

- Catro francos! Son moitos cartos, señora.-

Despois engadiu:

- E se lle botamos comida, ao pobre *quin*, para que non morra así?-

A señora Lefèvre aprobouno, alegremente; e marcharon de inmediato, cun grande anaco de pan con manteiga.

Cortárono en anaquiños que lanzaban un tras outro, falándolle por quendas a Pierrot. E en canto o can remataba un anaco, ladraba para reclamar o seguinte.

Volveron pola noite, despois ao día seguinte, todos os días. Pero só facían unha viaxe.

Mais unha mañá, ao deixaren caer o primeiro cachiño, escoitaron de inmediato un ladrido formidábel no pozo. Eran dous! Alguén deixara caer outro can, un grande!

Rose berrou:

- Pierrot!-

E Pierrot ladrou, ladrou. Comezaron a botarlle a comida pero, cada vez, elas distinguían perfectamente un empurrón terríbel, logo os gritos doentes de Pierrot mordido polo seu compañeiro, quen comía todo, era o máis forte.

Por máis que lle especificaban:

- É para ti, Pierrot!-

Pierrot, evidentemente, non comía nada.

As dúas mulleres, paralizadas polo estupor, mirábanse; e a señora Lefèvre dixo, cun ton agre:

- Dende logo non podo alimentar a todos os cans que boten ao marginal. Hai que *recoñeselo*.-

E, sufocada coa idea de todos eses cans vivindo á súa costa, marchou, levándose incluso o que quedara do pan que se puxo a comer de camiño.

Rose seguía secándose os ollos co extremo do seu mandil azul.

## Minueto

*A Paul Bourget*

- As grandes desgrazas non me entristecen demasiado, -dixo Jean Bridelle, un vello solteirón que pasaba por escéptico.- Vin a guerra de ben preto; franqueaba os corpos sen piedade. As fortes brutalidades da natureza ou dos homes poden facernos lanzar berros de horror ou de indignación, pero nunca nos provocarán esa punzada no corazón, ese calafrío que nos percorre as costas cando vemos certas pequenas cousas desoladoras.

A dor máis violenta que se pode sufrir é, certamente, a perda dun fillo para unha nai, e a perda da nai para un home. Iso é violento, terríbel, iso conmociona e esnaquiza; pero sándase desas catástrofes como de profundas feridas sangrantes. Mais certos reencontros, certas cousas entrevistas, adiviñadas, certas mágoas secretas, certas perfidias do azar que removen dentro de nós todo un mundo doloroso de pensamentos, que entreabren ante nós bruscamente a misteriosa porta dos sufrimentos morais, complicados, incurábeis, tanto máis profundos que semellan benignos, tanto máis ferintes que semellan case imperceptíbeis, tanto máis tenaces que semellan artificiais, deixan na alma coma unha pegada de tristeza, un gusto de amargura, unha sensación de desencanto do que tardamos moito tempo en liberarnos.

Sempre teño ante os ollos dúas ou tres cousas que outros seguramente nunca terían ousado observar, e que entraron en min coma longas e delgadas picaduras insandábeis.

Quizais vostedes non comprenderán a emoción que quedou en min desas súbitas impresións. Voulles contar só unha delas. É de hai moitos anos, pero lémbroa como se ocorrese onte. Pode ser que a miña imaxinación se levase a peor parte do meu entenecemento.

Teño cincuenta anos. Daquela era novo e estudaba dereito. Un pouco triste, un pouco soñador, impregnado dunha filosofía melancólica, non amaba os cafés ruidosos, os amigos berróns nin as mozas estúpidas. Espertaba cedo; e unha das miñas paixóns máis apreciadas era pasear só, cara ás oito da mañá, no viveiro *Luxembourg*.

Non coñeceron, vostedes, ese viveiro? Era coma un xardín esquecido do século pasado, un xardín bonito coma un doce sorriso de anciá. Frondosas sebes separaban vereas estreitas e regulares, vereas tranquilas entre dous muros de follaxe recortada metodicamente. As grandes tesoiras do xardineiro aliñaban sen descanso esas barreiras de ramas; e, cada tanto, aparecían parterres de flores, verxeis de pequenas árbores ordenadas coma colexiais de paseo, grupos de roseiras magníficas ou de rexementos de árbores froiteiras.

Un recuncho dese encantador bosqueciño estaba habitado por abellas. As súas colmeas de palla, habilmente espaciadas sobre pranchas de madeira, abrían ao sol as súas grandes portas coma a entrada dun dedal; e atopábanse, ao longo dos camiños, moscas zumbantes e douradas, verdadeiras amas dese pacífico lugar, verdadeiras paseantes desas apracibeis vereas a modo de corredores.

Ía alí case todas as mañás. Sentaba nun banco e lía. Ás veces, deixaba caer o libro sobre os meus xeonllos para soñar, para escoitar ao meu redor o París palpitante, e deleitarme co infinito reposo desas sendas á maneira de antano.

Pronto decateime de que non era o único que frecuentaba ese lugar en canto abrían a cancela e atopaba de vez en cando, cara a cara, no recuncho dalgún macizo, un pequeno e estraño ancián. Levaba uns zapatos con fibela de prata, uns pantalóns *à pont*<sup>2</sup>, un capote laranxa, un encaixe a modo de gravata e un incríbel sombreiro gris de á ancha e pelo longo, que facía pensar no diluvio.

Era delgado, moi delgado, anguloso, xesticulante e sorrinte. Os seus ollos vivos palpitaban, axitábanse baixo un movemento continuo das pálpebras; e levaba sempre na man un magnífico caxato cunha empuñadura de ouro que debía traerlle un recordo magnífico á memoria.

Ese bo home sorprendeume de inmediato e despois interesoume desmesuradamente. Asexábao a través dos muros de follas, seguía de lonxe, deténdome nos recodos dos bosques para non ser visto.

Unha mañá, como se cría só, comezou a facer movementos singulares: primeiro algúns pequenos saltos, logo unha reverencia; despois realizou, coas súas fláccidas pernas, un *entrechat*<sup>3</sup> aínda axil, tras isto, realizou uns xiros galantemente, dando saltiños, meneándose dun xeito divertido, sorrindo como se estivese ante un público, facendo reverencias, curvando os brazos, ondulado o seu pobre corpo de marioneta, lanzando ao baleiro leves saúdos entenecedores e ridículos. Danzaba!

Permanecín petrificado de asombro, preguntándome quen dos dous estaba tolo: el, ou eu.

De pronto, detívose, avanzou como fan os actores sobre o escenario, inclinouse retrocedendo cun sorriso gracioso e con bicos de comediante que lanzaba ás dúas ringleiras de árbores podadas coa man tremente.

Entón retomou con gravidade o seu camiño.

A partir dese día, non o volví perder de vista e, cada mañá, recomezaba o seu inverosímil exercicio.

Un desexo incontrolábel levoume a falarlle. Arrisqueime e, tras saudalo, díxenlle:

- Temos un bo día hoxe, señor.-

Inclinouse.

- Si, señor, é un verdadeiro día de antano.-

<sup>2</sup> *N. do t.* Trátase dun pantalón cunha serie de botóns que permitían adecualo convenientemente, ante a falta de braguetas. Empregouse na sociedade francesa -entre outras europeas- ata comezos do século XIX, aínda que é característico sobre todo do XVIII.

<sup>3</sup> *N. do t.* Salto lixeiro propio do ballet no que se realiza un rápido e sucesivo cruzamento dos pés.

Oito días máis tarde, eramos amigos, e coñecín a súa historia. Fora mestre de danza na Ópera, nos tempos do rei Lois XV. O seu fermoso caxato era un agasallo do conde de Clermont. E, cando se lle falaba da danza, xa non era capaz de se deter.

Velaquí que un bo día me confiou:

- Desposei a Castris, señor. Presentareilla, se vostede quere, pero ela só vén polas tardes. Este xardín, xa o pode ver, é o noso maior pracer e a nosa vida. É todo o que nos queda doutros tempos. Parécenos que non poderíamos existir se non o tivésemos. É antigo e distinguido, non o cre así? Dáme a impresión de respirar aquí un aire que non cambiou dende a miña xuventude. A miña muller e mais eu pasamos aquí todas as tardes. Eu veño tamén pola mañá, dado que me levanto cedo.-

En canto terminei de xantar, volví ao *Luxemburg*, e pronto vin o meu amigo que levaba do brazo cerimonialmente unha dama anciá e pequena vestida de negro, a quen fun presentado. Era a Castris, a gran bailarina amada polos príncipes, amada polo rei, amada por todo ese século galante que pareceu deixar no mundo un cheiro de amor.

Sentamos nun banco de pedra. Era o mes de maio. Un perfume de flores flotaba nas engalanadas sendas; un radiante sol desprazábase entre as follas e espaxébase sobre nós grandes pingas de luz. O vestido negro da Castris parecía bañado pola claridade.

O xardín estaba baleiro. Ao lonxe, escoitábase o rodar das carrozas.

- Entón explíqueme -dixen ao ancián bailarín- o que era o minueto?-

Estremeceuse.

- O minueto, señor, é a raíña das danzas, e a danza das raíñas, entende? Dende que non hai máis reis, xa non hai minueto.-

E comezou, con estilo pomposo, un grande eloxio ditirámico do que non comprendín nada. Quería que me describisen os pasos, todos os movementos, as poses. Embrollábase, desesperábase pola súa impotencia, nervioso e desolado.

E de pronto, volvéndose cara á súa antiga compañeira, sempre silenciosa e grave:

- Élise, queres, dime, queres, serías tan xentil, queres que lle mostremos ao señor como era?-

Volveu os seus ollos inquietos ao redor, despois levantouse sen dicir unha palabra e foi colocarse en fronte del.

Entón, vin unha cousa inesquecível.

Ían e viñan con amaneiramentos infantís, sorriáanse, balanceábanse, inclinábanse, dando saltos á vez coma dúas vellas bonecas movidas por un antigo mecanismo, un pouco oxidado, construído había tempo por un obreiro sumamente hábil, seguindo o costume da súa época.

Eu mirábaos, o corazón turbado de sensacións extraordinarias, a alma conmovida por unha indicíbel melancolía. Parecíame ver unha aparición lamentábel e cómica, a sombra anticuada dun século. Tiña ganas de rir e necesidade de chorar.

De pronto, detivéronse, remataran as figuras da danza. Durante algúns segundos, ficaron un diante doutro, xesticulando dun modo sorprendente; por último bicáronse saloucando.

Tres días despois, marchaba á provincia. Nunca os vin de novo. Cando volví a París, dous anos máis tarde, destruíran o viveiro. Que sería deles sen o querido xardín de antano, cos seus camiños labirínticos, o seu cheiro a pasado e as graciosas retortas dos paseos?

Morreran? Vagarían polas rúas modernas coma exiliados sen esperanza? Danzarían, espectros insignificantes, un minueto fantástico entre os cipreses dun cemiterio, ao longo das sendas bordeadas de tumbas, ao claro da lúa?

O seu recordo acósame, obsesióname, tortúrame, reside en min coma unha ferida. Por que? Non o sei.

Sen dúbida vostedes atoparán isto ridículo, ou non?-

# O medo

*A J.-K. Huysmans*

Volvemos subir á ponte despois da cea. Ante nós, o Mediterráneo non tiña nin unha axitación na súa superficie, que unha gran lúa calma irisaba. O vasto barco desprazábase, lanzando ao ceo, que parecía sementado de estrelas, unha gran serpe de fume negro e, detrás de nós, a auga toda branca, axitada polo paso rápido do pesado navío, batida pola hélice, escumaba, parecía retorcerse, removía tantas claridades que parecía luz de lúa burbullante.

Estabamos alí, seis ou oito, silenciosos, extasiados, a mirada dirixida cara á África afastada, onde iamos. O comandante, que fumaba un cigarro no centro do grupo, retomou de pronto a conversa da cea.

- Si, ese día tiven medo. O meu navío permaneceu seis horas con esa rocha no ventre, azoutado polo mar. Afortunadamente, fomos recollidos, cara á noite, por un carboneiro inglés que nos albiscara.-

Entón un home robusto de figura curtida e aspecto grave, un deses homes que semellan ter atravesado grandes países descoñecidos, soportando perigos incesantes, e cuxa mirada serena parece gardar, na súa profundidade, algo das paisaxes estrañas que viu; un deses homes temperados na coraxe, falou por vez primeira:

- Vostede di, comandante, que tivo medo; non o creo. Trabúcase no referente á palabra e á sensación que padeceu. Un home enérxico nunca ten medo ante o perigo presente. Está emocionado, axitado, ansioso; pero o medo, iso é outra cousa.-

O comandante respondeu rindo:

- Caramba! Ratifícolle que eu tiven medo.-

Daquela, o home de pel bronceada pronunciou, con voz lenta:

- Permítame explicarme! O medo (e os homes máis ousados poden ter medo) é unha cousa arrepiante, unha sensación atroz coma unha descomposición da alma, un espasmo espantoso do pensamento e do corazón, cuxo recordo abonda para provocar arrepios de angustia. Pero iso non ocorre, se se é valente, nin ante un ataque, nin ante a morte inevitábel, nin ante todas as formas coñecidas do perigo: só sucede en certas circunstancias anormais, baixo certas influencias misteriosas, en fronte de riscos vagos. O verdadeiro medo é unha especie de reminiscencia dos terrores fantásticos de antano. Un home que cre nas aparicións, e que imaxina ver un espectro na noite, experimenta o medo en todo o seu pavoroso horror.

Eu presentín o medo en pleno día, hai uns dez anos, máis ou menos. Volvín sentilo, o inverno pasado, nunha noite de decembro.

Atravesei moitas circunstancias azarosas, aventuras que parecían mortais. Batinme a miúdo. Fun dado por morto por uns ladróns. Fun condenado en América, coma insurrecto, á forza, e guindado ao mar dende a ponte dun barco nas costas de China. Cada vez pensei que estaba perdido, pero resignábame inmediatamente, sen me abrandar, mesmo sen me arrepentir.

Pero o medo non é iso.

Presentino en África, aínda que é fillo do Norte e o sol disípaio coma á néboa. Presten atención a isto, señores. Para os orientais, a vida non vale nada; resígnanse de inmediato; as noites son claras e ausentes de lendas, as almas tamén están baleiras de sombrías inquietudes que acosan a razón nos países fríos. En Oriente, pódese coñecer o pánico, pero ignórase o medo.

Ben, pois isto foi o que me ocorreu nesa terra de África:

Atravesaba as grandes dunas do sur de Ouargla<sup>4</sup>. Trátase dunha das rexións máis estrañas do mundo. Todos vostedes coñecen a area tersa, a area parella do océano. Pois ben, imaxinen o mesmo océano convertido en area no medio dun furacán; imaxinen unha tempestade silenciosa de ondas inmóbiles de po amarelo. Son altas coma montañas, esas vagas irregulares, diferentes, alzadas repentinamente coma unha ondada liberada, pero aínda máis grandes, e estriadas coma o moaré.

---

<sup>4</sup> *N. do t.* Na actualidade é a provincia economicamente máis próspera de Alxeria.



Sobre este mar furioso, mudo e sen movemento, o sol devorador do sur derramaba a súa lapa implacábel e directa. Cómpre subir esas ondas de borralla de ouro, baixar de novo, escalar unha vez máis, escalar sen descanso, sen repouso e sen sombra. Os cabalos extenuados, afundidos ata os xeonllos, desprazándose baixan pola outra pendente das insólitas colinas.

Eramos dous amigos seguidos por oito sipahís<sup>5</sup> e catro camelos cos seus cameleiros. Xa ninguén falaba, abatidos pola calor, pola fatiga, desecados pola sede coma ese deserto ardente. Repentinamente, un deses homes lanzou unha especie de berro; todos se detiveron; ficamos inmóbiles, sorprendidos por un inexplicábel fenómeno coñecido polos viaxeiros nesas rexións perdidas.

En algures, preto de nós, nunha dirección indeterminada, un tambor batía, o misterioso tambor das dunas; batía con claridade, ás veces máis vibrante, e logo debilmente, deténdose para axiña retomar o seu redobre fantástico.

Os árabes, horrorizados, mirábanse; un dixo, na súa lingua: “a morte está sobre nós.” E de pronto o meu compañeiro, o meu amigo, case o meu irmán, caeu do cabalo, de cabeza, fulminado por unha insolación.

Durante dúas horas, mentres tentaba salvalo en van, ese tambor insaciábel sempre me colmaba a orella co seu ruído monótono, intermitente e incomprendible; sentía o medo, o verdadeiro medo, o repugnante medo, desprazarse nos meus ósos, en fronte dese cadáver amado, nese zulo incendiado polo sol entre catro montes de area, mentres que o eco descoñecido nos lanzaba, a duascenas leguas da aldea francesa máis próxima, o redobre rápido do tambor.

Ese día, comprendín o que era ter medo; e sóbeno aínda mellor noutra ocasión...-

O comandante interrompeu o narrador:

- Perdoe, señor, pero ese tambor? O que era?

O viaxeiro respondeu:

- Non o sei. Ninguén o sabe. Os militares, a miúdo sorprendidos por ese ruído singular, atribúeno xeralmente ao eco magnificado, multiplicado, desmesuradamente aumentado polas ondulacións das dunas, dun escorregamento de grans de area conducidos polo vento ata chocar cunha mata de herbas secas, dado que sempre se observou que o fenómeno se produce nos arredores de plantiñas queimadas polo sol, e duras coma o pergamiño.

Polo tanto, ese tambor non sería máis que unha especie de espellismo sonoro. Velaí o misterio. Pero iso non o souben ata máis tarde.

Chegamos á miña segunda emoción.

Foi no inverno pasado, nun bosque do nordeste de Francia. A noite chegou dúas horas antes de tempo, tan escuro estaba o ceo. Levaba por guía un campesiño que camiñaba ao meu carón, por un carreiro pequeniño baixo unha bóveda de abetos que ouveaban co vento desencadeado. Entre as copas, vía correr as nubes descarriladas, nubes violentas que semellaban fuxir de terror. Ás veces, a causa dunha inmensa ventada, todo o bosque se inclinaba no mesmo sentido cun xemido de sufrimento; e o frío absorbíame, a pesar do meu andar rápido e o meu groso abrigo.

Tiñamos que cear e durmir no refuxio dun garda forestal que non estaba moi lonxe de nós. Ía a esa rexión a cazar.

O meu guía, cada certo tempo, alzaba os ollos e murmuraba “que triste tempo!” Despois faloume da xente da casa a que iamos. O pai matara un cazador furtivo había dous anos e, dende aquela, parecía ensimesmado, como acosado por un recordo. Os seus dous fillos, casados, vivían con el.

As tebras eran profundas. Diante de min non vía nada, nin ao meu redor, e toda a ramaxe das árbores entrechocando enchían a noite cun rumor incesante. Finalmente, albisquei unha luz e, un momento despois, o meu compañeiro tropezaba cunha porta. Berros agudos de mulleres responderon. Despois, unha voz de home, unha voz contida, preguntou: “quen é?” O meu guía presentouse. Entramos. Atopamos unha escena inesquecible.

---

<sup>5</sup> *N. do t.* Soldados otománs que ían a cabalo e pertencían a unha tropa de elite, polo que parece inverosímil que Maupassant coñecese o significado preciso deste termo e seguramente empregaría por extensión.

Un ancián de cabelos brancos, mirada enlouquecida, o fusil cargado nas mans, esperábanos de pé no centro da cociña, mentres que dous grandes mozos, armados cunhas machadas, custodiaban a porta. Distinguín en dúas esquinas escuras un par de mulleres axeonlladas, o rostro oculto contra o muro.

Déronnos unha explicación. O vello colocou a súa arma contra o muro e ordenou que prepararan a miña habitación; despois, como as mulleres xa non estaban tan alteradas, díxome bruscamente: “verá, señor, matei un home, fanse dous anos esta noite. O ano anterior, volveu na miña procura. Esta noite, espero de novo a súa chegada.”

Logo engadiu cun ton que me fixo sorrir: “velaí por que non estamos tranquilos.”

Acougueino como puiden, sentíndome afortunado por chegar exactamente esa noite; e poder asistir ao espectáculo dese terror supersticioso. Conteí algunhas historias, e conseguín acalmar un pouco aos presentes.

Preto da cheminea, un vello can, case cego e bigotudo, un deses cans que lembran a xente coñecida, durmía co nariz entre as súas patas.

Fóra, a tempestade implacábel sacudía a pequena cabana e, a través dun pequeno cristal, unha especie de poxigo na porta, vin de pronto axitárense as árbores azoutadas polo vento iluminadas co resplandor de grandes lóstregos.

A pesar dos meus esforzos, sentía como un terror profundo se apoderaba desa xente, e cada vez que deixaba de falar, todas as orellas escoitaban ao lonxe. Enfastiado de asistir a ese temor imbécil, ía pedir licencia para me deitar, cando de pronto o vello garda saltou da súa cadeira e colleu de novo o fusil tateando cunha voz extraviada “alí está, alí está! Escóitoo!” As dúas mulleres caeron de novo de xeonllos nas súas esquinas ocultándose o rostro; e os fillos recolleron as súas machadas. Aínda ía tentar tranquilizalos, cando o can adormecido espertou bruscamente e, alzando a cabeza, tensando o pescozo, mirou cara á lume cos seus ollos case apagados, lanzou un deses lúgubres ouvidos que fan estremecerse aos viaxeiros, pola noite, no campo. Todas as miradas fixéronse nel que, mentres, permanecía inmóbil, erguido sobre as súas patas como acosado por unha visión, e volveu ouvear cara a algo invisíbel, descoñecido, sen dúbida horríbel, xa que todo o seu pelo se arrepiaba. O garda, lívido, berrou: “nótao! Nótao! Estaba comigo cando o matei.” E as mulleres, extraviadas, contemplábanse mutuamente, ouveando co can.

Ao meu pesar, un gran arrepió percorreu as miñas costas. A visión do animal nese sitio, nese momento, entre esa xente perturbada, era terríbel de contemplar.

Durante unha hora, o can ouveou sen se mover; ouveaba coma na angustia dun soño; e o medo, o espantoso medo, entraba en min; o medo a que? Acaso o sabía? Era o medo, só iso.

Ficamos inmóbiles, lívidos, á espera dun acontecemento aterrador, o oído atento, o corazón latexante, exaltados ante o menor ruído. O can comezou a dar voltas dentro da habitación, olfacteando as paredes, sempre xemendo. Ese animal volvíanos tolos! Entón, o campesiño que me conducira á casa, saltou sobre el, nunha sorte de paroxismo de terror furioso e, abrindo unha porta que daba a un pequeno patio interior, guindou o animal fóra.

Calou ao momento e quedamos afundidos nun silencio aínda máis arrepiante. De pronto, todos á vez, tivemos unha especie de sobresalto: un ser desprazábase contra o muro exterior cara ao bosque; despois pasou xunto á porta, que parecía tentar con man vacilante; logo non escoitamos máis nada durante dous minutos que fixeron que perdesemos o xuízo; entón volveu, sempre rozando o muro; rabuñou lixeiramente, como faría un neno cunha unlla; de repente, unha cabeza apareceu contra o cristal do poxigo, unha cabeza branca con dous ollos luminosos coma os das feras. E un son saíu da súa boca, un son indistinto, un murmurio queixoso.

Nese momento, un ruído formidábel estoupou na cociña. O vello garda disparara. Inmediatamente os fillos precipitáronse e taparon o poxigo levantando a gran mesa que suxeitaron co aparador.

Xúrolles que, co estrépito da escopetada que non esperaba, padecín unha angustia tal no corazón, na alma e no corpo, que me sentín desfalecer, case morrer de medo.

Permanecemos alí ata o abrente, incapaces de nos mover, de dicir unha palabra, crispados nun enlouquecemento indicíbel.

Non nos atrevemos a desatranca a porta ata que vimos, pola xanela do beirado, un delicado raio de luz do día.

Ao pé do muro, contra a porta, o vello can xacía, o fociño escachado por unha bala. Saíra do patio interior cavando un buraco baixo a cerca.-

O home do rostro moreno calou; despois engadiu:

- Aínda que aquela noite non corría ningún perigo, preferiría revivir todas as horas nas que afrontei os máis terribes riscos que ese minuto da escopetada sobre a cabeza barbuda do poxigo.-

## Chanza normanda

*A A. de Joinville*

A procesión despregábase polo camiño fondo, sombreado polas grandes árbores que medraban nos noiros das granxas. Os noivos ían diante, despois os familiares, despois os convidados, despois os pobres da rexión, e os pícaros que voaban ao redor do desfile, coma moscas, pasaban entre as ringleiras, escalaban ás pólas para ver mellor.

O noivo era un bo rapaz, Jean Patu, o granxeiro máis rico da rexión. Era, antes que nada, un cazador frenético que perdía o bo xuízo por satisfacer esa paixón, e gastaba moito diñeiro nos seus cans, nos seus batedores, nos seus furóns e nas súas escopetas.

A noiva, Rosalie Roussel, fora moi cortexada por todos os bos partidos dos arredores, xa que a atopaban cordial, e sabíase que tiña unha boa dote; pero ela escollera a Patu, quizais porque lle gustaba máis cós outros, ou quizais, seguindo o pensamento normando, porque tiña máis escudos de ouro.

Cando rodearon a gran cerca da granxa marital, corenta disparos de fusil estouparon sen que se visen os tiradores, ocultos nos fosos. Ese ruído provocou que unha gran ledicia invadise os homes que patexaron torpemente nos seus traxes de festa; e Patu, deixando a súa muller, saltou sobre un criado que vira detrás dunha árbore, empuñou a súa arma, e disparou el mesmo unha escopetada choutando coma un poldro.

Despois retomaron o camiño baixo as maceiras xa cargadas de froitas, a través das altas herbas, entre os cuchos que observaban cos seus grandes ollos, se erguían lentamente e ficaban de pé, o fociño tendido cara ao casamento.

Os homes recuperaban a seriedade mentres se achegaba o momento da comida. Algúns, os ricos, estaban engalanados con altos sombreiros de reluciente seda, quizais un pouco fóra de lugar; outros levaban vellos chapéus de pelo longo, podería dicirse que feitos con pel de toupa; os máis humildes ían coroados por gorras.

Todas as mulleres levaban mantóns frouxos sobre os ombreiros, e suxeitaban as puntas sobre os brazos cerimoniosamente. Estes eran vermellos, charramangueiros, brillantes, e o seu resplandor semellaba abraiar as galiñas negras sobre o estercoleiro, os parrulos na beira da charca e as pombas sobre os teitos de palla.

Todo o verde da campiña, o verde da herba e das árbores, parecía exasperado ao contacto con ese púrpura ardente, e as dúas cores, normalmente familiares, manifestábanse cegadoras baixo o fogo do sol do mediodía.

A gran quinta semellaba esperalos alá, ao outro extremo da bóveda das maceiras. Unha especie de fume saía da porta e das xanelas abertas, e o amplo edificio exhalaba un espeso cheiro a comida por todas as aberturas, incluso a través dos muros.

Coma unha serpe, o séquito dos convidados prolongábase polo patio. Os primeiros en chegar á casa rompían a ringleira, dispersábanse, mentres que os demorados aínda seguían entrando pola cerca aberta. Mentres tanto, as fosas estaban ateigadas de pícaros e de mendigos curiosos; e as escopetadas non cesaban, estalando por todas partes á vez, mesturando no aire unha néboa de

pólvora e ese cheiro que embriaga coma o asente.

Diante da porta, as mulleres golpeaban os seus vestidos para sacudir o po, desanoaban as oriflomas que servían de cinta aos seus sombreiros, desfaciáanse dos seus chales e pousábanos sobre os seus brazos para entraren na casa e despozárense definitivamente dos seus ornamentos.

A mesa estaba preparada na enorme cociña, que podía dar cabida a cen persoas.

Sentaron ás dúas da tarde. Ás oito aínda seguían comendo. Os homes liberados dos botóns, en mangas de camisa, coa cara vermella, engulían coma lobos. A sidra amarela relucía, alegre, clara e dourada, nas grandes copas, ao carón do viño tinto, do viño escuro, da cor de sangue.

Entre cada prato, facían o que se coñece coma *trou normand*, bebendo unha copa de augardente que mete lume nos corpos e tolemia nas cabezas.

Cada certo tempo un comensal, coa barriga coma un tambor, saía ata as árbores máis próximas, aliviábase, e despois volvía a entrar cunha fame negra renovada.

As granxeiras, escarlatas, sufocadas, os corpiños tensos coma globos, cortadas en dous polos xustillos, inchadas por arriba e por abaixo, permanecían sentadas á mesa por pudor. Pero unha delas, máis apremada, finalmente saíu, entón o resto se levantou tras ela á vez. Volvían máis alegres, dispostas a rir. E as bromas pesadas comezaron.

Tratábase dunha sarta de obscenidades soltadas ao longo da mesa, e todas referentes á noite de vodas. O arsenal do enxeño campesiño foi baleirado. Dende había cen anos, as mesmas obscenidades servían para as mesmas ocasións e, aínda que todos as coñecían, aínda producían efecto, facendo escachar coa risa ás dúas fileiras de convidados.

Un vello de cabelo gris declarou: “*pasaseiros pra Mézidon, a bordo*”<sup>6</sup>. E soaron alaridos de alegría.

Nun extremo da mesa, catro tipos da rexión preparaban chanzas á parella, e parecía que tiñan disposta unha boa, polo feito en que patexaban murmurando entre eles.

De pronto, un dos mozos, aproveitando un momento de calma, gritou:

- Serán os *casadores* furtivos os *qu’han* aproveitar esta noite, coa lúa *qu’hai!*... Daquela dime, Jean, non será esa a lúa *qu’asesarás* esta noite, non é?-

O noivo, bruscamente, deuse a volta:

- Que veñan aquí, os *casadores* furtivos!-

Pero o outro comezou a rir:

- Ah! *Sa* poden vir; ti non vas *deisar* os teus asuntos por iso!-

Toda a mesa foi sacudida polo xúbilo. O chan tremeu, as copas vibraron.

Pero o noivo, ante a idea de que puidesen aproveitar o seu casamento para cazar furtivamente nas súas terras, púxose furioso:

- *Só te digho* isto: “que veñan aquí!”-

Entón caeu unha chuvía de indecencias de dobre sentido que fixeron arrubiar un pouco á noiva, toda tremeluciente pola espera.

Despois, tras beber varios barrís de augardente, cada un partiu a se deitar; e os mozos acabados de casar entraron na súa habitación, situada na planta baixa, como todas as habitacións das granxas; e, como ía unha pouca calor, abriron a xanela e baixaron o toldo. Unha pequena lámpada de mal gusto, regalo do pai da muller, brillaba sobre a cómoda; e a cama estaba preparada para recibir a nova parella, que non facía tantas cerimoniais coma os burgueses das cidades á hora da súa primeira aperta.

A moza xa se quitara o seu sombreiro e o seu vestido, e permanecía no seu biso, desatando os seus botíns, mentres que Jean remataba un cigarro, mirando de esguello a súa compañeira.

Asexábaa cunha mirada brillante, máis sensual que tenra xa que a desexaba máis do que a amaba; e, de pronto, cun movemento brusco, coma un home que vai comezar o traballo, quitouse o seu traxe.

Ela xa desanoara os seus botíns e nese momento sacaba as medias; despois, dado que se atuaban dende a nenez, díxolle:

---

<sup>6</sup> *N. do t.* Xogo de palabras intraducíbel. Foneticamente, o nome de Mézidon, situado na Baixa Normandía, no departamento de Calvados, soa igual que *mets-y-donc*, “métello, pois”.

- Vai *poñert' alá*, detrás das cortiñas, que me vou meter na cama.-

El manifestou a súa oposición, despois fíxoo cun aire astuto, disimulando e deixando fóra a cabeza. A moza ría, quería taparlle os ollos, e xogaban dun xeito amoroso e alegre, sen pudor simulado e sen incomodidades.

Finalmente o mozo cedeu; entón, nun segundo, ela desanoou o seu último biso, que se desprazou polas súas pernas, caeu en torno aos seus pés e aplanouse redondo no chan. Deixouno alí, pasou por enriba, núa baixo o vaporoso camisón, e introduciuse no leito, cuxos resortes protestaron baixo o seu peso.

El chegou de seguido, xa descalzo, en roupa interior, e inclinouse cara á súa muller, na procura dos seus beizos que ela ocultaba na almofada, cando un disparo resoou ao lonxe, na zona da fraga dos Râpées, aparentemente.

O noivo púxose en pé, inqueda, o corazón crispado, e, correndo á fiestra, desenganchou o toldo.

A lúa chea bañaba o patio cunha luz amarela. A sombra das maceiras formaba manchas escuras aos seus pés e, ao lonxe, os campos, cubertos pola colleita madura, relucían.

Jean inclinárase cara a fóra, asexando todos os murmuriros da noite, e dous brazos espidos achegáronse para se anoar ao seu colo, e a súa muller, tirando del, murmurou:

- Déixao estar, que máis che dá? Vente comigo.-

Deuse a volta, tomouna entre os seus brazos, apertouna palpándoa por debaixo da lixeira tela; e, alzándoa cos seus robustos brazos, conduciuna cara ao seu leito.

No momento en que a pousaba sobre a cama, que cedía baixo o seu peso, unha nova detonación, esta vez máis próxima, resoou.

Entón Jean, sacudido por unha cólera tumultuosa, berrou:

- Por Deus sant...! De verdade cren que non hei saír pola túa culpa?... Mira e verás!-

Calzouse, descolgou o seu fusil que sempre pendía ao alcance da súa man, e, como a súa muller se arrastraba collida aos seus xeonllos suplicándolle, vehemente, desprendeuse dela con violencia, correu á xanela e saltou ao patio.

A moza esperou durante unha hora, dúas horas, ata o amencer. O seu marido non volveu. Daquela, perdeu os nervios, pediu axuda, contou como Jean fora presa do furor e saíra en persecución tras os cazadores furtivos.

De inmediato os criados, os carreteiros, os batedores partiron na procura do señor.

Atopárono a dúas leguas da granxa, atado dos pés á cabeza, medio morto de rabia, o seu fusil retorcido, os pantalóns ao revés, con tres lebres mortas ao redor do seu colo e un letreiro no seu peito: “quen vai de caza, perde a súa praza.”

E, máis tarde, cando narraba esa noite de vodas, engadía:

- Si! *Pra* unha brincadeira, foivos unha *mui* boa! Colléronme cun *laso* como a un coello, os cabróns, e cubríronme a *cabesa* cun saco. Pero se dou con eles un día, a que lles vai caer!-

E velaquí como se divirten durante os casamentos no país normando.

## As zocas

*A Léon Fontaine*

O vello cura balbucía as últimas palabras do seu sermón por enriba dos gorros brancos das campesiñas e dos cabelos ásperos ou graxentos dos labregos. As grandes cestas das granxeiras vindas de lonxe á misa foran pousadas no chan ao seu carón; e a pesada calor dun día de xullo desprendía de todo o mundo un cheiro de gando, un tafo a manda. O cacarexo dos galos entraba pola gran porta aberta, así como tamén o ruído das vacas tombadas nun campo veciño. Ás veces, un sopro de aire cargado de aromas do campo penetraba por debaixo do portal e, levantando ao seu

paso os longos listóns das cofias, facía vacilar sobre o altar as lapiñas amarelas dos cirios... “Como o desexa Deus misericordioso. Amén!” pronunciaba o sacerdote. Despois calou, abriu un libro e púxose, como cada semana, a comunicar aos seus fregueses os pequenos asuntos íntimos da comunidade. Era un home ancián de cabelo branco que administraba a parroquia dende había xa corenta anos, e o sermón servíalle para falar familiarmente con todo o seu entorno.

Repetiu:

- Encomendo ás vosas oracións a Désiré Vallin, quen está moi enfermo, e tamén a Paumelle que aínda non se restableceu do parto.-

Deixárase algo; procuraba anacos de papel colocados nun breviario. Finalmente, encontrou dous e continuou:

- Os mozos e as mozas non deben vir xuntos pola noite ao cemiterio, ou terei que advertir ao garda rural. O señor Césaire Omont queredría atopar unha rapaza honesta coma criada.-

Aínda reflexionou durante algúns segundos e por fin engadiu:

- Iso é todo, meus irmáns, que a graza de Deus estea convosco, no nome do Padre, do Fillo, e do Espírito Santo.-

E descendeu do púlpito rematando a súa misa.

Cando os Malandain volveron á súa choza, a última da aldea de La Sablière, no camiño a Fourville, o pai, un vello e pequeno campesiño, seco e engurrado, sentou ante a mesa, mentres que a súa muller descolgaba a marmita e a súa filla Adélaïde collía do aparador os vasos e os pratos, e dixo:

- *Quisais* non sería *mal'idea*, ese curro na casa do *siñor* Omont, vendo que o *ansián* é viúvo, que súa nora non o quere, *que'está* só e que ten cartos. *Quisais* fariamos ben enviándolle á Adélaïde.-

A muller pousou sobre a mesa a marmita ennegrecida, quitou a tapa e, mentres ascendía ao teito un vapor de sopa cargado dun arrecendo a col, reflexionaba.

O marido insistiu:

- Terá cartos, *seguro*. Aínda *qu'habería* que ser espelido e a Adélaïde é máis burra *qu'un* arado.-

Entón a esposa afirmou:

- De todos os *seitos*, poderíamos intentalo, non é?-

Logo, volvéndose cara á súa filla, unha alegre rapaza de aparencia parva, de cabelo amarelo e grandes meixelas vermellas coma mazás, berrou:

- Escoitas, babeca? Irás á casa do señor Omont *pra ofreserte* coma criada, e farás todo o que che pida.-

A moza empezou a rir estupidamente sen responder. Despois os tres comezaron a comer.

Transcorridos dez minutos, o pai repetiu:

- Óeme ben, filla, e intenta *faserme* caso no que che vou *disir*...-

E trazoulle en termos lentos e minuciosos toda unha regra de conduta, prevendo os menores detalles, preparándoa para esa conquista dun vello viúvo pelexado coa súa familia.

A nai deixara de comer para escoitar e permaneceu, co garfo na man, cos ollos sobre o seu home e sobre a súa filla alternativamente, seguindo esa lección cunha atención concentrada e muda.

Adélaïde permanecía inerte, a mirada errante e vaga, dócil e estúpida.

Cando a comida terminou, a nai mandoulle poñer o seu gorro, e as dúas partiron ao encontro do señor Césaire Omont. Este vivía nunha especie de casa de campo de ladrillos unida aos edificios da explotación que ocupaban os seus granxeiros. Deixara de aproveitar as súas terras para vivir das súas rendas.

Tiña ao redor de cincuenta e cinco anos; era grande, xovial e cazurro coma bo home rico. Ría e gritaba vehementemente, bebía sidra e augardente a cachón, e aínda pasaba por fogoso, malia a súa idade.

Gustáballe dar paseos polos campos, as mans por detrás das costas, afundindo as súas zocas de madeira na terra fértil, observando a colleita do trigo ou a floración da colza con ollo de bo

entendedor, que ama iso, pero que non se quere matar máis.

Diciase del: “é un can vello, que non sempre se levanta co pé dereito.”

Recibiu as dúas mulleres, o ventre á mesa, rematando o seu café. E, botándose cara atrás, preguntou:

- Que *desesan?*-

A nai tomou a palabra:

- Trátase de nosa filla Adélaïde que lla veño *ofreser* coma criada, polo que *diso* está mañá o *siñor* cura.-

O señor Omont observou á moza, e despois, bruscamente:

- Cantos anos ten este cacho burro?-

- Vai *faser* vinte e un en San Miguel, *siñor* Omont.-

- *D'acordo*; terá *quinse* francos ao mes e mais a *pitansa*. Espéroa mañá, *pra faser* o meu *almorso*.-

E despediu ás dúas mulleres.

Adélaïde tomou posesión do seu posto ao día seguinte e comezou a traballar duramente, sen dicir unha soa palabra, como facía na casa dos seus pais.

Cara ás nove da mañá, mentres limpaba as baldosas da cociña, o señor Omont chamouna:

- Adélaïde!-

Ela acudiu.

- Aquí me ten, meu *siñor*.-

En canto estivo ante el, coas mans vermellas e descoidadas, a mirada turbia, díxolle:

- *Escóitam'un* pouquiño, que non quero que *hasa* confusións entre nós. Ti es miña criada, pero só iso. Escoitas? Aquí cada moucho ao seu portelo<sup>7</sup>.-

- Si, meu *siñor*.-

- Cada quen no seu sitio, filliña, ti tes a túa *cosiña*; eu a miña sala. Aparte diso, todo será igual, *pra* ti como *pra* min. Estás *d'acordo*?-

- Si, meu *siñor*.-

- Daquela, *tod'está* claro, volve aos teus labores.-

E ela retomou o seu traballo.

A mediodía serviu a comida do señor na súa saliña empapelada; despois, cando a sopa estivo sobre a mesa, foi avisar ao señor Omont.

- Está servido, meu *siñor*.-

El entrou, sentou, mirou ao seu redor, despregou o seu pano de mesa, vacilou un segundo, e logo, cunha voz atronadora:

- Adélaïde!-

Ela acudiu, espantada. Omont berraba como se a fose esnacar:

- Pero, por *Dios*, e ti? *Ond'está* o teu sitio?

- Pero... meu *siñor*...

Ouveaba:

- Non me gusta comer só, por *Dios*; vas sentar alí ou *sa* te podes ir *larghando* se non queres!

Vai buscar *teu* prato e *teu* vaso.-

Aterrorizada, trouxo os seus cubertos balbucindo:

- Aquí me ten, meu *siñor*.-

E sentou fronte a el.

Entón el mostrouse máis animado; brindaba, golpeaba a mesa, contaba historias que ela escoitaba coa mirada baixa, sen ousar pronunciar nin unha palabra.

Cada tanto tempo, levantábase para ir procurar pan, sidra, o seguinte prato.

Cando levaba o café, só puxo unha cunca ante el; entón, enfadándose de novo, Omont gruñiu:

- E *logho*? E *pra* ti?-

---

<sup>7</sup> *N. do t.* En francés a expresión, común no mundo rural, é *ne pas meler les sabots* -non mesturar as zocas- de onde vén o nome do conto.

- Eu nunca tomo, meu *siñor*.-

- E por que nunca tomas?-

- Porque non me *ghusta*.-

Entón el estoupou de novo:

- Non me *ghusta* tomar meu café só, por *Dios*... Se non queres sentar e tomar o teu, *sa* te podes ir *larghando*, por *Dios*... Vai buscar unha cunca *aghora* mesmo!-

Foi buscar unha cunca, volveu sentar, probou o negro líquido, fixo un aceno de desagrado pero, baixo a mirada furiosa do amo, enguliu ata o último sorbo. Despois Omont obrigouna a beber o primeiro vaso de augardente da *rincette*<sup>8</sup>, o segundo para empurrar a *rincette*, e o terceiro, que, do forte que cae, semella unha patada no cu.

E o señor Omont deulle licenza:

-*Aghora* vai lavar a *vaisela*, es unha boa *rapasa*.-

Pasou o mesmo durante a cea. Despois, tivo que xogar unha partida de dominó; logo el enviouna á cama.

-Vai deitarte, eu subirei *asiña*.-

Ela dirixiuse á súa habitación, un faiado. Dixo as súas oracións, espiuse e introduciuse dentro das súas sabas.

Pero de pronto, deu un brinco, espantada. Un berro furioso facía tremer a casa:

- Adélaide!-

Abriu a súa porta e respondeu dende o seu faiado:

- Aquí me ten, meu *siñor*.-

- *Ond'estás, logho?*-

- Pois estou na miña cama, meu *siñor*.-

Entón el vociferou:

- Queres *baisar aghora*, por *Dios*...? Non me *ghusta* deitarme só, por *Dios*..., e se ti non queres, *sa* te podes ir *larghando*, por *Dios*...!-

Entón ela respondeu dende o alto, axitada, procurando a súa vela:

- Aquí me ten, meu *siñor*!-

El escoitou as súas pequenas zocas destapadas golpear a madeira de piñeiro da escaleira e, cando chegou aos últimos chanzos, colleuna polo brazo, e en canto deixou na porta o seu estreito calzado de madeira ao carón das grandes galochas do amo, lanzouna dentro da súa habitación gruñindo:

- Máis a présa, filla, por *Dios*...!-

Mentres ela repetía sen cesar, xa sen saber o que dicía:

- Aquí me ten, aquí me ten, meu *siñor*.-

Seis meses despois, foi ver os seus padres un domingo; o seu pai examinouna con curiosidade, logo preguntou:

- *T'estás* preñada?-

Ela ficou vendo o seu ventre, estupidamente, repetindo:

- Pois non, eu coído que non.-

Entón el interrogouna, desexando sabelo todo:

- Dime, filla, *algunha* noite *deisastes* de respectar aquilo de que cada moucho ao seu portelo?-

-Si, *fisébolo* a primeira noite, e *logho* todas as demais.-

- *Daquel'estás* preñada, *ghran* barril!-

Ela comezou a saloucar, balbucindo:

- Eu *qu'ía* saber? Eu *qu'ía* saber?-

O pai Malandain asexábaa, coa mirada espelida, o rostro satisfeito. Preguntou:

- *Qu'é* o que non sabías, *logho*?-

---

<sup>8</sup> *N. do t.* Vocábulo intraducíbel que significa bebida alcólica que se toma na mesma cunca do café ao rematar con este.



Ela pronunciou, a través das súas bágoas:

- Eu non sabía *qu'así se fasían* os nenos, pois!-

Nese momento a súa nai entraba. O home repetiu, sen cólera:

- Alí a tes, chea, en boa hora.-

Pero a muller enfadouse, indignada por instinto, inxuriando a grandes voces á súa filla, chorando a fio, tachándoa de pailana e de puta.

Entón o vello fixoa calar. E mentres collía a súa gorra para ir arranxar os seus asuntos co señor Césaire Omont, afirmou:

- Esta é aínda máis bruta do que nunca pensara. Nin sequera sabía o que *fasía*, esta *neghada*.-

No sermón do seguinte domingo, o vello cura fixo público o anuncio do casamento do señor Onufre-Césaire Omont con Céleste-Adélaïde Malandain.

## A reparadora de cadeiras

*A Léon Henrique*

Ocorreu na sobremesa da comida coa que o marqués de Bertrans inauguraba a tempada de caza. Once cazadores, oito mozas e o médico da rexión estaban sentados en torno a unha gran mesa iluminada, cuberta de froitos e flores.

Falábase de amor, e unha gran discusión aumentaba de intensidade, a eterna discusión coa que se procuraba saber se se podía amar verdadeiramente unha ou varias veces. Citábanse exemplos de persoas que nunca tiveran máis que un amor formal; citábanse tamén outros de xente que amara acotío, con intensidade. Os homes, en xeral, pretendían que a paixón, coma as enfermidades, pode afectar varias veces ao mesmo ser, e ás veces matala se algún obstáculo se interpoñía entre este e a persoa amada. Se ben esta maneira de pensar non era contestábel, as mulleres, cuxa opinión se apoiaba máis na poesía que na observación, afirmaban que o amor, o amor verdadeiro, o grande amor, non podía golpear máis que unha vez a un mortal, que ese amor era semellante ao lóstrego, e que un corazón tocado por el ficaba a continuación tan baleiro, estragado, reducido, que ningún outro sentimento poderoso, incluso ningún soño, podía xermolar de novo.

O marqués, grande amante en repetidas ocasións, combatía vivamente este crenza:

- Eu dígolles que se pode amar moitas veces con todas as forzas e toda a alma. Cítanme o caso de persoas que se mataron por amor, como proba da imposibilidade dunha segunda paixón. Asegúrolles que, de non teren cometido esa estupidez de se suicidaren, o que lles negaba toda posibilidade de restablecemento, sandarían; e volverían comezar, unha e outra vez, ata a súa morte natural. Hai namorados como hai borrachos. Quen bebeu, beberá. Quen amou, amará. É unha cuestión de temperamento, só iso.-

Designouse ao doutor coma árbitro, un vello médico parisiense retirado na campiña, e pedíronlle que dese a súa opinión.

Curiosamente, non tiña ningunha ao respecto:

- Como dixo o marqués, é unha cuestión de temperamento; persoalmente, tiven coñecemento dunha paixón que durou cincuenta e cinco anos, sen unha soa interrupción, e que non rematou ata a morte.-

A marquesa bateu as mans.

- Que fermoso é iso! E que soño ser amado desa maneira! Que sorte vivir cincuenta e cinco anos completamente resgardado por ese afecto tan intenso e penetrante! Que feliz debeu ser e como tivo que bendicir a súa vida, aquel que foi adorado dese xeito!-

O médico sorriu:

- En efecto, señora, non se equivoca nesa cuestión: o ser amado foi un home. Vostedes coñéceno: trátase do señor Chouquet, o farmacéutico da vila. Respecto a ela, a muller, tamén a

coñeceron: trátase da vella reparadora de cadeiras que viña todos os anos ao castelo. Pero vou tentar facerme entender mellor.-

O entusiasmo das mulleres decaera; os seus rostros anoxados transmitían “puah!”, como se o amor non debese afectar máis que a seres finos e distinguidos, os únicos dignos do interese da xente respectábel.

O médico proseguiu:

- Hai tres meses, fun chamado ao carón do leito de morte desa anciá. Chegara na véspera, no carro que lle servía de casa, arrastrada polo faco que viron, e acompañada dos seus dous grandes cans negros, os seus amigos e gardiáns. O cura xa estaba alí. Nomeounos os seus testamenteiros e, para nos desvelar o sentido das súas últimas vontades, contounos toda a súa vida. Nunca escoitara nada máis singular e desgarrador.

O seu pai era reparador de cadeiras e a súa nai tamén. Nunca tivo unha vivenda fixa.

Dende pequena vagaba, farrapeira, piollenta, miserábel. Detíñanse á entrada das vilas, ao carón das cunetas; desenganchaban o carro; o cabalo pacía; o can durmía co fociño sobre as súas patas; e a pequena arrolábase na herba mentres que o pai e a nai remendaban, á sombra dos olmos do camiño, todas as vellas cadeiras da rexión. Non se falaba moito nesa residencia ambulante. Apenas as palabras necesarias para decidiren quen faría o percorrido polas casas lanzando o berro ben coñecido: “reeeparadores de cadeiras!” Púñanse a retorcer a palla, fronte a fronte ou de lado. Cando a nena ía demasiado lonxe ou tentaba relacionarse con algún pillabán da vila, a voz encolerizada do pai chamáballe:

- Queres vir de inmediato, crápula?-

Esas eran as únicas palabras de tenrura que escoitaba.

Cando medrou un pouco, enviábana a recoller os asentos das cadeiras avariadas. Daquela, comezou a esbozar algunhas relacións cos pícaros das vilas polas que ían pasando; pero entón eran os pais dos seus novos amigos os que chamaban brutalmente aos seus fillos:

- Ven aquí agora mesmo, loubán! Que non te vexa rexoubar con esa mendicante!...-

Acotío os nenos guindábanlle pedras.

Cando algunha dama lle daba uns céntimos, gardábaos coidadosamente.

Un día -daquela tiña once anos- ao pasar por esta rexión, atopou, detrás do cemiterio, ao pequeno Chouquet que choraba porque un compañeiro lle roubara dous pesos. As bágoas dese pequeno burgués, dun dese rapaces que ela imaxinaba, na súa feble cachola de desherdada, estar sempre contentos e felices, conmocionárona. Achegouse e, cando soubo a causa da súa pena, verteu entre as súas mans todos os seus aforros, sete céntimos, que el tomou con naturalidade, secando as súas lágrimas. Entón, louca de alegría, tivo a audacia de bicalo. Como o rapaz contemplaba atentamente as súas moedas, deixouna facer. Ao non se ver nin repelida nin golpeada, recomezou; bicouno e apertouno, con todo o seu corazón. Despois saíu correndo.

O que pasou nesa miserábel cabeza? Acaso se namorara dese cativo ao sacrificar por el a súa fortuna de vagabunda, ou ao darlle o seu primeiro bico de amor? É un misterio tanto para os pequenos como para os maiores.

Durante meses, soñou con aquel recuncho do cemiterio e con ese rapaz. Coa esperanza de velo de novo, roubaba aos seus pais rebuscando un céntimo por aquí, outro por alá, colléndoo dos arranxos das cadeiras, ou das provisións que debía mercar.

Cando volveu, levaba dous francos no seu peto, pero non puido ver o pequeno farmacéutico, que estaba ben elegante, máis que a través dos cristais do negocio paterno, entre un tarro vermello e unha tenia.

Amábao coa mesma intensidade, seducida, conmovida, extasiada por esa gloria de auga coloreada, esa apoteose de cristais relucentes.

Gardaba con celo o seu recordo imborrábel e, cando o reencontrou, un ano máis tarde, detrás da escola, xogando ás bólas cos seus compañeiros, lanzouse sobre el, tomouno entre os seus brazos e bicouno con tanta violencia que o mozo comezou a ouvear de terror. Entón, para tranquilizalo,

deulle o seu diñeiro: tres francos e vinte céntimos, un verdadeiro tesouro, que el observou con mirada asombrada.

Tomou os cartos e deixouse agarimar canto ela quixo.

Durante os seguintes catro anos, ela verteu entre as súas mans todos os seus aforros, que el se embolsaba con consciencia a cambio duns beixos consentidos. Unha vez foron trinta céntimos, outra dous francos, outra máis doce céntimos (a rapaza chorou de pena e de humillación, pero o ano fora moi malo) e a última vez, cinco francos, unha gran moeda redonda que lle fixo rir cun sorriso alegre.

Ela só pensaba nel e el esperaba a súa chegada cunha certa impaciencia, corría ao seu encontro en canto a vía, o que facía saltar de alegría o corazón da pequena.

Un día, el desapareceu. Metérano no colexio. A moza sóuboo grazas a hábiles interrogatorios. Entón ela empregou unha diplomacia infinita para cambiar o itinerario dos seus pais e facerlles pasar por esa vila durante as vacacións. Finalmente tivo éxito, tras un ano de artimañas. Levaba xa dous anos sen o ver; e recoñeceuno con dificultade, tanto cambiara: crecido, máis fermoso, imponente coa súa túnica de botóns de ouro. Finxiu non a ver e pasou orgullosamente ao seu carón.

Chorou durante dous días; e dende aquela sufriu sen fin.

Volvía todos os anos; pasaba diante del sen ousar saudarlo e sen que el se dignase incluso a dirixir a súa ollada cara a ela. Ela amábao perdidamente. Díxome: “é o único home que vin nunca sobre a terra, doutor; non sei se os outros sequera existen.”

Os seus pais morreron. Ela continuou co seu oficio, pero levaba dous cans en lugar dun, dous terribes cans que ninguén ousaría desafiar.

Un día, mentres entraba nesa vila onde deixara o seu corazón, viu unha moza saíndo da farmacia Chouquet collida do brazo do seu ben amado. Era a súa muller. Estaba casado.

Esa mesma noite, precipitouse no estanque que había na praza do concello. Un borracho demorado rescatouna e levouna á farmacia. O pequeno Chouquet descendeu en roupa de cama para atendela e, sen a aparentar recoñecer, espiuna, deulle unhas fregas e díxolle, con voz dura: “pero está tola! Non hai que ser tan estúpida!”

Iso abundou para sandala. Faláralle! Sería feliz por moito tempo.

O mozo non aceptou recibir nada coma remuneración polos seus coidados, aínda que ela insistiu vivamente en pagarlle.

E toda a súa vida avanzou así. Ela arranxaba as súas cadeiras soñando con Chouquet. Todos os anos o observaba a través dos cristais. Colleu o costume de mercar na súa tenda as provisións de medicamentos. Desa maneira, ela podía velo de preto, falaba con el e aínda lle daba cartos.

Como lles comentei ao comezo, ela morreu esta primavera. Tras contarme toda esta triste historia, suplicoume que lle entregase, a aquel que amara tan pacientemente, todos os aforros da súa vida, xa que -afirmaba- só traballara para el, incluso xaxuando para economizar, e estar segura de que el pensaría nela, polo menos unha vez, cando morrera.

Entón deume dous mil trescentos vinte e sete francos. Deixei ao cura vinte e sete francos para o enterramento, e levei o resto comigo cando ela exhalou o último suspiro.

Ao día seguinte, presenteime na casa dos Chouquet. Acababan de almorzar, un fronte ao outro, gordos e colorados, cheirando a produtos farmacéuticos, importantes e satisfeitos.

Invitáronme a sentar; ofrecéronme un kirsch, que aceptei, e comecei o meu discurso con voz conmovida, convencido de que rematarían por chorar.

Cando el finalmente comprendeu que fora amado por esa vagabunda, por aquela reparadora de cadeiras, por esa muller sen fogar, Chouquet saltou de indignación, como se lle roubase a súa reputación, a estima da xente honesta, o seu honor íntimo, algo delicado que fose para el máis prezado cá vida mesma.

A súa muller, tan exasperada coma el, repetía: “esa mendiga! Esa mendiga! Esa mendiga!...” Sen poder atopar outra cousa que dicir.

Chouquet levantárase; camiñaba a grandes pasos por detrás da mesa, o seu gorro de farmacéutico pendurado dunha orella. Balbucía: “acaso pode comprender isto, doutor? Que cousas

tan horríbeis para un home! O que facer? Oh! De sabelo cando aínda estaba viva, faríaa deter pola xendarmería e meter en prisión. E nunca máis saíría de alí, polo meu honor!”

Permanecín estupefacto ante o resultado da miña piadosa xestión. Non sabía o que dicir nin o que facer. Pero tiña que completar a miña misión. Retomei o asunto: “a falecida encomendoume poñer á súa disposición todos os seus aforros, que ascenden a dous mil trescentos francos. Como o que acabo de contarlles parece tan desagradábel para vostedes, quizais o mellor sería doar ese diñeiro aos pobres.”

Observáronme, o home e a muller, desorientados pola conmoción.

Extraín os cartos do meu peto, ese miserábel diñeiro de todas as rexións e de todas as cuñaxes, de ouro e de mesturas de menor valor. Despois preguntei: “o que deciden, señores?”

A señora Chouquet falou en primeiro lugar: “pero, dado que esa foi a última vontade desa muller... paréceme que non sería correcto rexeitalo.”

O marido, vagamente confuso, respondeu: “con ese diñeiro, poderíamos mercar algo para os nosos nenos.”

Dixen cun ton seco: “como vostedes queiran.”

Respondeu: “déamo, dado que ela así llo encargou; xa atoparemos un medio de empregalo nalgunha boa obra.”

Deilles o diñeiro, despedínme e marchei.

Ao día seguinte, Chouquet veu verme e, bruscamente: “vexo que ela deixou aquí o seu carro, esa... esa muller. Que fará vostede con ese carro?”

“Nada, se o desexa, tómeo.”

“Perfecto; vaime ser moi útil; farei unha caseta no meu horto con el.”

Marchou. Chameino de novo. “Tamén deixou o seu vello cabalo e os seus dous cans. Quéreos?” Detívose, sorprendido: “claro que non! Que quere que faga con iso? Dispoña deles como vostede queira.” E ría. Despois tendeu-me a súa man que estreitei. Que opción tiña, señores? Non está ben que nunha rexión o médico e o farmacéutico sexan inimigos.

Conservei os cans. O cura, que ten un gran corazón, fíxose cargo do cabalo. O carro serve coma caseta a Chouquet quen mercou cinco bonos do ferrocarril co diñeiro.

Velaquí o único amor profundo que atopei na miña vida.-

O médico calou.

Entón a marquesa, que tiña os ollos anegados en bágoas, suspirou:

- Decididamente, só as mulleres saben amar con paixón!-

## Na mar

*A Henry Céara*

Ultimamente, púidose ler nos xornais as seguintes liñas:

BOULOGNE-SUR-MER, 22 de xaneiro. Comunícanos:

“Unha espantosa desgraza volveu espaxear a consternación entre a nosa poboación mariñeira que xa fora castigada nos últimos dous anos. O pesqueiro dirixido polo patrón Javel, que entraba no porto, foi lanzado cara ao oeste e chocou contra as rocas que forman o dique do espigón.

A pesar dos esforzos do barco de salvamento e dos cables guindados co canón lanzacabos, catro homes e o grumete faleceron.

O mal tempo continúa. Témense novos sinistros.”

Quen é ese patrón Javel? Trátase do irmán do manco?

Se o pobre home derrubado polas ondas, e quizais morto baixo os restos do seu barco esnaquizado, é aquel en quen penso, foi testemuña, hai xa dezaioito anos, doutro drama, terríbel e simple, como sempre son eses dramas formidábeis da mar.

Daquela, Javel o maior era patrón dunha traíñeira.

A traíñeira é o barco de pesca por excelencia. Suficientemente sólido como para non temer enfrontarse a ningunha tempestade, o ventre redondo, balanceado sen cesar pola marea coma un flotador, sempre no exterior, sempre azoutado polos ventos duros e salgados da Mancha, traballa a mar, infatigábel, a vela inchada, arrastrando polo costado unha grande rede que peitea o fondo do océano, desprende e recolle todos os seres durmidos nas rochas, os peixes planos adheridos á area, os pesados cangrexos de patas curvas, os lumbrigantes de antenas afiadas.

Cando a brisa é fresca e as ondas reducidas, o barco dispónse a pescar. A súa rede é fixada ao longo dunha gran vara de madeira gornecida de ferro, e déixase baixar mediante dous cables que se desprazan sobre dous roletes situados nos dous extremos da embarcación. E o barco, abaneado polo vento e a corrente, vai arrastrando este aparello que estraga e devasta o chan da mar.

Javel levaba a bordo o seu irmán menor, catro homes e mais un grumete. Saíran de Boulogne cun tempo despexado coa intención de lanzar a traíña.

Pero de repente o vento elevouse, e a chegada dunha borrasca forzou a traíñeira a fuxir. Alcanzaron as costas de Inglaterra; pero a mar embravecida golpeaba os acantilados e chocaba contra a terra, volvendo a entrada no porto unha tarefa imposíbel. O pequeno barco regresou a alta mar e retrocedeu cara ás costas de Francia. A tempestade aínda facía infranqueábeis os diques de espigón, envolvendo de espuma, de ruído e de perigo todas as inmediacións dos refuxios.

A traíñeira retrocedeu unha vez máis, desprazándose sobre a marea, sacudida, axitada, enchoupada, batida por columnas de auga, pero valente, malia todo, habituada a eses climas atroces que a obrigaban, ás veces, a pasar cinco ou seis días errando entre os dous países veciños sen poder atracar en ningún dos dous.

Finalmente, a tormenta amainou mentres se atopaban en alta mar e, aínda que as ondas seguían sendo fortes, o patrón ordenou botar a traíña.

O grande aparello de pesca foi pasado por enriba da borda e, dous homes en proa e dous en popa, comezaron a desprazar sobre os roletes as amarras que o suxeitaban. De pronto, tocou fondo, pero unha onda máis alta inclinou o barco; Javel o pequeno, que estaba na proa e dirixía o descenso da rede, cambaleou e o seu brazo quedou prendido entre a corda, frouxa momentaneamente pola sacudida, e a madeira contra a que se desprazaba. Fixo un esforzo desesperado, tentando levantar a amarra coa outra man, pero a traíña xa avanzaba e o cable, tenso de novo, non cedeu máis.

O home, crispado pola dor, chamou os compañeiros. Todos acudiron. O seu irmán abandonou o temón. Lanzáronse sobre a corda, esforzándose por liberar o membro que esnaquizaba. Foi en van.

- Cómpre *curtar*-, dixo un mariñeiro, e sacou do peto un longo coitelo que podía, en dous cortes, salvar o brazo de Javel o pequeno.

Pero cortar significaba perder a traíña, e esa traíña custaba cartos, moitos cartos, mil cincocentos francos; e pertencía a Javel o maior, quen valoraba moito as súas pertenzas.

Berrou, co corazón torturado:

- Non *curtes*, espera, vou *orsar*.- E correu á cabina, colocando todo o temón cara abaixo.

O barco apenas obedeceu, paralizado por esa rede que inmovilizaba o seu impulso, e arrastrado, ademais, pola forza da orza e do vento.

O pequeno Javel deixárase caer sobre os xeonllos, os dentes apertados, os ollos turbados. Non dicía nada. O seu irmán volveu, sempre temendo o coitelo dun mariñeiro:

- Espera, espera, non *curtes*, hai que botar a áncora.-

A áncora foi botada, con toda a cadea estendida, despois viraron o cabrestante para deter as amarras da traíña. Finalmente, estas cederon un pouco e liberaron o brazo inerte, baixo a mancha de la ensanguentada.

Javel o pequeno semellaba idiotizado. Retiráronlle a mariñeira e viron unha cousa horríbel:

un amasillo de carne do que brotaba o sangue a cachón, tanto que parecía impulsado por unha bomba. Entón o home observou o seu brazo e murmurou:

- Arruinado.-

Logo, como a hemorraxia formaba un charco sobre a cuberta do barco, un dos mariñeiros berrou:

- Vaise baleirar, hai *qu'anoar* a vea.-

Colleron unha piola, unha piola grosa, escura e alcatranada, prenderon o brazo por enriba da ferida e apertaron con todas as súas forzas. Os chorros de sangue detivéronse pouco a pouco; finalmente cesaron por completo.

Javel o pequeno ergueuse, o seu brazo pendía ao seu carón. Tomouno coa outra man, levantouno, deulle a volta, axitouno. Estaba todo roto, os ósos estragados; só os músculos sostiñan ese anaco do seu corpo. Observábao cunha mirada taciturna, reflexionando. Despois sentou sobre unha vela pregada, e os compañeiros aconselláronlle mollar constantemente a ferida para impedir o *Mal negro*.

Puxeron un cubo ao seu carón e, cada minuto, collía un vaso de auga e bañaba con el a horribel ferida deixando que pequenos fíos de auga clara se escorregasen sobre ela.

- Estarías *millor abaiso*-, díxolle o seu irmán. Descendeu, pero ao cabo dunha hora volveu subir: non se sentía ben só. Ademais, prefería o aire libre. Volveu sentar sobre a súa vela e recomezou a humedecer o seu brazo.

A pesca fora boa. Os grandes peixes de ventre branco xacían ao seu carón, sacudidos polos espasmos da morte; observábaos sen deixar de bañar as súas carnes esmagadas.

Cando ían volver a Boulogne, desencadeáronse novas ventadas e o pequeno barco reiniciou a súa louca carreira, saltando e bambeando, sacudindo o triste ferido.

A noite chegou. O tempo foi violento ata a aurora. Coa saída do sol, puideron albiscar de novo Inglaterra pero, como a mar estaba menos brava, bordearon a costa en dirección a Francia.

Cara á noite, Javel o pequeno chamou os seus compañeiros e mostroulles marcas negras, unha acusada aparencia de podremia na parte do membro que xa non lle pertencía.

Os mariñeiros observaron, dando as súas opinións.

- Ben podía ser o *Neghro*-, pensaba un deles.

- Temos que botarlle *augha salghada* no *braso*-, declarou outro.

Trouxeron auga salgada e derramárona sobre o mal. O ferido púxose lívido, rinchou os dentes, retorcese un pouco, mais non gritou.

Logo, cando o ardor foi diminuindo:

- Dáme o teu coitelo-, díxolle ao seu irmán. Este tendeu o seu coitelo.

- Sostenme o *braso* no aire, todo *direito*, e tira cara arriba.-

Fixo o que pedía.

Entón comezou a cortarse a si mesmo. Cortaba amodiño, con atención, rebandando os últimos tendóns con esa folla aguda, coma unha navalla de afeitar; e pronto non houbo máis ca un toco. Lanzou un profundo suspiro e declarou:

- Había que *faselo*. Estaba arruinado.-

Parecía aliviado e respiraba con forza. Volveu verter auga sobre o anaco de membro que lle quedaba.

A noite foi mala e non puideron desembarcar.

Cando o día chegou, Javel o pequeno tomou o seu brazo cortado e examinouno detidamente. A putrefacción manifestábase. Os compañeiros achegáronse tamén para examinalo: pasábano de man en man, apalpábano, dábanlle a volta, cheirábano.

O seu irmán dixo:

- Hai que tirar iso á mar *aghora* mesmo.-

Pero Javel o pequeno enfadouse:

- Claro que non! Claro que non! Non quero. É meu, non é?, é meu *braso*.-

Colleuno e colocouno entre as súas pernas.

- Iso non vai *faser qu'apodresa* menos-, dixo o maior. Entón o ferido tivo unha idea. Para conservaren o peixe cando debían pasar longas tempadas na mar, amoreábano en barrís de sal.

Preguntou:

- Podería metelo na salmoira, *logho*.-

- Aí falaches-, declararon os outros.

Baleiraron un dos barrís, que xa estaba cheo coa pesca dos días anteriores e, ben no fondo, depositaron o brazo. Botaron sal por enriba e logo recolocaron, un a un, os peixes.

Un dos mariñeiros chanceou:

- Sempre que non o vendamos na *lonsa*...-

E todos riron, agás os dous Javel.

O vento seguía soprando. Seguiron bordeando con Boulogne á vista ata o día seguinte ás dez da mañá. O ferido continuaba botando auga sen cesar sobre a súa chaga.

Cada tanto, púñase de pé e camiñaba dun extremo ao outro do barco.

O seu irmán, que levaba o temón, seguíalle coa vista balanceando a cabeza.

Finalmente, entraron ao porto.

O médico examinou a ferida e declarou que sandaría ben. Fixo unha cura completa e ordenou repouso. Pero Javel o pequeno non se quixo deitar sen antes recuperar o seu brazo, e volveu rapidamente ao porto para recobrar o barril que marcara cunha cruz.

Baleirárono diante del e fíxose co seu membro, ben conservado na salmoira, engurrado, frío. Envolveuno nun pano que levara a posta, e volveu á súa casa.

A súa muller e os seus fillos examinaron detidamente ese anaco do pai, tenteando os dedos, quitando os grans de sal que aínda quedaban baixo as unllas; despois fixeron vir ao carpinteiro que tomou as medidas para un pequeno ataúde.

Ao día seguinte toda a tripulación da traíñeira acudiu ao enterramento do brazo perdido. Os dous irmáns, un ao carón do outro, encabezaron o dó. O sancristán da parroquia sostiña o cadáver baixo a súa axila.

Javel o pequeno non navegou máis. Obtivo un pequeno emprego no porto e, cando, pasado o tempo, falaba do seu accidente, confiaba en voz baixa ao seu interlocutor:

- Se daquela meu irmán *quisese curtar* a traíña, aínda tería meu *braso, seghuro*. Pero miraba *muito* polas súas posesións.-

## Un normando

*A Paul Alexis*

Acababamos de saír de Rouen e transitabamos a bo trote pola ruta de Jumièges. A lixeira carruaxe voaba, atravesando os prados; despois, o cavalo diminuíu o paso para subir a costa de Canteleu.

Esa é unha das paisaxes máis esplendorosas que hai no mundo. Ás nosas costas, Rouen, a cidade das igrexas, dos campanarios góticos, traballados coma *bibelots*<sup>9</sup> de marfil; ante nós, Saint-Sever, o suburbio das manufacturas que erixe os seus milleiros de chemineas fumeantes cara ao gran ceo ao carón dos milleiros de pináculos sacros da antiga cidade histórica.

Aquí a agulla da catedral, o cumio máis alto dos monumentos humanos; e alá a *Pompe à feu* da *Foudre*, o seu rival case tan grandioso, e que supera nun metro a máis xigantesca das pirámides de Exipto.

Diante de nós, o Sena fluía, ondulante, sementado de illas, flanqueado á dereita por brancos acantilados coroados por un bosque, e á esquerda por prados inmensos limitados por outro bosque,

---

<sup>9</sup> *N. do t.* Típica figuriña decorativa.

máis alá, aínda máis lonxe.

Espallados, grandes navíos ancorados ao longo da beira do ancho río. Tres enormes vapores afastábanse, en fila india, cara ao Havre; e un rosario de navíos, formado por un buque de tres mastros, dúas goletas e un barco de dous mastros, remontaba o río cara a Rouen, arrastrado por un pequeno remolcador que vomitaba unha nube de fume negro.

O meu compañeiro, nado na rexión, nin sequera observaba esa sorprendente paisaxe, mais sorría sen cesar; parecía rir no seu interior. De súpeto exclamou:

- Ah! Vostede vai ver algo peculiar: a capela do padre Mathieu. Iso é a flor e a crema, meu amigo.-

Observeino cunha mirada asombrada. Prosegiu:

- Vou facerlle ulir un cheiro de Normandía que lle quedará no nariz. O padre Mathieu é o máis fermoso normando da provincia, e a súa capela unha das marabillas do mundo, nada menos; pero antes voulle dicir algunhas palabras a modo de explicación.

O padre Mathieu, chamado tamén o padre “a bebida”, é un ancián sarxento maior que volveu á súa vila natal. Reúne o humor do vello soldado e a astuta malicia do normando en proporcións admirábeis para crear un conxunto perfecto. Á volta á rexión converteuse, grazas a múltiples proteccións e habilidades inverosímiles, no gardián dunha capela milagrosa, unha capela protexida pola Virxe e frecuentada principalmente polas mozas encintas. Bautizou a súa estatua marabillosa: “Nosa Señora do Gran Ventre”, e tratábaa cunha familiaridade burlona que non excluía un certo respecto. Incluso compuxo el mesmo e mandou imprimir unha peza especial para a súa “virxe misericordiosa”. Esta oración é unha obra mestra da ironía involuntaria, do espírito normando no que a chanza se mestura co medo ao santo, o medo supersticioso á influencia secreta dun algo descoñecido. El mesmo non cre moito na súa patroa; non obstante, cre un pouco, por prudencia, e coida da estatua, por política.

Velaquí o comezo desta abraiante oración:

“Nosa dama misericordiosa Virxe María, patroa natural das nais solteiras desta rexión e en toda a terra, protexede a vosa serva que pecou nun momento de debilidade.”

Esta súplica remata así:

“Sobre todo, non vos esquezades de min ante o voso santo Esposo e intercedede ante Deus Padre, para que me conceda un bo marido semellante ao voso.”

Esta pregaría, prohibida polo clero da comarca, é vendida polo padre Mathieu por debaixo da mesa, parece ser saudábel para aqueles que a recitan con fervor.

En resumo, fala da benaventurada Virxe, como o faría do seu señor o axuda de cámara dun príncipe temido, confidente de todos os segredos íntimos, incluso os máis pequenos. Sabe unha morea de historias divertidas que di polo baixo, entre amigos, tras unhas copas.

Pero xa o verá vostede mesmo.

Como os ingresos procedentes da patroa non lle parecían suficientes, anexou á Virxe principal un pequeno comercio de santos. Tenos todos ou case todos. Como non ten espazo abondo na capela, almacénaos no leñeiro, de onde os saca en canto un adepto llo pide. El mesmo confeccionou estas estatuas de madeira, sorprendentemente cómicas, e pintounas todas dunha cor verde brillante un ano que pintaran a súa casa. Vostede sabe que os santos curan enfermidades; pero cada un ten a súa especialidade e cómpre non cometer confusións nin erros. Son celosos entre eles, como se fosen divas.

Para non se equivocaren, as anciás piadosas van consultar a Mathieu: “*par’os males d’oidos*, cal santo é o *millor, siñor cura?*” “Pois témoslle a san Osimo *qu’é bo*; tamén está san Pánfilo que non o fai mal”, responde o home. E iso non é todo.

Como a Mathieu aínda lle queda tempo, bebe; pero bebe con arte, convencido, de tal xeito que colle unha boa regularmente todas as noites. Está chispo, pero sábeo; sábeo tan ben que anota, cada día, o grao exacto da súa embriaguez. Esa é a súa ocupación principal, a capela vén despois.

Incluso inventou, escóiteme ben e agárrese, inventou o borrachímetro.



O instrumento non existe, pero as observacións de Mathieu son tan precisas coma as dun matemático.

Escóitáselle dicir sen parar: “dende o luns, *sa* pasei os *corent’e sinco*.” Ou ben: “estaba entre *sincuent’e* e *sincuent’e* oito.” Ou ben: “levaba uns bos *sesent’e* seis ou setenta.” Ou ben: “que pillabán, críame nos *sincuenta*, e doume conta de *qu’estou* nos *setent’e sinco*!” Nunca se equivoca.

Afirma que nunca chegou ao metro pero, como el mesmo confesa que as súas observacións deixan de ser precisas cando pasa dos noventa, non nos podemos fiar en absoluto da súa afirmación.

Cando Mathieu recoñece que pasou dos noventa, estea seguro, está tan borracho coma unha pera.

Nesas ocasións, a súa muller, Mélie, outra marabilla, bota fume pola boca. Espéran na porta e, cando entra, bérrolle: “*aquí’stás*, cabrón, porco, cacho caneco!”

Entón Mathieu, que xa non ri, plántaselle adiante e, con ton severo: “cala, Mélie, este non é o momento de montares un Cristo. Espera a mañá.”

Se ela continúa a vociferar, achégaselle e, coa voz tremente: “cala esa boca dunha *ves qu’ando* nos noventa; non me vou controlar máis; voute sacudir, muller, *sa* cho aviso!”

Entón Mélie bátese en retirada.

Se ao día seguinte ela quere retomar o tema, el ri diante dos seus fociños e responde: “vamos, vamos! Abonda de cháchara; *sa* pasou. Mentres que non *cheghue* ao metro, non nos preocupemos. Pero se *chegho* ao metro, *déisote* que me deas un escarmento, tes a miña palabra!”-

Chegamos xa ao cumio da costa. O camiño internábase no admirábel bosque de Roumare.

O outono, o marabilloso outono, mesturaba o seu ouro e o seu púrpura cos últimos verdores que aínda quedaban vivos, como se pingas de sol fundido descendesen dende o ceo á espesura dos bosques.

Atravesamos Duclair; despois, en lugar de continuar por Jumièges, o meu amigo desviouse cara a esquerda e, tomando un atallo, internouse na fraga.

Rapidamente, dende o cumio dunha gran costa, descubrimos de novo o magnífico val do Sena e o río tortuoso que se desenrolaba aos nosos pés.

Á dereita, un pequeno edificio cuberto de lousa e coroado por un alto campanario coma unha antuca, descansaba contra unha fermosa casa de persianas verdes, completamente revestida de madre selvas e de roseiras.

Unha áspera voz berrou:

- *Aquí’stán* meus *amighos*!-

E Mathieu apareceu na soleira. Era un home duns sesenta anos, delgado, con perilla e un longo bigote branco.

O meu compañeiro estreitoulle a man, presentounos e Mathieu fíxonos entrar nunha fría cociña que tamén lle servía de sala. Dixo:

- Eu, señor, non teño unha vivenda *ghrande*. Prefiro manterme ben pretiño da comida. As tarteiras, *sa* o ve, fanme compañía.-

Despois, volvéndose cara ao meu amigo:

- E *logho* por que vén nun *soves*? *Sa* sabe *qu’é* o día de consulta da miña patroa. Non podo saír esta tarde.-

E, correndo á porta, lanzou un berro espantoso: “Mélie-e-e!” que debeu facer alzar a cabeza aos mariñeiros dos navíos que descendían ou remontaban o río, alá abaixo, no fondo do profundo val.

Mélie non respondeu.

Entón Mathieu chiscou un ollo con malicia:

- Verán, ela non está contenta *comigho porqu’onte cheguei* ata os noventa.-

O meu amigo comezou a rir:

- Ata os noventa, Mathieu! E como fixo vostede?-

Mathieu respondeu:

- Vou *disírvolo*. O ano pasado só atopei vinte *rasières*<sup>10</sup> de albaricoques pra sidra. Non había máis; *pra faser* sidra era o único que tiña. Entón *fisen* unha colleita que me botei onte ao bandullo. O néctar é o néctar; que me van *disir* vostedes. Tiña aquí ao Polyte e *pusémonos* a botar un chopo, *logho* outro máis, sen acabar de fartarnos (podíamos beber ata o día *seghuinte*), aínda que é *serto* que, con cada *tragho*, ía sentindo un frío na *barrigha*. *Disen* ao Polyte: “e se bebésemos un vaso de augardente *pra* entrarmos en calor?” Estivo *d’acordo*. Pero *es’auhardente* mételle a un o *fogho* no corpo, así que tivemos que volver á sidra. E de tanto pasarmos do frío á calor e da calor ao frío, dinme conta de *qu’estaba* nos noventa. O Polyte non andaba *lonse* do metro.-

A porta abriuse. Mélie apareceu e, inmediatamente, antes de saudarnos, dixo:

- ...Estes porcos... Ben que *cheghastes* os dous ao metro.-

Entón Mathieu enfadouse:

- Non *dighas* iso, Mélie, non *dighas* iso; nunca *cheghuín* ao metro.-

Fixéronnos unha comida exquisita, diante da porta, baixo dous tileiros, ao carón da pequena capela de Nosa Señora do Gran Ventre e en fronte da inmensa paisaxe. E Mathieu contounos, cunha burlesca ración de inesperada credulidade, inverosímiles historias de milagres.

Xa beberamos bastante desa sidra adorábel, picante e azucrada, fresca e embriagadora que el prefería a calquera outro líquido; estabamos fumando as nosas pipas, sentados nas nosas cadeiras, cando dúas boas mulleres se presentaron.

Eran vellás, secas, encurvadas. Tras saudaren, pediron a san Blanc. Mathieu chiscounos un ollo e respondeu:

- Vóullelo dar, *logho*.-

E desapareceu no seu leñeiro.

Quedou alí dentro cinco minutos e despois volveu co cariz consternado. Alzaba os brazos:

- Non sei *ond’está*, non o atopo; pero estou ben *seghuro* de que o teño.-

Entón, facendo coas súas mans unha especie de megáfono, bramou de novo: “Mélie-e-e!” Dende o fondo do patio respondeu a súa muller:

- Que queres, meu?-

- *Ond’está* san Blanc? Non o atopo no leñeiro, muller.-

Entón Mélie rosmoulle esta explicación:

- Non che é ese que colliches a outra semana *pra* tapares o burato da caseta dos coellos?-

Mathieu estremeceuse:

- Carallo, ben que che pode ser *serto*!-

Daquela dixo ás mulleres:

- *Síghanme*.-

Elas fixérono. Nós tamén o seguimos, escachando coa risa.

Efectivamente, san Blanc, cravado na terra coma unha simple estaca, manchado de barro e de porcalladas, servía de esquina para a caseta dos coellos.

En canto o viron, as dúas mulleres piadosas caeron de xeonllos, persignáronse e comezaron a salmodiar *Oremus*. Pero Mathieu precipitouse:

- Esperen, *qu’están* na merda; voules dar un *feise* de palla.-

Foi procurar a palla e fíxolles con ela un reclinatorio. Logo, vendo o seu santo tan lamaguento e temendo, sen dúbida, un descrédito para o seu comercio, engadiu:

- Voulle dar unha limpada.-

Tomou un cubo de auga, un cepillo e púxose a fregar vigorosamente o moneco de madeira, mentres que as dúas anciás seguían rezando xuntas.

Logo, cando finalmente rematou, engadiu:

- *Aghora* está *muito* mellor.-

E bebeu outro trago connosco.

Cando xa conducía a xerra á boca, detívose e, cun aire un pouco confuso, dixo:

- É *ighual*, cando *pusen* a san Blanc cos coellos, estaba *seghuro* de que *sa* non me daría máis

---

<sup>10</sup> *N. do t.* Antiga medida de capacidade empregada en Lille, Picardía e Normandía para o gran, carbón, etc. Equivalía a 70.14 litros.

cartos. Dende había dous anos ninguén mo pedía. Pero os santos, como o poden ver, nunca pasan de moda.-

Bebeu un grolo e proseguiu:

- Daquela, bebamos outro *tragho*. Cos *amighos* non nos podemos quedar a menos de *sincuenta*, e só *cheghei* aos trinta e oito.-

## O testamento

*A Paul Hervieu*

Coñecía ese rapaz alto que se chamaba René de Bourneval. Era de trato amábel, aínda que un pouco triste; semellaba estar por enriba de todo, fortemente escéptico, cun escepticismo preciso e mordaz, hábil en especial á hora de desmontar cunha palabra as hipocrisías mundanas. Repetía acotío: “non hai homes honestos, e se os hai, só o son respecto ás crápulas.”

Tiña dous irmáns que nunca vía, os señores de Courcils. Sempre pensei que era doutro matrimonio, dados os seus diferentes apelidos. Contáranme en repetidas ocasións que unha historia estraña ocorrera nesa familia, pero sen daren ningún detalle.

Ese home agradábame moito. Rapidamente establecemos unha relación. Unha noite que estabamos ceando sós na súa casa pregunteille de pasada:

- Vostede naceu do primeiro ou do segundo matrimonio da súa señora madre?-

Vin que palidecía un pouco, logo púxose encarnado. Permaneceu algúns segundos sen falar, visibelmente consternado. Finalmente, sorriu dese xeito melancólico e doce que o facía tan particular, e dixo:

- Meu querido amigo, se a idea non lle molesta, voulle dar algúns detalles ben curiosos sobre a miña orixe. Sei de sobra que vostede é un home intelixente, polo tanto, non temo que a súa amizade se resinta polo que lle vou revelar, e no caso de que así pasase, xa non o tería máis polo meu amigo.

A miña madre, a señora de Courcils, era unha pobre e insignificante muller tímida, que o seu marido desposara pola súa fortuna. Toda a súa vida foi un martirio. De espírito afectuoso, tímido, delicado, foi tratada con rudeza continuamente por aquel que sería o meu pai, un deses pailáns aos que se lles chama fidalgos campesiños. Ao cabo dun mes de matrimonio, el xa vivía cunha serventa. Ademais tomaba por amantes as mulleres e as fillas dos granxeiros, o que non lle impediu ter dous nenos coa súa muller; así que, contándome, eramos tres. A miña madre non dicía nada; vivía nesa casa, sempre ruidosa, coma un deses ratiños que se escorregan baixo os mobles. Eclipsada, desaparecida, tremente, miraba a xente cos seus ollos inquedos e claros, sempre en movemento, cos ollos dun ser asustado a quen o medo non abandona. Porén, era bonita, moi bonita, loura, dun dourado case gris, un dourado tímido; como se os seus cabelos quedasen un tanto descolorados polos seus incesantes temores.

Entre os amigos do señor de Courcils que viñan constantemente ao castelo atopábase un ex oficial de cabalería, viúvo, home temido, tenro e violento, capaz das resolucións máis enérxicas: o señor de Bourneval, cuxo apelido levo. Era un mozo alto e delgado, cun gran bigote negro. Parézome moito a el. Era unha persoa lida e non pensaba en absoluto coma os da súa clase. A súa bisavoa fora amante de Jean-Jacques Rousseau, e podía dicirse que el herdara algo desa unión da súa ancestral. Coñecía de cor o *Contrato social*, a *Nova Héloïse* e todos eses libros relacionados coa filosofía que prepararon dende antano o futuro conmocionado dos nosos antigos costumes, dos nosos prexuízos, das nosas leis anticuadas, da nosa imbécil moral.

Aparentemente amou á miña madre e foi amado por ela. Este vínculo permaneceu en segredo de tal xeito que ninguén sospeitou nada. A pobre muller, abandonada e triste, debeu aferrarse a el dun modo desesperado e tomar, na súa relación, todas as súas maneiras de pensar, as teorías dun sentimento liberado, as ousadías do amor independente; mais, como estaba tan asustada

que nin se atrevía a falar en voz alta, todo iso foi reprimido, concentrado, arrombado no seu corazón que nunca se abría.

Os meus dous irmáns eran duros con ela, coma o seu padre; non a agarimaban e, habitúados a que non contase para nada na casa, tratábana coma se fose unha criada.

Fun o único dos seus fillos que a amou verdadeiramente e a quen ela amou.

Morreu. Daquela tiña dezaioito anos. Debo engadir, para que comprenda o que vén agora, que ao seu marido lle fora ditada unha orde xudicial segundo a cal se pronunciara unha separación de bens en beneficio da miña madre, quen conservara, grazas aos artificios da lei e aos servizos abnegados e intelixentes dun notario, o dereito de ditar o testamento ao seu capricho.

Entón notificóusenos que había un testamento custodiado polo seu notario e convidóusenos a asistir á lectura.

Aínda o lembro coma se fose onte. Foi unha escena grandiosa, dramática, burlesca, sorprendente, conducida pola rebelión póstuma desa morta, por un grito de liberdade, aquela reivindicación dende o fondo da tumba desa mártir oprimida polos nosos costumes ao longo da súa vida, e que lanzaba, dende o seu ataúde pechado, un chamamento desesperado en prol da independencia.

Aquel que cría ser o meu padre, un home grande, sanguinario coma un carnicero, e os meus irmáns, dous fortes mozos de vinte e de vinte e dous anos, esperaban tranquilos nas súas cadeiras. O señor de Bourneval, tamén invitado á lectura, entrou e colocouse ás miñas costas. Estaba oprimido na súa levita, moi pálido, e adentaba continuamente o seu bigote, que xa se mostraba un pouco gris. Sen dúbida sospeitaba o que ía pasar.

O notario pechou a porta con chave e comezou a lectura, tras abrir perante nós o sobre selado con cera vermella cuxo contido tamén ignoraba.-

Bruscamente, o meu amigo calou, levantouse e foi coller ao seu escritorio un vello papel, despregouno, bicouno longamente e continuou.

- Velaquí o testamento da miña benquerida madre:

“A que subscribe, Anne-Catherine-Geneviève-Mathilde de Croixluce, esposa lexítima de Jean-Léopold-Joseph-Gontran de Courcils, en plenitude das súas facultades físicas e mentais, expreso aquí as miñas derradeiras vontades.

Antes que nada, pido perdón a Deus, e tamén ao meu querido fillo René, polo acto que vou cometer. Creo que o meu fillo é o suficientemente honrado de corazón para me comprender e me perdoar. Sufrín toda a miña vida. Casei por intereses, logo fun desprezada, infravalorada, oprimida, enganada sen cesar polo meu marido.

Perdóoo, pero non lle debo nada.

Os meus fillos maiores nunca me amaron, xamais me agarimaron, apenas me trataron como a unha madre.

Fun para eles, durante a miña vida, o que debía ser; polo tanto, non lles debo nada tras a miña morte. Os lazos de sangue non existen sen o afecto constante, sagrado, de cada día. Un fillo ingrato é menos ca un estraño; é un culpábel xa que non ten o dereito de ser indiferente ante a súa madre.

Sempre tremín diante dos homes, diante das súas leis inicuas, os seus costumes inhumanos, os prexuízos infames. Ante Deus, nada temo. Unha vez morta, rexeito a vergoñenta hipocrisía; ousou dicir o meu pensamento, confesar e reafirmar o segredo do meu corazón.

Polo tanto, deixo coma garantía legal toda a parte da miña fortuna da que a lei me permite dispoñer ao meu benquerido amante Pierre-Germer-Simon de Bourneval, para que recaia despois no noso querido fillo René.

(Esta vontade tamén esta formulada, dun xeito máis preciso, nunha acta notarial).

E, ante o Xuíz Supremo que me escoita, declaro que maldiciría o ceo e a existencia de non ter atopado o afecto profundo, abnegado, tenro, inquebrantábel do meu amante; de non ter

entendido nos seus brazos que o Criador fixo os seres para se amaren, se apoiaren, se consolaren, e choraren xuntos nas horas de amargura.

Os meus dous fillos maiores teñen por padre ao señor de Courcils, só René debe a vida ao señor de Bourneval. Prego ao Señor dos homes e dos seus destinos que conduza máis alá dos prexuízos sociais o padre e o fillo, que se amen ata a súa morte e que me amen incluso no meu ataúde.

Tales son os meus derradeiros pensamentos e o meu último desexo.  
MATHILDE DE CROIXLUCE.”

O señor de Courcils estaba de pé e berrou: “este é o testamento dunha tola!” Entón o señor de Bourneval deu un paso e declarou con voz áspera, con voz tallante: “eu, Simon de Bourneval, declaro que ese texto non revela nada que non sexa a estrita verdade. Estou disposto a probalo mesmo mediante as cartas que teño no meu poder.”

O señor de Courcils camiñou cara a el. Pensei que ían pelexar. Estaban alí, os dous, altos, un gordo, o outro delgado, trementes. O marido de miña madre articulou tateando: “vostede é un miserábel!” O outro pronunciou co mesmo ton vigoroso e seco: “xa nos atoparemos noutro lugar, señor. Dende hai moito tempo teríalle dado unha labazada e retado de non ter considerado ante todo a tranquilidade, durante a súa vida, da pobre muller que vostede fixo sufrir tanto.”

Despois, volveuse cara a min: “vostede é o meu fillo. Desexa acompañarme? Non teño o dereito de levalo comigo, pero tómo, se vostede me desexa acompañar.”

Apreteille a man sen responder. E saímos xuntos. Estaba, certamente, moi confundido.

Dous días despois, o señor de Bourneval mataba en duelo ao señor de Courcils. Os meus irmáns, temendo un espantoso escándalo, calaron. Cedínlles, e eles aceptaron, a metade da fortuna deixada pola miña madre.

Tomei o apelido do meu verdadeiro padre, renunciando ao que a lei me daba e que non era o meu.

O señor de Bourneval morreu hai cinco anos. Aínda non me recuperei da perda.-

Levantouse, deu algúns pasos e, colocándose en fronte de min:

- Pois ben, afirmo que o testamento da miña madre é unha das cousas máis belas, máis leais, máis grandes que unha muller pode realizar. Non lle parece?-

Tendínlle as dúas mans:

- Si, certamente, amigo meu.-

## Campeñiños

*A Octave Mirbeau*

As dúas choupanas estaban unha ao carón da outra, ao pé dun outeiro, preto dun pequeno establecemento termal. Os dous campeñiños traballaban arduamente a terra estéril para criar os seus pequenos. Cada parella tiña catro cativos. Diante das dúas portas veciñas, toda a rapazada formigaba da mañá á noite. Os dous maiores tiñan seis anos e os dous menores ao redor de quince meses; os casamentos e deseguido os nacementos producíanse case simultaneamente en cada unha das casas.

As dúas nais distinguían con dificultade a cadansúa prole no medio do montón e os dous pais confundíanos acotío. Os oito nomes danzaban nas súas cabezas, mesturábanse sen cesar e, cando debían chamar a un, a miúdo os pais gritaban tres nomes antes de dar co correcto.

A primeira das dúas moradas, se se viña dende as termas de Rolleport, estaba ocupada polos Tuvache, que tiñan tres pequenas e un mozo; a outra choupana aloxaba aos Vallin, que tiñan unha nena e tres rapaces.

Todos eles vivían malamente de sopa, patacas e do aire libre. Ás sete da mañá, logo a mediodía, despois ás seis, pola tarde, as amas de casa reunían os seus cativos para lles dar de comer, como se fosen gardiáns de gansos que congregan ás súas bestas. Os nenos sentaban por orde de idade, ante a mesa de madeira, vernizada por cincuenta anos de uso. Ao último rapaz case non lle chegaba a boca á mesa. Puñan ante eles pratos sopeiros a rebordar de pan mollado na auga coa que coceran as patacas, media col e tres cebolas; e toda a ringleira comía ata fartarse. A nai cebaba persoalmente o pequeno. Un pouco de carne no cocido dos domingos era unha celebración para todos e ese día o pai demorábase durante a comida repetindo:

- Faría isto de boa *ghana* todos os días.-

Unha tarde do mes de agosto unha veloz carruaxe detívose con brusquidade diante das dúas choupanas e unha moza, que conducía persoalmente, dixo ao señor sentado ao seu carón:

- Oh! Mira, Henri, esa morea de nenos! Están divinos, así, envorcallándose no barro!-

O home non respondeu nada, acostumado a esas expresións de admiración que eran unha dor e case un reproche para el.

A moza engadiu:

- Teño que bicalos! Oh! Como me gustaría ter un, ese de alá, o máis pequeno.-

E, saltando do vehículo, correu cara aos nenos, tomando un dos dous máis pequenos, o dos Tuvache, e, levantándoo entre os seus brazos, bicouno apaixonadamente nas súas sucias meixelas, nos seus louros cabelos crechos e cheos de terra, nas súas manciñas que el axitaba intentando librarse dos molestos agarimos.

Despois, volveu subir á súa carruaxe e partiu ao galope. Pero volveu a semana seguinte, incluso sentou no chan, tomou ao rapaz nos seus brazos, ateigouno de galletas, deu caramelos a todos os demais e xogou con eles coma unha rapaza máis, mentres que o seu marido esperaba pacientemente no lixeiro vehículo.

Retornou unha vez máis, coñeceu os pais, reapareceu todos os días cos petos cheos de lambetadas e de céntimos.

Chamábase señora de Henri d'Hubières.

Unha mañá, ao chegar, o seu marido apeuse canda ela e, sen se deter cos pequerrechos, que xa a coñecían ben, entrou no fogar dos campesiños.

Estes estaban alí, cortando leña para preparar a sopa; erguéronse sorprendidos, ofrecéronlles unhas cadeiras e esperaron. Daquela a moza, cunha voz entrecortada, trememente, comezou:

- Boas persoas, veño velos porque quería... quería levarme comigo o seu... seu fillo pequeno...-

Os labregos, estupefactos e desconcertados, non responderon.

Ela retomou os folgos e continuou.

- Non temos fillos; estamos completamente sós, o meu marido e mais eu... Coidaríamos del, estarían de acordo?-

A aldeá comezou a comprender. Preguntou:

- Queren *levars 'a* Charlot? Claro que non, téñano por *seghuro*.-

Entón o señor d'Hubières interveu:

- A miña muller non se explicou ben. Queremos adoptalo, pero podería vir velos. Se todo sae ben, como é de esperar, sería o noso herdeiro. Se, chegado o caso, tivesemos fillos, compartiría todo a partes iguais con eles. Se non respondese aos nosos esmeros, dariámoslle, chegado á maioría de idade, unha suma de vinte mil francos, que sería inmediatamente ingresada ao seu nome perante un notario. E, como tamén pensamos en vostedes, dariámoslles unha renda de cen francos ao mes ata a súa morte. Comprenderono ben?-

A granxeira puxérase de pé, completamente furiosa.

- Queren que lles *vendam 's* a Charlot? Claro que non! Iso é *algho* que non se lle *pid'a* unha nai! Claro que non! Iso sería *unha 'bominación*.-

O home non dicía nada, serio e pensativo, pero aprobaba a súa muller cun movemento continuo da cabeza.

A señora d'Hubières, sorprendida, comezou a chorar e, volvéndose cara ao seu marido,

cunha voz chea de saloucos, unha voz de nena mimada á que se lle concede todo, balbuciu:

- Non queren, Henri, non queren!-

Entón, realizaron un último intento:

- Pero, meus amigos, pensen no futuro do seu fillo, na súa fortuna, no...-

A campesiña, exasperada, interrompeuno:

- Está *to'o* visto, *to'o* claro, *to'o* pensado... Márchense, señores, e *cuidense* de que non os volva ver por aquí. Non está ben tentar coller un neno desa maneira!-

Mentres a señora d'Hubières saía, decatouse de que eran dous os nenos pequenos e, coa tenacidade dunha muller decidida e mimada, que nunca quere escoitar, preguntou, a través das súas bágoas:

- Pero, o outro neno non é de vostedes?-

O pai Tuvache respondeu:

- Non, é dos *vesiños*; poden ir con eles, se queren.-

E entrou de novo na súa casa, onde resoaba a voz indignada da súa muller.

Os Vallin estaban á mesa, comendo con calma rebandas de pan que untaban parsimoniosamente cun pouco de manteiga axudados por un coitelo, nun prato que estaba entre ambos os dous.

O señor d'Hubières recomezou as súas proposicións pero nesta ocasión con máis insinuacións, máis precaucións no discurso, máis astucia.

Os dous labregos negaban coa cabeza pero, cando comprenderon que terían cen francos ao mes, observáronse, consultáronse coa mirada, dubitativos.

Durante moito tempo gardaron silencio, torturados, indecisos. A muller finalmente preguntou:

- Que dis disto, meu?-

El pronunciou cun ton sentencioso:

- *Digho* que non é *despresábel* de todo.-

Entón a señora d'Hubières, que tremía pola angustia, faloulles do futuro do pequeno, da súa sorte e de todo o diñeiro que lles podería dar máis tarde.

O campesiño preguntou:

- Esa renda de mil *dousentos* francos, poderían *gharantila* perante un notario?-

O señor d'Hubières respondeu:

- Evidentemente, mañá mesmo.-

A granxeira, que meditaba, continuou:

- *Sen* francos ao mes, iso non é *suficiente pra* privarnos do pequerrecho, é o que *ghañaría* aos *quinse* anos; queredamos *sintovinte* francos.-

A señora d'Hubières, que xa mostraba a perrencha pola impaciencia, estivo de acordo de inmediato e, como xa quería levar o neno, deulles cen francos coma agasallo mentres que o seu marido redactaba o escrito. O alcalde e un veciño, chamados de inmediato, serviron coma testemuñas compracentes.

E a moza, radiante, levouse o cativo, que chiaba, coma quen obtén triunfante un *bibelot* desexado dunha tenda.

Os Tuvache, no seu portal, mirábanos partir, mudos, serios, quizais lamentando a súa negativa.

Non se escoitou falar máis do pequeno Jean Vallin. Os pais, cada mes, ían cobrar os seus cento vinte francos ao notario; enfadábanse cos seus veciños porque a nai Tuvache lles cubría de ignominias repetindo sen cesar, de porta en porta, que había que ser un desnaturalizado para vender o seu fillo, que iso era un horror, unha porcallada, un acto corrupto.

E, ás veces, collía en brazos ao seu Charlot con ostentación, gritándolle, como se comprendese:

- Non *che* vendín, eu non *che* vendín, meu pequerrecho. Eu non *vendo's* meus nenos. Non son rica, *seghuro*, pero non *vendo's* meus nenos.-

E, durante anos e anos, pasaba isto cada día; cada día groseiras alusións eran vociferadas diante da porta, de modo que fosen escoitadas na casa veciña. A nai Tuvache rematara por creerse superior ao resto da rexión xa que ela non vendera a Charlot. E os que falaban dela dicían:

- E a proposta era *mui atrativa*, teno por *seghuro*, pero foi *ighual*: ela comportouse coma unha boa nai.-

Servía como exemplo; e Charlot, que xa chegaba aos dezaioito anos, educado con esta idea que se lle repetía sen cesar, considerábase a si mesmo superior aos seus compañeiros porque non o venderan.

Os Vallin ían tirando con comodidade, grazas á pensión. O furor inacougábel dos Tuvache, que seguían na miseria, era provocado por esa situación.

O seu fillo maior partira ao servizo militar. O segundo morrera; Charlot quedara só e el e mais o ancián pai andaban coa cruz ao lombo para alimentar a nai e as outras dúas irmáns menores que tiña.

Tería vinte e un anos cando, unha mañá, unha brillante carruaxe se detivo diante das dúas choupanas. Un mozo, cunha cadea e un reloxo de ouro, descendeu ofrecéndolle o brazo a unha vella dama de cabelos brancos. A anciá díxolle:

- É alí, meu fillo, a segunda casa.-

E el entrou na cabana dos Vallin como se fose a súa propia casa.

A vella nai lavaba os seus mandís; o pai inválido adurmiñaba preto da cheminea. Ambos os dous alzaron a cabeza e o mozo dixo:

- Bos días, papá; bos días, mamá.-

Eles erguéronse, asustados. A campesiña deixou caer o xabón na auga pola conmoción e balbuciu:

- Es ti, meu neno? Es ti, meu neno?-

El tomouna entre os seus brazos e apertouna repetindo:

- Bos días, mamá.-

Mentres, o vello, tremente, dicía, co seu ton calmado que nunca perdía:

- Volviches, Jean?-, como se o vise había só un mes.

E, tras se recoñeceren mutuamente, os pais quixeron saír de inmediato para mostrar aos veciños da vila o seu filliño<sup>11</sup>. Levárono á casa do alcalde, á do tenente alcalde, á do cura, á do profesor.

Charlot, de pé na soleira da súa choupana, mirábao pasar.

Pola noite, na cea, dixo aos vellos:

- Realmente fostes uns *nesios deisando* que se levasen o pequeno dos Vallin.-

A súa nai respondeu obstinadamente:

- Non queríamos vender o noso fillo.-

O pai non dicía nada. O fillo proseguíu:

- Non *parese* unha *ghran desghrasa* ser sacrificado dese modo, non é?-

Entón o pai Tuvache articulou nun ton colérico:

- Vas reprocharnos que quedamos *contigho*?-

E o mozo, brutalmente:

- Si, repróchovolo, vós sodes uns *niant*s!<sup>12</sup> Pais coma vós só traen *deshgrasas* os seus fillos.

*Mereseriades* que vos *deisara*.-

A pobre muller choraba ante o seu prato. Xemía ao tempo que engulía culleradas de sopa das que derramaba a metade:

- A que serve sacrificarse coidando os fillos!-

Entón o rapaz, rudamente:

- Preferiría non ter *nasido* que ser o que son. Cando esta tarde vin ao outro, ferveume o

<sup>11</sup> Traducimos *fieu* por “filliño”, aínda que en realidade é unha palabra que vén do picardo *fieux* e que significa literalmente “fillo”. O termo ten un marcado trazo dialectal imposible de traducir neste contexto.

<sup>12</sup> En normando, xente que non vale nada, sen beneficio, inútil.



sangue. *Disenme*: “iso é o que sería *aghora*”.-

Levantouse.

- Escoitádeme, coido *qu’o millor* sería non estar aquí máis tempo porque volo reprocharía da mañá á noite e faríavos a vida miserábel. Iso, sabédelo, nunca volo perdoarei!-

Os dous vellos permanecían calados, horrorizados, cos ollos bañados en bágoas.

El proseguíu:

- Non, esa posibilidade sería demasiado dura. Prefiro irme e *procurarm’a* vida noutro sitio.-

Abriu a porta. Un ruído de voces entrou. Os Vallin celebraban unha festa co fillo retornado.

Entón Charlot patexou contra o chan, volveuse cara aos seus pais e berrou:

- Pailáns, boh!-

E desapareceu na noite.

## Un galo cantou

*A René Billotte*

A señora Berthe d'Avancelles rexeitara, ata ese momento, todas as súplicas do seu desesperado admirador, o barón Joseph de Croissard. Durante o inverno, en París, perseguíraa con empeño e actualmente, no seu honor, daba festas e organizaba cacerías no seu castelo normando de Carville.

O marido, o señor d'Avancelles, non vía nada, non sabía nada, como sempre. Díciase que vivía separado da súa muller a causa da súa debilidade física, que a señora non lle perdoaba. Era un home baixo de estatura, goso, calvo, curto de brazos, de pernas, de colo, de nariz, de todo.

A señora d'Avancelles era, ao contrario, unha moza alta, morena e con determinación, que ría sonoramente na cara do seu señor -a quen chamaba en público “*Madame popote*”<sup>13</sup>- e que observaba cun certo aire comprometedor e tenro os anchos ombreiros, o colo robusto e os longos bigotes louros do seu obstinado pretendente: o barón Joseph de Croissard.

Porén, aínda non cedera ás súas intencións. O barón arruinábase por ela. Ofrecía sen cesar festas, cacerías, novos deleites aos que convidaba á nobreza dos castelos dos arredores.

Durante o día, os cans cazadores ouveaban nos bosques na procura do raposo e do xabril e, todas as noites, imponentes fogos artificiais ían mesturar coas estrelas os seus penachos de fogo, mentres que as xanelas iluminadas do salón lanzaban sobre o vasto céspede ronseis de luz nos que se proxectaban as sombras.

Era outono, a estación avermellada. As follas flotaban sobre o céspede como se fosen paxaros en pleno voo. O aire arrastraba cheiros de terra húmida, de terra espida que se percibían como cando se ule unha fragancia de carne núa ao caer, despois do baile, o vestido dunha muller.

Unha noite, durante unha festa na pasada primavera, a señora d'Avancelles respondera ao señor de Croissard, que a acosaba coas súas súplicas:

- Se debo ceder, amigo meu, non será antes da caída das follas. Teño demasiadas cousas que facer este verán como para me permitir dedicarlle ese tempo.-

El non deixou caer no esquecemento esas palabras risoñas e audaces e, cada día, insistía un pouco máis, cada día avanzaba nos seus achegamentos, gañaba terreo no corazón da bela atrevida que parecía xa non se resistir máis que polas aparencias.

Unha gran caza ía ter lugar. E, na véspera, a señora Berthe dixera, rindo, ao barón:

- Barón, se mata ao animal, terei algo para vostede.-

Dende o abrente estaba de pé para recoñecer onde tiña a súa gorida o vello xabril. Acompañou os seus batedores, dispuxo as postas, organizou todo el mesmo para preparar o seu triunfo e, cando os cornos anunciaron a partida, apareceu cunha cinguida prenda de caza vermella e

---

<sup>13</sup> “Señora fogar”.

dourada, as costas robustas, o torso recio, a mirada radiante, fresco e vigoroso como se acabase de saír da cama.

Os cazadores partiron. O xabaryl foi expulsado da súa tobeira e fuxiu, seguido polos cans ouveadores, a través da maleza. Os cabalos comezaron a galopar, conducindo polos estreitos vieiros da fraga as amazonas e os cabaleiros mentres que, sobre os camiños chans, rodaban en silencio as carruaxes que acompañaban dende lonxe a cacería.

A señora d'Avancelles retivo, maliciosamente, o barón preto dela entreténdoo, a paso lento, nunha grande avenida interminabelmente recta e longa e sobre a cal catro ringleiras de carballos se arqueaban formando unha bóveda.

Estremecéndose de amor e de inqueda, o barón escoitaba cunha orella a parola burlona da moza, e coa outra seguía o canto dos cornos e a voz dos cans que se afastaban.

- É que xa non me ama?- dicía ela.

El respondía:

- Como pode dicir semellante cousa?-

Ela continuaba:

- Non obstante, parece que a caza chama máis a súa atención que eu.-

El xemía:

- Acaso non me deu vostede a orde de abater persoalmente o animal?-

Ela engadiu con gravidade:

- Aínda conto con iso. É preciso que o mate ante min.-

Entón o barón estremeceuse na súa sela, esporeou o seu cabalo que se empinou e, perdendo a paciencia, exclamou:

- Por Deus! Señora, iso non vai ocorrer se ficamos aquí.-

Ela faláballe tenramente, pousando a man no seu brazo ou agarimando, como sen se dar de conta, a crina do seu cabalo.

E díxolle, rindo:

- Non obstante, é preciso que iso sexa así... ou se non... peor para vostede.-

Xiraron á dereita por un sendeiro cuberto e, repentinamente, para evitar unha póla que obstruíra a ruta, ela inclinouse cara a el, tan preto que o barón sentiu no seu colo o rozamento dos seus cabelos. Entón apertouna brutalmente e, apoiando sobre a tempa os seus grandes bigotes, bicouna arrebatadoramente.

Ao comezo, ela non se moveu, ficando alí, baixo o feitizo dese aloumiño roubado; logo, cunha sacudida, xirou a cabeza e, fose por azar ou fose aposta, os seus pequenos beizos encontráronse cos do pretendente, baixo os bucles dourados dos seus cabelos.

Daquela, quizais por confusión, quizais por remordementos, a moza esporeou o costado do seu cabalo, que marchou a todo galope. Seguiron así durante un longo tempo, sen intercambiar sequera unha mirada.

O tumulto da cacería aproximábase, a espesura parecía estremecerse e, de pronto, rompendo as pólas, cuberto de sangue, sacudíndose os cans que se abalanzaban sobre el, pasou o xabaryl.

Entón o barón, dando unha gargallada de triunfo, berrou:

- Os que me amen, que me sigan!-

E desapareceu na espesura, como se a fraga o engulise.

Cando ela chegou a un claro, uns minutos máis tarde, el erguíase, manchado de lodo, a chaqueta rachada, as mans ensanguentadas, mentres que a besta tendida no chan tiña no ombreiro o coitelo de caza afundido ata a empuñadura.

A limpeza do animal fíxose á luz dos fachos nunha noite suave e melancólica. A lúa imprimía uns toques amarelos á chama vermella dos fachuzos que cubrían de borraxeira a noite co seu fume resinoso. Os cans comían as fétidas entrañas do xabaryl, ouveando, pelexándose. E os batedores e os xentilhomes cazadores, dispostos en círculo ao redor da presa descarnada, facían soar o corno a pleno pulmón. A fanfarra continuou na noite clara baixo as árbores, repetida polos ecos perdidos dos vales afastados, espertando os cervos inquedos, os raposos queixosos e perturbando nos seus xogos os coelliños grises, no lindeiro dos claros.

Os paxaros nocturnos voaban, espantados, por enriba da manda de cans excitada polo ardor. E algunhas mulleres, estimuladas por todas esas cousas doces e violentas, apoiábanse un pouco nos brazos dos homes ao tempo que se ían afastando polos paseos, antes de que os cans rematasen a súa comida.

Completamente lánguida por esa xornada de fatigas e de tenruras, a señora d'Avancelles dixo ao barón:

- Querería dar vostede un paseo polo parque, amigo meu?-

E el, sen responder, tremente, desfalecendo, levouna consigo.

Bicáronse de inmediato. Avanzaban con lentitude, paseando baixo as pólas case espidas que deixaban pasar a luz do luar; e o seu amor, os seus desexos, o seu anhelo de apertas transformáranse en algo tan vehemente que estiveron a piques de abandonarse ao pé dunha árbore.

Os cornos xa non soaban. Os cans, esgotados, durmían na canceira.

- Volvamos-, dixo a moza. Retornaron.

Cando estiveron ante o castelo, ela murmurou cunha voz debilitada:

- Estou tan fatigada que vou deitarme, meu amigo.-

E, como el abría os brazos para tomala nun último beixo, ela fuxiu, dicíndolle a modo de despedida:

- Non... Vou durmir... Os que me amen, que me sigan!-

Unha hora máis tarde, cando todo o castelo silencioso parecía estar morto, o barón saíu sixilosamente da súa habitación e foi chamar á porta da súa amiga. Como ela non respondía, intentou abrir. O pasador non estaba posto.

A dama soñaba esperta, debuzada na fiestra.

El lanzouse aos seus xeonllos e bicounos desaforadamente a través do seu camisón. Ela non dicía nada, afundindo os seus finos dedos, dun xeito cariñoso, entre os cabelos do barón.

E, de pronto, afastándose como se tomase unha gran resolución, murmuroulle en voz baixa, co seu ton ousado:

- Volvo nun momento. Espéreme.-

E o seu dedo, estendido na sombra, mostraba, ao fondo da habitación, a mancha vaga e branca da cama.

Entón, ás apalpadas, descontrolado, as mans trementes, o barón espiuse a toda présa e afundiuse nas sabas frescas. Tendeuse deliciosamente, case esquecendo a súa amiga, tan grande era o pracer que lle provocaba ese agarimo da roupa de cama contra o seu corpo fatigado por tanta actividade.

Non obstante, ela non volvía, sen dúbida divertida facéndoo languidecer. Pechaba os ollos nun benestar exquisito; soñaba docemente na deliciosa espera da cousa tan desexada. Pero, pouco a pouco, os seus membros aletargáronse, o seu pensamento adormeceuse, volveuse incerto, flotante. A poderosa fatiga ao final someteulle; quedou durmido.

Durmiu cun sono pesado, o invencíbel sono dos cazadores extenuados. Durmiu ata o albor.

A ventá quedara entreaberta e, de pronto, un galo, pousado nunha árbore próxima, cantou. Entón, bruscamente, sorprendido por ese grito sonoro, o barón abriu os ollos.

Ao sentir contra o seu un corpo de muller, atopándose nun leito que non recoñecía, asombrado e non lembrando nada, balbuciu, na conmoción do espertar:

- Que? Onde estou? O que pasa?-

Entón ela, que non durmira nada, vendo ese home despeiteado, cos ollos vermellos, os beizos pesados, respondeu, cun ton altivo que só empregaba cando se dirixía ao seu marido:

- Non é nada. Só é un galo que canta. Volva durmir, señor, que iso non lle atangue.-

## Un fillo

Os dous vellos amigos paseaban polo xardín florido onde a alegre primavera puña a vida en movemento.

Un deles era senador e o outro membro da Academia francesa, ambos os dous serios, cheos de razoamentos moi lóxicos e solemnes, xente respectada e de boa reputación.

Primeiro falaron de política, intercambiando os seus pensamentos, non no referente ás ideas, senón sobre os homes, os persoeiros, primando sempre, ao respecto, a Razón. Logo repasaron algúns recordos; despois calaron, mentres continuaban o seu andar un ao carón do outro, abrandados pola temperanza da estación.

Unha gran xardineira de raios rústicos exhalaba sopros azucrados e delicados; unha morea de flores de todas as variedades e matices expulsaba os seus cheiros no hálito, mentres que un cítiso, revestido de acios amarelos, dispersaba ao vento as súas finas partículas, un fume dourado que recendía a mel e que levaba, como o fan tamén os agarimosos pos dos perfumeiros, a súa semente embalsamada a través do espazo.

O senador detívose, aspirou a fecunda nube que flotaba, apreciou a amorosa árbore que resplandecía coma un sol e cuxas sementes levantaban o voo, e dixo:

- Cando un imaxina que eses imperceptíbeis átomos, que recenden tanto, van crear existenciais a centos de leguas de aquí, van facer estremecerse as fibras e o zume de árbores femias, e a reproducir seres de raíces, nados dunha semente, coma nós, mortais coma nós, e que serán substituídos por outros seres da mesma esencia, sempre coma nós!-

Despois, de pé ante o radiante cítiso cuxos perfumes vivificantes se liberaban con cada estremecemento do aire, o señor senador engadiu:

- Ah, meu compañeiro!, se tiveses que facer a conta dos teus fillos estarías nun gran dilema. Cántaste entre aqueles que os crean facilmente e que os abandonan sen remordemento, sen se preocuparen moito.-

O académico engadiu:

- Nós non actuamos moi distinto, amigo meu.-

O senador respondeu:

- Si, non o vou negar, ás veces os deixamos á súa sorte, pero polo menos sabémolo, e iso constitúe a nosa superioridade.-

Pero o outro sacudiu a cabeza:

- Non, non é iso o que quero dicir; escoite vostede, querido amigo, non hai moitos homes que non posúan fillos ignorados, eses nenos chamados *de pai descoñecido*, que foron concibidos, como fai tamén esta árbore, case inconscientemente.

Se tivesemos que establecer o número de mulleres que posuímos atopariámonos tamén - estará de acordo comigo- na mesma situación embarazosa que este cítiso, que vostede interpela, na tentativa de enumerar aos seus descendentes.

En fin, dos dezaioito aos corenta anos, incluíndo todos os encontros pasaxeiros, os contactos dunha hora, podemos admitir con tranquilidade que tivemos... encontros íntimos con dúascentas ou trescentas mulleres.

Pois ben, amigo meu, dentro dese número, está vostede seguro de que non fecundou polo menos a unha, de que non ten sobre o pavimento ou no presidio un pillabán por fillo, que viola e asasina as persoas honestas, é dicir, a nós? Ou ben unha filla nalgún lugar de mala reputación; ou quizais, se tivo a sorte de ser abandonada pola súa nai, coma cocifeira dalgunha familia?

Ademais, pense vostede que case todas as mulleres que chamamos *públicas* teñen un ou dous fillos dos que se ignora o pai, nenos vítimas da casualidade dunhas apertas a dez ou vinte francos. En todo oficio hai sempre que contar cos beneficios e as perdas. Estes rexeitados constitúen as 'perdas' da súa profesión. Quen son os produtores? Vostede, eu, todos nós, os homes *como Deus manda!* Eses son os resultados das nosas animadas ceas de amigos, das nosas noites de diversión, desas horas nas que a nosa carne alegre nos forza aos entrelazamentos de aventura.

Os ladróns, os vagabundos, todos os miserábeis, en fin, son os nosos fillos. E iso é mellor para nós que se fosemos a súa descendencia, xa que eles tamén se reproducen, eses loubáns!

Escoite: pola miña banda, teño sobre a consciencia unha historia moi desagradábel que lle quero contar. É para min un remordemento incesante; máis ca iso, é unha dúbida continua, unha incerteza inesgotábel que, ás veces, me tortura horribilmente.

Cando tiña uns vinte e cinco anos emprendín cun dos meus amigos, actualmente conselleiro de Estado, unha viaxe a pé por Bretaña.

Tras quince ou vinte días de marcha forzada, despois de visitar as costas do norte e unha parte de Finistère, chegamos a Douarnenez; dende alí, nunha etapa, conseguimos arribar á salvaxe punta do Raz pola badía dos Trépassés, e pasamos a noite nunha vila calquera cuxo nome remataba en *of*; pero, ao amencer, unha estraña fatiga retivo no leito o meu compañeiro. Digo leito por costume, xa que as nosas camas estaban compostas simplemente por dous feixes de palla.

Imposíbel enfermar nese sitio. Obrigueino a poñerse en pé e chegamos a Audierne cara ás catro ou cinco da tarde.

Ao día seguinte estaba un pouco mellor; retomamos a marcha pero, durante a camiñada, sufriu dores intolerábeis e só a duras penas puidemos alcanzar Pont-Labbé.

Alí, polo menos, atopamos unha pousada. O meu amigo deitouse e o médico, que fixemos vir dende Quimper, constatou unha febre moi alta, sen determinar a causa da mesma.

Coñece vostede Pont-Labbé?-

- Non.-

- Pois ben, é a vila máis bretoa de toda esa Bretaña auténtica que se estende dende a punta do Raz ata o Morbihan, desa terra que contén a esencia das tradicións, das lendas, dos costumes bretóns. Aínda hoxe, ese recanto do país non cambiou practicamente nada. E digo *aínda hoxe* xa que agora volvo todos os anos, por moito que me pese!

Un vello castelo baña os pés das súas torres nun grande estanque triste, triste, con voos de aves salvaxes. Un río que sae de alí pode ser remontado polos barcos de cabotaxe ata a cidade. E nas estreitas rúas de casas antigas, os homes levan un gran sombreiro, o chaleco bordado e as catro chaquetas superpostas: a primeira, do tamaño dunha man, cobre cando moito as omoplatas, e a última remata xusto por enriba do fondo do pantalón.

As mozas, altas, fermosas, louzás, levan o peito esmagado por un chaleco de pano con forma de coiraza que as comprime, incluso non permitindo adiviñar o seu peito poderoso e martirizado; e van peiteadas dunha estraña maneira: sobre as tempas, dúas cintas bordadas de cores encadran o rostro, cinguindo os cabelos que caen en capas por detrás da cabeza e que despois volven subir aplanándose no cumio do cranio baixo un singular gorro, tecido acotío de ouro ou de prata.

A serventa da nosa pousada tiña, cando moito, uns dezaioito anos, ollos completamente azuis, dun azul pálido que penetraba nos dous pequenos puntos negros da pupila; e os seus dentes pequenos, apertados, que mostraba sen cesar ao rir, semellaban feitos para moer granito.

Non sabía nin unha palabra en francés, só falaba en bretón, coma a maioría dos seus compatriotas.

O meu amigo non parecía mellorar e, aínda que non lle diagnosticaran ningunha enfermidade, o médico prohibíralle marchar polo momento e ordenara repouso absoluto. Polo tanto, pasaba a xornada ao seu carón mentres que a criadiña entraba constantemente, traéndonos en ocasións a miña comida, ou ben unha tisana.

Adulábaa un pouco, o que parecía divertirlle, pero non falamos, naturalmente, xa que non nos comprendiamos en absoluto.

Non obstante, unha noite, como quedara ata moi tarde acompañando o enfermo, cruceime coa rapaza, que se dirixía á súa habitación, mentres eu volvía á miña. Foi xusto diante da miña porta aberta; entón, bruscamente, sen reflexionar no que facía, sobre todo por diversión, máis que por outra cousa, collina da cintura e, antes de que se recuperase do seu estupor, lanceina e pecheina dentro da miña habitación. Observábame, asustada, perturbada, aterrorizada, sen se atrever a gritar polo medo ao escándalo, a ser expulsada de inmediato polo seu patrón, e quizais tamén polo seu pai.

Fixérao coma unha chanza pero, en canto estivo na miña habitación, o desexo de posuíla

invadime. Foi unha loita longa e silenciosa, unha loita corpo a corpo, coma a dos atletas, cos brazos en tensión, crispados, retorcidos, a respiración sufocada, a pel empapada en suor. Oh! Defendíase valentemente e, ás veces, golpeabamos un moble, un muro, unha cadeira; entón, sen soltármonos, permaneciamos inmóbeis algúns segundos ante o temor de que o ruído espertase a alguén; despois continuabamos coa nosa batalla encarnizada, eu atacando, ela resistindo.

Esgotada, por fin, ela claudicou e eu posuína brutalmente, no chan, sobre a lastra.

Así que se recuperou, correu á porta, quitou o ferrollo e fuxiu.

Os días seguintes atopeina poucas veces. Non me permitía achegarme a ela. Uns días despois, como o meu compañeiro sandara e viámonos obrigados a retomar a nosa viaxe, vina entrar, a véspera da miña partida, a medianoite, descalza, en camisón, na miña habitación onde entrara para me retirar.

Lanzouse aos meus brazos, estreitome apaixonadamente e logo, ata o amencer, bicoume, agarimoume, chorando, saloucando, dándome, en resumo, todas as mostras de cariño e de desesperación que unha muller é capaz de dar cando non coñece unha soa palabra da nosa lingua.

Oito días máis tarde xa esquecera esa aventura, común e frecuente cando se viaxa: as servas dos hostais están xeralmente destinadas a entreteren desa guisa aos viaxeiros.

Estiven trinta anos sen pensar no asunto e sen volver a Pont-Labbé.

Non obstante, en 1876 volví, por casualidade, á pequena vila no transcurso dunha excursión por Bretaña, emprendida para documentar un libro e para me impregnar ben das paisaxes.

Parecía que nada cambiara. O castelo seguía bañando os seus muros agrisados no lago, á entrada da pequena vila; a pousada era a mesma aínda que restaurada, completamente renovada, cun aire máis moderno. En canto entrei, fun recibido por dúas mozas bretoas de dezaoito anos, vizosas e xentís, embutidas nas súas estreitas chaquetas de pano, encasquetadas de prata cunhas grandes placas bordadas sobre as orellas.

Eran ao redor das seis da tarde. Sentei á mesa para cear e, como o dono se esmerou persoalmente servíndome, a fatalidade -sen dúbida- fíxome dicir: “coñeceu vostede os antigos donos desta pousada? Pasei aquí uns dez días hai ao redor de trinta anos. Fálolle de hai moito tempo.”

El respondeu: “eran os meus pais, señor.”

Entón conteille en que circunstancias chegara a vez anterior, como fora retido pola indisposición dun amigo. Non me permitiu rematar.

“Oh! Lémbrome perfectamente. Daquela tería quince ou dezaseis anos. Vostede durmía na habitación do fondo e o seu amigo naquela que agora é a miña, a que dá á rúa.”

Foi só nese momento que o intenso recordo da pequena moza volveu a min. Preguntei: “recorda vostede a unha amábel criadiña que traballaba nesa época co seu pai e que tiña, se a miña memoria non me engana, uns fermosos ollos azuis e uns dentes louzáns?”

El respondeu: “si, señor; morreu no parto pouco tempo despois.”

E, indicando coa man un patio onde un home delgado e coxo removía o esterco, engadiu: “velaí o seu fillo.”

Comecei a rir. “Non é guapo e non se parece en nada á nai. Sairía ao pai, sen dúbida.”

O pousadeiro respondeu: “ben pode ser, pero nunca se soubo de quen foi. Ela morreu sen revelalo e ninguén de aquí lle coñecía pretendentes. Foi unha verdadeira sorpresa cando se descubriu que ela estaba encinta. Ninguén o podía crer.”

Tiven unha especie de arrepío desagradábel, unha desas intuicións penosas que nos golpean no corazón, como ao presentir unha profunda mágoa. E observei o home no patio. Acababa de coller auga para os cabalos e levaba os seus dous caldeiros coxeando, doéndolle polo esforzo a perna máis curta. Estaba todo farrapeiro, horribelmente sucio, con longos cabelos louros tan enguedellados que lle penduraban coma cordas sobre as meixelas.

O pousadeiro engadiu: “non vale gran cousa, foi mantido na casa por caridade. Quizais a súa sorte tería sido distinta de ter recibido educación coma todo o mundo. Pero que quere vostede, señor? Sen pai, sen nai, sen cartos! Os meus pais tiveron piedade do neno, pero non era seu, vostede comprenderá.”

Non dixen nada.

Durmín na miña antiga habitación e toda a noite pensei naquel horríbel mozo de corte repetíndome: “pero, non obstante, se fose o meu fillo? Entón fun capaz de matar a esa rapaza e de procrear ese ser?” Era posíbel, en conclusión!

Decidín falar con ese home e coñecer a data exacta do seu nacemento. Unha diferenza de dous meses debería despezar as miñas dúbidas.

Fíxeno vir ao día seguinte. Pero el tampouco falaba francés. Ademais, parecía non comprender nada, ignorando por completo a súa idade, que unha das asistentas lle preguntara seguindo as miñas indicacións. E permanecía cun aire idiota ante min, facendo xirar o seu sombreiro nas súas poutas nodosas e repugnantes, rindo estupidamente, cun algo que lembraba a risa antiga da súa nai nas comisuras dos beizos e no rabo do ollo.

A continuación, o hostaleiro púxose de pé e foi buscar a acta de nacemento do miserábel. Chegara a esta vida oito meses e vinte e seis días despois do meu paso por Pont-Labbé, dado que lembraba perfectamente que arribara a Lorient o quince de agosto. A acta incluía a mención “padre descoñecido”. A nai chamábase Jeanne Kerradec.

Nese momento o meu corazón comezou a latexar violentamente. Sentíame tan sufocado que practicamente non podía falar; e observaba a ese bruto cuxos longos cabelos louros semellaban esterco aínda máis sórdido có das bestas; e o miserábel, incómodo pola miña mirada, cesou de rir, desviou a cabeza, procurando escapulirse.

Vaguei durante todo o día ao carón do pequeno río, reflexionando dolorosamente. Pero, cal era o sentido desa reflexión? Todo me levaba á mesma idea fixa. Durante horas e horas, sopesei todos os argumentos positivos e negativos, todos os pros e os contras respecto á miña posíbel paternidade, enervándome con suposicións inextricábeis, volvendo sen cesar á mesma horríbel incerteza, despois á convicción aínda máis atroz de que ese home era o meu fillo.

Non puider cear e retireime á miña habitación. Estiven moito tempo sen poder durmir; despois, o sono finalmente chegou, un sono acosado por visións insoportábeis. Vía ese pailán que me ría na cara, chamándome “pai”; logo transformábase en can e mordíame os papos da perna e, aínda que me intentaba salvar, seguíame sempre; e en lugar de ladrar falaba, inxuriábame; despois comparecía ante os meus colegas da Academia, que estaban reunidos para decidiren se era realmente o seu pai; e un deles exclamaba: “non queda ningunha dúbida! Miren como se lle parece.” E, efectivamente, decatábame de que ese monstro gardaba un certo parecido comigo. Espertei con esta idea metida na cabeza e co tolo desexo de ver de novo o home para decidir se, en realidade, tiñamos lazos en común.

Dei con el cando se dirixía á misa (era un domingo) e entregueille cen céntimos mentres o observaba ansiosamente. Comezou a rir dun modo indecente, tomou os cartos e, despois, de novo molesto pola miña mirada, fuxiu tras balbucir unha palabra máis ou menos inarticulada que queredría dicir “grazas”, sen dúbida.

O día transcorreu para min coas mesmas angustias que na véspera. Cando ía anoitecer, fixen vir o pousadeiro e, con moitas precaucións, habilidades, astucias, díxenlle que estaba interesado nese pobre ser, abandonado por todos e privado de todo, e que quería facer algo por el.

Pero o home replicou: “oh! Non se ocupe vostede diso, señor, non paga a pena, non lle vai ocasionar máis que desgustos. Eu doulle emprego limpando a corte e iso é todo o que pode facer. A cambio, aliméntoo e durme cos cabalos. Non lle fai falta máis nada. Se ten algúns pantalóns vellos, déallos, pero estarán feitos uns farrapos en oito días.”

Non insistín máis, reservándome a miña opinión.

O miserábel volveu pola noite horríbelmente borracho, estivo a piques de pegarlle lume á casa, derrubou un cabalo a golpe de pico e, por último, quedou durmido no barro baixo a choiva, grazas á miña xenerosidade.

Ao día seguinte, rogáronme que non lle dese máis diñeiro. A augardente enfurecía e, en canto tiña un par de céntimos no peto, bebíaos. O pousadeiro engadiu: “darlle cartos é desexar a súa morte.”

Ese home nunca tivera diñeiro en absoluto, agás polos poucos céntimos que lle daban os

viaxeiros, e non coñecía outro destino para ese metal que a taberna.

Entón pasaba horas e horas na miña habitación, cun libro aberto que finxía ler, aínda que en realidade non facía outra cousa que mirar a ese bruto -meu fillo, meu fillo!- tentando descubrir se el tería algunha cousa miña. Tras moito procurar, crin recoñecer algunhas liñas semellantes ás miñas na fronte e no nacemento do nariz, e ao pouco tempo convencínome dun parecido que disimulaba a diferenza nas roupas e as repugnantes guedellas do home.

Pero non me podía demorar máis tempo sen levantar sospeitas, polo que partín, co corazón abatido, tras deixarlle ao pousadeiro algún diñeiro para sosegar a existencia do seu servo.

Desta maneira, dende hai seis anos vivo con este pensamento, esta horribel sospeita, esa dúbida abominábel. E, cada ano, unha forza invisíbel condúceme a Pont-Labbé. Cada ano condénome a ese suplicio de ver a este bruto arrastrarse no seu esterco, de imaxinarme que se me parece, de buscar, sempre en van, como serlle de utilidade. E cada ano volvo máis indeciso, máis torturado, máis ansioso.

Tentei que recibise instrución. É idiota sen salvación.

Tentei facerlle a vida o menos ardua posíbel. É un borracho sen remedio e dedica á bebida todos os cartos que se lle dan; e sabe vender moi ben os seus traxes novos para obter augardente.

Tentei espertar compaixón no seu patrón para que o tratase un pouco mellor, sempre ofrecéndolle cartos. O hostaleiro, finalmente estrañado, respondeume con gran sabedoría: “todo o que vostede poida facer por el, señor, non servirá para outra cousa que para perdelo. O que fai falta é retelo coma a un prisioneiro. En canto ten tempo dispoñíbel ou benestar, vólvese malvado. Se desexa facer o ben, non é iso o que precisa: vaia cos nenos abandonados, pero escolla un que responda aos seus esforzos.”

O que podía responder a iso?

E se deixase entrever a menor sospeita das dúbidas que me torturan, ese cretino, con seguridade, volveríase astuto para explotarme, comprometerme, perderme. Berráriame “pai”, coma no meu soño.

E dígame que matei a nai e perdín a este ser atrofiado, despoxo de corte, vido a este mundo e medrado no esterco, ese home que, educado coma os demais, puido ser semellante ao resto.

Vostede non se pode imaxinar a estraña sensación, confusa e intolerábel que sufro ante el, ao meditar que iso saíu de min, que está vinculado a min por ese lazo íntimo que une os fillos cos pais, que, grazas ás terribes leis da herdanza, el é eu por milleiros de cousas, polo seu sangue e pola súa carne, e que ten incluso os mesmos xermes de enfermidades, os mesmos fermentos de paixóns.

E sinto constantemente unha irreconciliábel e dolorosa necesidade de velo; e a súa visión faime sufrir horribelmente; e dende a miña fiestra, alá, obsérvoos durante horas remover e carrexar os excrementos das bestas, mentres me repito: “é o meu fillo.”

E sinto, ás veces, una necesidade intolerábel de apertalo. Nin sequera toquei nunca a súa sórdida man.-

O académico calou. E o seu compañeiro, o político, murmurou:

- Si, verdadeiramente deberíamos ocuparnos un pouco máis dos nenos que non teñen pai.-

E un sopro de vento, atravesando a grande árbore amarela e sacudindo os seus acios, envolveu cunha nube recendente e fina os dous anciáns que a respiraban con satisfacción.

E o senador engadiu:

- En verdade é bo ter vinte e cinco anos, e incluso facer nenos desa guisa.-

## Saint-Antoine

*A X. Charmes*

Chamábano Saint-Antoine porque se chamaba Antoine, e quizais tamén porque era un



amante da boa vida, alegre, bromista, gran comedor e amigo da bebida; tamén un vigoroso casanova coas serventas, aínda que xa tiña máis de sesenta anos.

Era un enorme campesiño da rexión de Caux, pintoresco, de peito e ventre fortes, que descansaba nunhas longas pernas que parecían demasiado fracas para a amplitude do corpo.

Viúvo, vivía só, coa súa serventa e os seus dous lacaios, na súa granxa que dirixía coma un astuto raposo, precavido cos seus intereses, coñecedor dos negocios, da cría de gando e do cultivo das súas terras. Os seus dous fillos e as súas tres fillas, casados todos vantaxosamente, vivían nos arredores, e viñan unha vez ao mes a cear co pai. O seu vigor era célebre en toda a rexión circundante; dicíase a modo de proverbio: “é forte coma Saint-Antoine.”

Cando chegou a invasión prusiana, Saint-Antoine, na taberna, prometía devorar un rexemento enteiro, dado que era un botaporela, un pouco covarde e fanfurriñeiro, coma bo normando. Golpeaba co puño a mesa de madeira, que saltaba facendo bailar as cuncas e os vasiños mentres gritaba, a cara vermella e os ollos furtivos, nunha falsa cólera de bo vividor:

- Estaríalles ben que mos chapase a todos, por Deus!-

Calculaba que os prusianos non chegarían a Tanneville; pero cando soubo que xa estaban en Rautôt, non volveu saír da súa casa, e asexaba sen cesar o camiño pola pequena xanela da súa cociña, esperando ver pasar as baionetas en calquera momento.

Unha mañá, mentres comía a sopa cos seus servidores, a porta abriuse e o alcalde da vila, Chicot, apareceu seguido dun soldado que ía coroadado por un casco negro coa punta de cobre. Saint-Antoine púxose de pé dun chimpó; toda a súa xente o observaba, esperando velo esnaquizar o prusiano; pero el contentouse con estreitar a man do alcalde quen lle dixo:

- Velaquí un deles *pra* ti, Saint-Antoine. *Chegharon* esta noite. Sobre todo, non *faghas* tonterías, *sa qu'estes* falan de fusilaren e queimaren todo se pasa a máis mínima cousa. Estás advertido. Dálle de comer, ten pinta de ser un bo *rapás*. Boas noites, vou á casa dos outros. Hai destes *pra tod'o* mundo.-

E saíu.

O patrón Antoine, completamente pálido, observou o seu prusiano. Era un mozo gordo de carnes graxas e brancas, ollos azuis, cabelo louro, barbado ata os pómulos, que parecía idiota, tímido e simple. O astuto normando calouno de inmediato e, tranquilizado, fixolle un sinal para que sentase. Despois, preguntoulle:

- Quere vostede un pouco de sopa?-

O estranxeiro non comprendeu. Entón Antoine tivo un arranque de audacia e, colocándolle baixo o nariz un prato cheo, dixo:

- Toma, *engul'iso*, porco *repughnante*.-

O soldado respondeu: “ja” e comezou a comer avidamente mentres que o granxeiro, triunfante, notando a súa reputación reconquistada, chiscaba un ollo aos seus servidores que facían acenos estraños, xa que tiñan ao mesmo tempo moito medo e ganas de rir.

Cando o prusiano rematou de engulir o seu prato, Saint-Antoine serviulle outro que o soldado fixo desaparecer igualmente; pero renunciou ante o terceiro, que o granxeiro quería facerlle comer á forza, mentres repetía:

-Vamos, *métech'isto* na *barrigha*. Vou te *sebar* e nin te vas dar conta, meu porquiño!-

E o soldado, só comprendendo que lle querían facer comer ata máis non poder, ría alegremente, indicando, axudado coa mímica, que estaba cheo.

Entón Saint-Antoine, collendo de pronto unha gran familiaridade, golpeoulle sobre o ventre gritando:

- *Tod'o* que hai dentro da *barrigha* do meu porco!-

De pronto, contorsionouse, vermello como se lle fose dar un ataque, sen poder falar máis. Ocorráselle unha idea que o facía sufocarse da risa: “iso é, iso é, Saint-Antoine e o seu porco. Velaí o meu porco.” E os tres servidores, pola súa banda, escachaban a rir.

O vello estaba tan contento que fixo servir augardente, da boa, a *fil en dix*<sup>14</sup>, e convidou a

---

<sup>14</sup> *N. do t.* Augardente dunha graduación moi alta.

todo o mundo. Brindaron co prusiano, quen estralou coa lingua a modo de afago, para indicar que atopaba estupenda a bebida. E Saint-Antoine berroulle á cara:

- Eh? Éche *algho* bo, non é? Cousas tan boas *com'estas* non as atopas na túa casa, meu porco.-

A partir dese momento, o voluminoso Antoine xa non saía sen o seu prusiano. Atopara nese acto o seu desafío, para el era a súa vinganza, a súa vinganza de sabichón. E toda a rexión, que morría co medo, escarallábase da risa, ás costas dos vencedores, da chanza de Saint-Antoine. Verdadeiramente, no referente ás bromas non había quen o igualase. Non había outro igual para inventar cousas coma esa. Era todo un pillabán!

Ía á casa dos veciños todos os días, despois do mediodía, collido do brazo co seu alemán que presentaba cun aire alegre dándolle unhas palmadas nas costas:

- *Vesan* aquí o meu porco, miren como *enghord'este* animal.-

E os campesiños alegrábanse:

- Éche ben divertido, o pillabán *d'Antoine!*-

- Véndocho, Césaire, por tres dobróns *d'ouro*.-

- Cóllocho, Antoine, e convídote a comer *morsillas*.-

- Non, meu, o *qu'eu* quero son os seus pés.-

- Tócalle a *barrigha*, *sa* verás que ten pura *ghrasa*.-

E todo o mundo chiscaba o ollo, aínda que sen rir demasiado alto por medo a que o prusiano adiviñase finalmente que se burlaban del. Só Antoine, máis encoraxado cada día, lle beliscaba as coxas berrando: “pura *ghrasa*”; bouráballe no traseiro ouveando: “*tod'isto* é pura casca de *tousiño*”; suxeitábao cos seus brazos de vello coloso capaz de soste unha bigornia mentres declaraba: “*pesa seisentos*, e non ten *desperdisio*.”

E collera o costume de facer que lle ofrecesen de comer ao seu porco onde sexa que entrase con el. Ese era o gran pracer, a gran diversión de todos os días:

- Déanlle *tod'o* que queiran, este *tragha* de todo.- E ofrecíanlle ao home pan e manteiga, patacas, sopa fría, salchichas que lles facía dicir:

- Das súas, e ben escollidas.-

O soldado, estúpido e inocente, comía por educación, encantado con esas atencións, mesmo caía enfermo con tal de non se negar; e realmente engordaba, embutido dentro do seu uniforme, o que lle encantaba a Saint-Antoine e lle facía repetir:

- Sabes, meu porco, haberá que mandarche facer outra *ghaiola*.-

Malia a situación, convertéranse nos mellores amigos do mundo e, cando o vello ía resolver os seus asuntos nos arredores, o prusiano acompañábao de boa gana só polo pracer de estar con el.

O tempo era duro; a xeada era intensa; o terríbel inverno de 1870 parecía asolar Francia con todas as pragas.

O voluminoso Antoine, quen vía vir as cousas con antelación e aproveitaba as ocasións, prevendo que faltaría esterco para os labores da primavera, mercou o dun veciño que estaba nun bo apuro; e acordaron que iría cada anoitecer coa súa carretilla a procurar unha carga de fertilizante.

Entón, cada día puñase en camiño cando se achegaba a noite e dirixíase á granxa dos Haule, a unha distancia dunha legua e media, sempre acompañado polo seu porco. E cada día alimentar o animal era toda unha festa. Toda a rexión acudía coma cando se vai, os domingos, á misa maior.

Non obstante, o soldado comezaba a desconfiar; e cando rían demasiado forte volvía os ollos inquedados que, ás veces, botaban lume colericamente.

Agora ben, unha tarde, tras comer ata se fartar, rexeitou tragar un anaco máis e tentaba poñerse de pé para marchar. Pero Saint-Antoine detívoo dunha puñada e, pousándolle as súas dúas poderosas mans nos ombreiros, obrigouno a sentar con tanta violencia que a cadeira rompeu baixo o home.

Unha alegría tempestuosa estalou e Antoine, radiante, recollendo o seu porco, fixo acenos de socorrello para curalo, logo declarou:

- Como non queres comer, has beber, por Deus!-

E foron buscar augardente á taberna.

O soldado percorría o sitio coa mirada furiosa pero, non obstante, bebeu; bebeu tanto como quixeron; e Saint-Antoine aguantáballe a cabeza, para o gran gozo dos asistentes.

O normando, vermello coma un tomate, a mirada faiscante, enchía os vasos, brindaba berrando “á túa!” E o prusiano, sen pronunciar palabra, engulía, un a un, os grolos de coñac.

Era unha loita, unha batalla, un desquite! Quen bebería máis, por Deus! Pero cando o litro rematou, nin un nin o outro podían seguir. E ningún dos dous vencera. Marcharon collidos do brazo, e alí quedou a cousa. Terían que comezar de novo ao día seguinte!

Sáiron cambaleándose e puxéronse en camiño, levando ao carón a carreta de esterco que arrastraban lentamente os dous cabalos.

A neve comezaba a caer, e a noite sen lúa iluminábase tristemente con esa brancura morta das chairas. O frío invadía os dous homes, aumentando a súa ebriedade, e Saint-Antoine, descontento por non ter triunfado, divertíase empurrando co ombreiro o seu porco para lle facer caer na cuneta. O outro evitaba os ataques repregándose e, cada vez, pronunciaba algunhas palabras en alemán cun ton irritado que facía rir a gargalladas ao campesiño. Finalmente, o prusiano enfadouse e, xusto no momento en que Antoine lle lanzaba un novo empurrón, respondeu cunha terríbel puñada que fixo cambalearse o coloso.

Entón, inflamado pola augardente, o vello colleu o home pola cintura, sacudiuno algúns segundos, como faría cun neno pequeno, e guindouno polos aires ata o outro lado do camiño. Despois, contento con esa execución, cruzouse de brazos para rir de novo.

Pero o soldado alzouse de súpeto, coa cabeza descuberta -o seu casco caera- e, desenvaiñando o seu sabre, precipitouse sobre o voluminoso Antoine.

Cando viu aquilo, o campesiño tomou o seu caxato polo medio, o seu gran caxato de xardón, recto, forte e elástico coma un látigo.

O prusiano chegou, a fronte baixa, a arma cara adiante, seguro de matar. Pero o vello, pillando coa man núa a folla do sabre cuxa punta ía rebentalrle o ventre, apartouna e bateu na tempa un golpe seco, coa empuñadura do caxato, ao seu inimigo, quen caeu aos seus pés.

Entón observou, asustado, embrutecido polo abraio, o corpo sacudido polos espasmos, primeiro, e despois inmóbil sobre o ventre. Inclínouse, xirouno, observouno algún tempo. O home tiña os ollos pechados e un fio de sangue brotaba dunha ferida na súa fronte. Malia a noite, o patrón Antoine distinguiu a mancha escura dese sangue sobre a neve.

Permaneceu alí, enlouquecendo, mentres que a súa carreta seguía o seu camiño, ao paso tranquilo dos cabalos.

O que ía facer? Sería fusilado! Queimarían a súa granxa, arruinarían a rexión! O que facer? O que facer? Como ocultar o corpo, ocultar a morte, enganar os prusianos? Escoitou voces ao lonxe, no gran silencio das neves. Entón, perdeu a calma e, recollendo o casco, colocoullo de novo á súa vítima, logo colleuno pola cintura, alzouno, correu, alcanzou a súa carreta e lanzou o corpo sobre o esterco. Unha vez na súa casa, tomaría unha decisión.

Camiñaba amodo, gastando os miolos, sen atopar unha solución. Vía a súa situación e sentíase perdido. Entrou no patio. Unha luz brillaba dende unha bufarda, a súa serventa aínda non durmía; fixo entón retroceder rapidamente a súa carreta ata o borde do buraco do fertilizante. Pensaba que envorcando a carga, o corpo, colocado enriba, caería abaixo, na fosa; e fixo baleirar a carreta.

Como previra, o home quedou soterrado baixo o esterco. Antoine aplanou o montículo coa súa forquita que logo cravou na terra, ao carón. Chamou o seu lacaios, ordenoulle conducir os cabalos á corte e entrou na súa habitación.

Deitouse, sen deixar de reflexionar no que ía facer, pero ningunha idea o iluminaba; o seu terror ía medrando na inmovilidade do leito. Fusilaríano! Suaba de medo; os seus dentes batían; levantouse, tremendo, incapaz de ficar máis tempo dentro das sabas.

Entón baixou á cociña, tomou a botella de augardente do aparador e volveu subir. Bebeu dúas grandes copas unha detrás da outra, sumando unha nova embriaguez á anterior, sen lograr calmar a angustia da súa alma. Fixera unha boa sandez, que imbécil, por Deus!

Mentres, camiñaba de arriba a abaixo, buscando argucias, explicacións e xogadas e, de vez en cando, enxaugábase a boca cun bo trago de *fil en dix* para se levantar os ánimos.

E non daba con nada. Nadiña.

Cara a medianoite, o seu can gardián, unha especie de medio lobo que chamaba *Devorador*, comezou a ouvear a morte. O vello Antoine estremeceuse ata a medula e, cada vez que a besta retomaba o seu xemido lúgubre e longo, un arrepío de medo percorría toda a pel do vello.

Caera abatido sobre unha cadeira, as pernas rotas, apampado, sen poder máis, esperando con ansiedade que *Devorador* recomezase o seu lamento e sacudido por todos os sobresaltos cos que o terror fai estremecer os nosos nervios.

No reloxo da planta baixa soaron as cinco. O can non calaba. O campesiño comezaba a tolear. Levantouse para ir desatar a besta, para non a oír máis. Descendeu, abriu a porta, avanzou na noite.

A neve non deixaba de caer. Todo estaba branco. As edificacións da granxa proxectaban grandes manchas negras. O home achegouse á caseta do can. O can tiraba da súa cadea. Soltouno. Entón *Devorador* deu un brinco e, de pronto, detívose en seco, o pelo encrespado, as patas en tensión, os cairos ao vento, o fociño dirixido cara ao estercoiro.

Saint-Antoine, tremente da cabeza aos pés, balbuciu:

- Que tes *logho*, becho *nosento*?- e avanzou uns pasos, espreitando coa mirada a sombra indecisa, a sombra profunda do patio.

Entón viu unha forma, unha forma de home sentado sobre o seu estercoiro!

Observou aquilo paralizado polo horror, resollante. Pero, de pronto, observou ao seu carón o mango da súa forquita cravada na terra; arrancouna do chan e, nun deses arrebatos de medo que volven temerarios os máis covardes, lanzouse cara adiante, para ver.

Era el, o seu prusiano, saído lamaguento do seu leito de porcallada que o requentara reanimándoo. Sentara maquinalmente, e ficaba alí, baixo a neve que lle botaba pos brancos por enriba, manchado de sucidade e de sangue, aínda apampado pola ebriedade, atordado polo golpe, esgotado pola súa ferida.

Divisou a Antoine e, demasiado embrutecido como para comprender algo, fixo un movemento intentando levantarse. Pero o vello, en canto o recoñeceu, botou escuma coma unha besta furiosa.

Balbucía:

- Ah! Porco! Porco! Non morriches! Vas *denunsiarme aghora*. Espera... espera!-

E, abalanzándose sobre o alemán, descargou cara adiante con todo o vigor dos seus dous brazos a súa forquita alzada coma unha lanza, afundindo o mango no peito ata os catro picos de ferro.

O soldado caeu sobre as súas costas emitindo un longo suspiro de morte, mentres que o vello campesiño, retirando a súa arma da ferida, volvía afundila unha e outra vez no ventre, no estómago, na gorxa, golpeando coma un tolo, furando da cabeza aos pés o corpo palpitante do que o sangue escapaba a cachón.

Despois detívose, sen alento pola violencia da súa tarefa, aspirando o aire con profundas expulsións de aire, acalmado polo asasinato consumado.

Entón, como os galos cantaban nos galiñeiros e o día ía despuntar, púxose mans ao carro para sepultar o home.

Cavou un buraco no esterco, topouse coa terra, escavou aínda máis abaixo, traballando dun xeito desordenado nun arrebatado de forza, con movementos furiosos dos brazos e de todo o corpo.

Cando o foxo foi suficientemente profundo, fixo rodar dentro o cadáver, coa forquita; volveu cubriilo coa terra, trepouno durante moito tempo, puxo de novo no seu sitio o esterco e sorriu vendo a espesa neve que completaba o seu traballo e cubría as pegadas co seu manto branco.

Logo volveu cravar a forquita no montón de fertilizante e entrou na súa casa. A súa botella aínda medio chea de augardente quedara sobre unha mesa. Baleirouna dunha sentada, deixouse caer sobre a súa cama e durmiuse profundamente.

Espertou sobrio, co ánimo calmado e disposto, capaz de xulgar o caso e de prever os

acontecementos.

Ao cabo dunha hora, percorría a rexión pedindo por todas partes novidades do seu soldado. Foi verse cos oficiais para saber -iso dicía- por que lle quitaran o seu home.

Como coñecían a súa relación, ninguén sospeitou do granxeiro e el mesmo dirixiu as procuras afirmando que o prusiano ía cada noite a perseguir saias.

Un vello xendarme retirado, que rexentaba unha pousada nunha vila veciña e que tiña unha fermosa filla, foi arrestado e fusilado.

## **A aventura de Walter Schnaffs**

*A Robert Pinchon*

Dende a súa chegada a Francia coa armada invasora, Walter Schnaffs considerábase o máis desgraciado dos homes. Era moi corpulento, camiñaba con grande esforzo, resollaba moito e sufría terriblemente dos pés que tiña moi planos e moi gordos. Era, ademais, pacífico e benevolente, en absoluto magnánimo ou sanguinario, pai de catro nenos os que adoraba e casado cunha moza loura, de quen, cada noite, tiña morriña desesperadamente polos seus agarimos, as súas pequenas atencións e os seus beixos. Amaba levantarse tarde e deitarse cedo, comer lentamente cousas boas e beber cervexa nas tabernas. Pensaba, ademais, que todo iso que é doce na existencia desaparece coa vida e gardaba no corazón un odio espantoso, instintivo e razoado ao mesmo tempo, contra os canóns, os fusís, os revólveres e os sabres, pero sobre todo contra as baionetas, xa que se sentía incapaz de manobrar con suficiente viveza esa arma rápida para defender o seu gran ventre.

E, cando se botaba no chan, ao caer a noite, enrolado no seu abrigo, ao carón dos camaradas que roncaban, pensaba longamente nos seus, deixados alá, e nos perigos espallados no seu camiño: “e se o mataban, que sería dos pequenos? Daquela quen os alimentaría e os educaría? Nese momento non eran ricos, a pesar das débedas que contraera ao partir para lles deixar algo de diñeiro.” E Walter Schnaffs choraba ás veces.

Ao principio das batallas, sentía tal debilidade nas súas pernas que se deixaría caer se non temese que toda a armada pasase sobre o seu corpo. O asubío das balas ourizáballe a peluxe.

Dende había meses vivía así, nese terror e nesa angustia.

A súa unidade do exército avanzaba cara a Normandía e un día foi enviado nun recoñecemento cun feble destacamento que simplemente debía explorar unha parte da rexión e, a continuación, repregarse. Todo parecía en calma na campiña; nada indicaba que houbese unha resistencia preparada.

Agora ben, cando os prusianos descendían con tranquilidade por un pequeno val cortado por profundos barrancos, cando un violento tiroteo os detivo en seco, derribando unha vintena dos seus; e unha tropa de francotiradores, que saíu bruscamente dun pequeno bosque, do tamaño dunha man, lanzouse cara adiante coa baioneta no fusil.

Walter Schnaffs ficou inmóbil nun primeiro momento, tan sorprendido e trastornado que nin sequera pensou en fuxir. Despois, embargouno un tolo desexo de liscar a tiro de escopeta; pero de inmediato pensou que corría coma unha tartaruga en comparación cos delgados franceses que chegaban abalanzándose coma un rabaño de cabras. Entón, divisando a seis pasos diante del un longo foso cheo de maleza e cuberto de follas secas, saltou cos pés xuntos dentro, sen reparar sequera na profundidade, como cando se salta dende unha ponte sobre un río.

Pasou, como faría unha frecha, a través dunha espesa capa de lianas e de afiadas silveiras que lle rasgaron a cara e as mans, e caeu sentado pesadamente sobre un leito de rochas.

Alzando rapidamente os ollos, viu o ceo a través do buraco que fixera. Ese buraco revelador podía denunciálo, polo que se arrastrou con precaución, a gatuñas, cara ao fondo desa rodeira, baixo o teito de ramaxes entrelazadas, indo o máis á présa posíbel, afastándose da zona de combate. Despois detívose e sentou de novo, acazapado coma unha lebre no medio das altas herbas secas.

Escoitou aínda durante algún tempo detonacións, gritos e lamentos. Logo o clamor da loita debilitouse, cesou. Todo se volveu mudo e calmo.

De pronto, algo se moveu en fronte del. Tivo un sobresalto espantoso. Era un paxariño que, ao pousarse nunha póla, axitaba unhas follas secas. Durante ao redor dunha hora, o corazón de Walter Schnaffs latexou con grandes e apresuradas palpitacións.

A noite chegaba, enchendo de sombras o barranco. E o soldado comezou a reflexionar. O que ía facer? O que sería del? Reunirse coa súa unidade?... Pero como? Por onde? Tería que recomezar a horribel vida de angustias, terrores, fatigas e sufrimentos que levaba dende o inicio da guerra! Non! Xa non tiña o valor para volver a iso! Non tiña a enerxía que facía falta para soportar as marchas e afrontar os perigos a cada minuto.

Pero o que facer? Non podía ficar nese barranco e esconderse ata a fin das hostilidades. Non, certamente. Se non tivese que comer, esa perspectiva non lle consternaría demasiado; pero necesitaba comer, comer todos os días.

E atopábase completamente só, coas súas armas, co seu uniforme, no territorio inimigo, lonxe daqueles que o podían defender. Arrepíos percorreron a súa pel.

De pronto pensou: “se me fixesen prisioneiro!” E o seu corazón estremeceuse de desexo, dun desexo violento, desmesurado, de ser prisioneiro dos franceses. Prisioneiro! Estaría a salvo, alimentado, aloxado, ao abeiro das balas e dos sabres, sen ningunha aprehensión, nun bo cárcere ben protexido. Prisioneiro! Que soño!

E inmediatamente tomou esa resolución: “voume converter nun prisioneiro.”

Levantouse, resolto a executar ese proxecto sen agardar un intre. Pero ficou inmóbil, asaltado de pronto por pensamentos aciagos e por novos terrores.

Onde iría para se converter en prisioneiro? Como? Por que lado? E horribéis imaxes, imaxes de morte, precipitáronse na súa alma.

Correría perigos terríbeis aventurándose só, co seu casco de punta, polo campo.

E se atopaba labradores? Eses campesinos, ao ver un prusiano perdido, un prusiano sen defensa, mataríano coma a un can sen fogar! Esnaquizaríano coas súas forquitas, os seus picos, os seus fouciños, as súas pas! Deixaríano moído coma o sal, feito puré, co asaño exacerbadísimo dos vencidos.

Se atopase francotiradores? Eses francotiradores, uns salvaxes sen lei nin disciplina, fusilaríano por diversión, para pasar o tempo, rindo ao veren a súa cara. E xa se vía apoiado contra un muro en fronte de doce canóns de fusís, cuxos pequenos buracos redondos e negros semellarían observalo.

E se atopaba o mesmísimo exército francés? Os homes da vangarda tomaríano por un explorador, por algún ousado e astuto militar que partira só en recoñecemento, e mataríano. E xa escoitaba as detonacións irregulares dos soldados tombados na maleza, mentres que el, de pé no medio dun campo, se derrubaba, furado coma unha viradeira polas balas que sentía penetrar na súa carne.

Volveu sentar, desesperado. Parecíalle que a súa situación non tiña saída.

A noite caera por completo, a noite muda e negra. Xa non se movía, estremeado por todos os rúidos descoñecidos e febles que viñan das tebras. Un coello, que golpeaba coas patas traseiras no bordo dunha tobeira, estivo a piques de facer fuxir a Walter Schnaffs. Os gritos das curuxas esnaquizábanlle a alma, atravesándoo con medos repentinos, dolorosos coma feridas. Estartelaba os seus grandes ollos tentando ver nas sombras e escoitaba continuamente pasos imaxinarios ao seu carón.

Despois de interminábeis horas sufrindo coma un condenado, observou, a través do seu teito de ramaxes, que o ceo comezaba a clarear. Nese momento, un inmenso alivio invadiuno; os seus membros relaxáronse, repentinamente repousados, o seu corazón aplacouse, os seus ollos pecháronse. Durmiuse.

Cando espertou, pareceulle que o sol chegara máis ou menos á metade do ceo; debía ser mediodía. Ningún ruído perturbaba a paz melancólica dos campos e Walter Schnaffs decatouse de que tiña unha fame negra.

Boquexou, facíaseulle auga a boca ao pensar no salchichón, no rico salchichón dos soldados, e doíalle o seu estómago.

Levantouse, deu algúns pasos, sentiu que as súas pernas estaban febles e volveu sentar para reflexionar. Aínda pasou dúas ou tres horas sopesando os pros e os contras, cambiando cada pouco de decisión, atormentado, desgraciado, dividido polas razóns máis contraditorias.

Unha idea pareceulle por fin lóxica e práctica: asexaría ata que pasase un aldeán só, desarmado e sen ferramentas de traballo perigosas, correría ante el e entregariáselle facéndolle comprender que se rendía.

Entón quitouse o casco, cuxa punta podía traizoalo, e sacou a cabeza do seu buraco, con precaucións infinitas.

Ningún ser illado se vía no horizonte. Alá, á dereita, unha vila enviaba ao ceo o fume dos seus tellados, o fume das cociñas! Alá, á esquerda, observou, ao bordo das árbores dunha avenida, un gran castelo flanqueado por pequenas torres.

Esperou desa guisa ata a chegada da noite, sufrindo terriblemente, sen ver nada máis que os voos dos corvos, sen escoitar nada máis que os lamentos xordos das súas entrañas.

E a noite caeu de novo sobre el.

Tombouse no fondo do seu refuxio e durmiuse cun sono febril, acosado polos pesadelos, cun sono de home famento.

O albor alzouse de novo sobre a súa cabeza. Volveu á tarefa de observación. Pero o campo seguía baleiro coma a véspera e un novo temor ía penetrando no ánimo de Walter Schnaffs: o medo a morrer de fame! Víase tombado no fondo do seu buraco, de costas, os ollos pechados. Logo, as bestas, pequenas bestas de todo tipo, achegábanse ao seu cadáver e comezaban a devoralo, atacándoo por todas as partes á vez, meténdose baixo as súas roupas para morder a súa fría pel. E un gran corvo picáballe os ollos co seu peteiro afiado.

Entón comezou a tolear imaxinándose que se ía desmaiar de debilidade e non podería camiñar máis. E cando xa se dispoñía a encamiñarse cara á vila, decidido a atreverse a todo, a enfrontarse a todo, albiscou tres labradores que se dirixían aos campos coas súas forquitas nos ombreiros, e volveu somerxerse no seu agocho.

Pero, en canto a noite escureceu a planicie, saíu lentamente do foxo e comezou a marcha, encurvado, atemorizado, co corazón palpitante, cara ao afastado castelo, xa que prefería entrar nel antes que na vila dado que esta lle parecía espantosa coma unha gorida chea de tigres.

As xanelas da planta baixa brillaban. Unha delas incluso estaba aberta e un forte cheiro a carne asada escapaba dende dentro, un cheiro que penetrou bruscamente no nariz e seguiu ata o fondo do ventre de Walter Schnaffs, o que lle crispou os nervios, fíxolle alasar, atraéndoo irresistiblemente, introducíndolle no corazón unha ousadía desesperada.

E bruscamente, sen reflexionar, apareceu, co seu casco, no marco da xanela.

Oito criados ceaban ao redor dunha gran mesa. Pero, de pronto, unha serva quedou abraiada, deixou caer o seu vaso, fitando cara a el. Todas as miradas seguiron a súa!

Viron o inimigo!

Señor! Os prusianos atacaban o castelo!...

Primeiro foi un grito, só un grito, feito por oito gritos emitidos por oito tons diferentes, un grito de terror horríbel; logo unha desbandada tumultuosa, unha avalancha, unha refrega, unha fuxida salvaxe cara á porta do fondo. As cadeiras caían, os homes derribaban as mulleres e pasaban por enriba delas. En dous segundos a peza estivo baleira, abandonada, coa mesa cuberta de manxares enfronte de Walter Schnaffs, estupefacto, aínda diante da xanela aberta.

Tras uns instantes de indecisión, salotu o muro de apoio e avanzou cara aos pratos. A súa fame exacerbada facíalle tremer coma se tivese febre; pero un terror retíñao, seguíaoparalizando. Escoitou. Toda a casa parecía estremecerse: portas que se pechaban e pasos rápidos correndo no andar superior. O prusiano, inqueda, aguzaba a orella ante eses confusos rumores; logo escoitou ruídos xordos, como se uns corpos fosen lanzados sobre a terra branda, ao pé dos muros, corpos humanos que saltaban dende o primeiro andar.

Despois, todo movemento, toda axitación cesou, e o gran castelo quedou silencioso coma

unha tumba.

Walter Schnaffs sentou ante un prato que quedara intacto e comezou a comer. Comía a grandes bocados, como se tivese medo de ser interrompido antes de tempo, de non poder engulir o suficiente. Coas dúas mans introducíase anacos na boca aberta coma un zapón; e moreas de comida ían ateigando o seu estómago, inchando a súa gorxa ao pasaren. Ás veces interrompíase, a piques de rebentar como se fose unha tubaxe demasiado chea. Entón collía a xerra de sidra e despexábase o esófago como cando se desbloquea un conduto atascado.

Baleirou todos os pratos, todas as fontes e todas as botellas; logo, ebrio polo líquido e pola comida, embrutecido, encarnado, sacudido polo impo, o ánimo turbado e a boca graxenta, desabotoou o seu uniforme para respirar, incapaz de dar sequera un paso. Os seus ollos pechábanse, os seus pensamentos aletargábanse; pousou a súa pesada fronte nos seus brazos cruzados sobre a mesa, e perdeu lentamente a noción das cousas e dos feitos.

O cuarto crecente da lúa iluminaba vagamente o horizonte por enriba das árbores do parque. Era a fría hora que precede o día.

Unhas sombras desprazándose subrepticamente entre as matogueiras, numerosas e mudas e, ás veces, un raio de lúa facía relucir nas sombras unha punta de aceiro.

O tranquilo castelo alzaba a súa gran silueta negra. Dúas fiestras solitarias brillaban aínda na planta baixa.

De pronto, unha voz atronadora berrou:

- Adiante! Por Deus! Ao asalto, meus valentes!-

Entón, nun instante, as portas, as contraventás e os cristais afundíronse baixo unha avalancha de homes que se lanzou, rompendo e rebentando todo, invadindo a casa. Nun suspiro, cincuenta soldados armados ata os dentes abalanzáronse dentro da cociña onde repousaba pacificamente Walter Schnaffs, e apuntáronlle no peito cincuenta fusís cargados, abatérono, derrubárono, prendérono e atárono dos pés á cabeza.

El folguexaba polo asombro, demasiado atordado para comprender, golpeado, mallado polas culatas e louco de terror.

E de pronto, un militar gordo e engalanado de ouro púxolle o pé sobre o ventre vociferando:

- Vostede é o meu prisioneiro, réndase!-

O prusiano só entendeu a palabra “prisioneiro”, e xemeu: “ja, ja, ja”.

Foi levantado, atado a unha cadeira, e examinado con viva curiosidade polos seus vencedores que resollaban coma baleas. Moitos sentaron, ao non soportar máis a emoción e a fatiga. El sorría, agora sorría, seguro de ser finalmente prisioneiro!

Outro oficial entrou e pronunciou:

- Meu coronel: os inimigos fuxiron; parece que algúns foron feridos. Dominamos todo o terreo.-

O gordo militar, que se secaba a fronte, vociferou:

- Vitoria!-

E escribiu nunha axendiña mercantil que sacou do seu peto:

“Despois dunha loita encarnizada, os prusianos víronse obrigados a se bater en retirada, levando con eles os seus mortos e os seus feridos, que foron estimados en cincuenta homes fóra de combate. Moitos quedaron nas nosas mans.”

O oficial máis novo continuou:

- Que disposicións debo seguir, coronel?-

O coronel respondeu:

- Imos repregarnos para evitar unha ofensiva da artillería e das forzas superiores.-

E deu a orde de marchar.

A columna formouse nas sombras, baixo os muros do castelo, e púxose en movemento, rodeando por todas partes a Walter Schnaffs que ía amarrado, vixiado por seis guerreiros co revólver na man.



Forn enviados uns soldados de recoñecemento para iluminar o camiño. Avanzaban con prudencia, facendo un alto cada tanto tempo.

Ao abrente, arribaron á subprefectura da Roche-Oysel, cuxa garda nacional consumara ese feito de armas.

A poboación, ansiosa e sobreexcitada, esperaba. Cando observaron o casco do prisioneiro, clamores formidábeis estalaron. As mulleres levantaban os brazos; algunhas vellas choraban; un ancián lanzou a súa muleta ao prusiano e feriu o nariz dun dos seus gardiáns.

O coronel berraba:

- Velen pola seguridade do prisioneiro!-

Por fin chegaron á casa do concello. Abriron a prisión e Walter Schnaffs foi guindado dentro, libre de ataduras.

Douscentos homes armados montaron garda ao redor do edificio.

Entón, a pesar dos síntomas de indigestión que o atormentaban dende había algún tempo, o prusiano, tolo de alegría, comezou a bailar, a bailar tolo de alegría, levantando os brazos e as pernas, a bailar lanzando gargalladas frenéticas, ata que caeu, esgotado, ao pé dun muro.

Estaba prisioneiro! Salvado!

Foi así como o castelo de Champignet foi recuperado do inimigo despois de unicamente seis horas de ocupación.

O coronel Ratier, vendedor de panos, quen conduciu con éxito este asunto ao mando da garda nacional da Roche-Oysel, foi condecorado.

FIN